




# Marco estratéxico e Plan de Acción da Axenda Urbana de Carballo



# Índice

---

<b>01. INTRODUCCIÓN</b>	<b>04</b>
<hr/>	
<b>02. MARCO ESTRATÉGICO</b>	<b>08</b>
<hr/>	
• <b>OBXECTIVO 1: Mellorar as condicións do espazo urbano e da contorna natural de Carballo</b>	<b>14</b>
• 1.1.Posta en valor dos espazos naturais de Carballo	16
• 1.2.Mellora do espazo urbano e contorna construída da vila de Carballo	17
• <b>OBXECTIVO 2: Fortalecer as relacións do Concello coa cidadanía</b>	<b>18</b>
• 2.1.Mellora da comunicación coa cidadanía	20
• <b>OBXECTIVO 3: Mellorar a calidade de vida no rural</b>	<b>22</b>
• 3.1.Fortalecemento das relacións persoais no rural	24
• 3.2.Mellora das estruturas e infraestruturas do rural	25

• <b>OBXECTIVO 4: Reducir a pegada ecolóxica do municipio de Carballo</b>	26
• 4.1.Redución da contaminación	28
• 4.2.Redución do consumo eléctrico e de auga	29
• <b>OBXECTIVO 5: Mellorar a mobilidade de Carballo</b>	30
• 5.1.Mobilidade intermunicipal	32
• 5.2.Mobilidade interna ao municipio	33
• <b>OBXECTIVO 6: Aumentar o potencial económico do municipio</b>	34
• 6.1.Mellora da infraestrutura de Carballo asociada ao sector industrial	36
• 6.2.Fomento e posta en valor do comercio e o emprendemento na vila	37
• 6.3. Fomento doutras potencialidades económicas existentes en Carballo	38
• 6.3.Planificación e posta en valor do turismo como palanca económica	39
• <b>OBXECTIVO 7: Reducir as fendas sociais existentes no termo municipal</b>	40
• 7.1.Redución das desigualdades entre a veciñanza	42
• 7.2.Fomento de actividades para a mocidade	43

---

### 03. PLAN DE ACCIÓN

44

---

# Introducción

## Marco da Axenda Urbana Española

A liña de desenvolvemento das políticas públicas dende o **marco estratéxico internacional**, en particular da **Axenda Urbana**, implica un **compromiso global coa sostibilidade, o desenvolvemento inclusivo e a mellora da calidade de vida nas cidades**.

A **Axenda Urbana Española** é un documento estratéxico que responde aos **compromisos internacionais asumidos polos Gobernos nacionais**. En concreto está vinculada, nun primeiro nivel, á **Axenda 2030, un plan de**

**acción global** adoptado polos 193 estados membros das **Nacións Unidas** cuxo obxectivo principal é promover o desenvolvemento sostible a través dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**. En concreto, O **ODS 11** está centrado nas **cidades e comunidades sostibles**.

A **Unión Europea** tamén estableceu a súa propia **Axenda Urbana** no ano 2016 para abordar os retos específicos das cidades europeas. Coa súa visión integradora, busca garantir que as cidades sexan lugares atractivos,

sostibles e inclusivos. A **Axenda Urbana de Nacións Unidas**, tamén presentada no ano 2016 e coñecida como "**Cidade para Todos**", reflicte os compromisos internacionais para crear cidades inclusivas, seguras e resilientes. Estes documentos proporcionan **marcos estratéxicos para guiar as políticas urbanas**, promovendo a **cohesión territorial, a eficiencia no uso de recursos, a inclusión social e a mellora da calidade de vida nas cidades**.

A **Axenda Urbana Española**, iniciativa do Ministerio de





Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, é a **translación de todo este compromiso internacional á realidade local**, adaptando os principios globais ás necesidades específicas de España, empregándose como política palanca para alcanzar a Axenda 2030 no territorio español. Este documento establece **obxectivos e liñas de actuación** para mellorar a xestión urbana e promover cidades máis habitables, impactando sobre un total de 90 das 169 metas dos ODS (das que 92 son relevantes

para os gobernos locais).

A Axenda Urbana Española procura orientar o desenvolvemento das cidades e territorios de España cara á **consecución de obxectivos de sostibilidade, resiliencia, equidade e calidade de vida**. A súa creación responde á necesidade de abordar os **desafíos urbanos actuais e futuros**, promovendo un **enfoque integrado e colaborativo** entre os distintos niveis de goberno, a sociedade civil, o sector privado e a comunidade académica.

Os **obxectivos estratéxicos** da Axenda Urbana Española son dez e abarcan ámbitos diversos e diferentes áreas clave para o desenvolvemento urbano sostible. Entre estes obxectivos destaca a promoción dun modelo de **mobilidade máis sostible**, a **mellora da eficiencia enerxética** no ámbito urbano, a **conservación e posta en valor dos espazos naturais**, e a **promoción dun desenvolvemento económico equitativo e integrador**.

Neste contexto, os **Plans Estratéxicos de Acción Locais (PEAL) ou Axendas Urbanas Locais** son os Plans de Acción da Axenda Urbana Española, o último elo nesta cadea de planificación estratéxica internacional, xogando un papel vital na construción de cidades máis sostibles, inclusivas e resilientes.

# Axenda Urbana de Carballo

A Axenda Urbana de Carballo representa un **ambicioso compromiso municipal orientado a transformar a cidade nun espazo máis sostible, inclusivo e resiliente**, aliñándose coas directrices da **Axenda Urbana Española** e as iniciativas impulsadas pola **Unión Europea**. Nace como resposta ás demandas cidadás, a necesidade de abordar os retos ambientais e sociais e ao compromiso co desenvolvemento sostible.

A **Axenda Urbana de Carballo**, nun primeiro proceso de **diagnose**, elabora unha análise do estado actual do municipio en torno aos dez ámbitos temáticos marcados pola Axenda Urbana Española. En base a esta análise **identifícanse unha serie de retos** por cada un destes ámbitos temáticos e, unha vez iniciado o proceso de creación do Marco Estratéxico, identifícanse os **principais obxectivos da**

**Axenda Urbana de Carballo** e as liñas de actuación que marcarán o camiño a seguir para alcanzar cada un destes grandes obxectivos.

A Axenda Urbana de Carballo tamén está estreitamente vinculada á **Axenda 2030 das Nacións Unidas** e aos **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** que buscan abordar desafíos globais e mellorar a vida das persoas en todo o mundo. A través das súas accións e liñas de actuación, a Axenda Urbana de Carballo **contribúe directamente á consecución destes ODS** (resaltando a aportación en cada unha das accións do Plan de Acción aos diferentes ODS), axudando a avanzar cara a un futuro máis **sostible, equitativo e inclusivo**.

A **participación activa da comunidade local** na elaboración da Axenda Urbana de Carballo tamén reflicte o compromiso co principio

de **"non deixar a ninguén atrás"** establecido na **Axenda 2030**. Ao involucrar á cidadanía e axentes locais no proceso de planificación, a Axenda Urbana de Carballo procura garantir que as solucións propostas sexan inclusivas e atendan ás necesidades específicas de todos os sectores da poboación.

Este **enfoque integrador** e aliñado coa política europea fai que a Axenda Urbana de Carballo se inxira nun contexto máis amplo, beneficiándose das sinerxias entre os diferentes niveis de gobernanza e **contribuíndo ao logro dos obxectivos globais**.





# Proceso participativo

A Axenda Urbana de Carballo é un instrumento estratéxico que implica a **colaboración e a participación activa de diversos axentes, transcende as fronteiras municipais** e require a implicación de múltiples partes interesadas. Este documento representará un **esfuerzo colaborativo** que involucrará non só ao Concello de Carballo, senón tamén a **outros niveis de goberno como a Deputación, Xunta e Estado**. Ademais, require a **participación activa de entidades** sociais, ambientais, empresariais, económicas, deportivas, culturais e outros axentes relevantes no tecido comunitario.

Esta Axenda Urbana é unha iniciativa que busca construír un futuro sostible para Carballo, e isto só é posible cun **enfoque integrador e colectivo**. A **cooperación entre diferentes ámbitos e sectores da sociedade** é esencial para abordar

os retos urbanos, promover o desenvolvemento sostible e mellorar a calidade de vida da comunidade. Nesta liña, a **participación e o compromiso de todos estes axentes** son fundamentais para levar a cabo as accións planificadas e acadar os obxectivos propostos.

A importancia desta Axenda Local radica na súa **capacidade para articular accións conxuntas** no territorio cos diferentes axentes sociais, económicos e medioambientais. Este compromiso non só aborda as cuestións clave identificadas polo Concello, senón que tamén reflicte a **capacidade e aspiracións da comunidade local**.

Por este motivo o **proceso de participación** desempeñou un papel crucial na elaboración da Axenda Urbana de Carballo, proporcionando un marco inclusivo e colaborativo para identificar os obxectivos e

accións prioritarias para cada un dos sectores. A través de diversos **actos de participación**, o Concello de Carballo buscou involucrar activamente a comunidade local a través das **entidades e asociacións sectoriais** para recoller unha visión completa e



diversa que reflicta as diferentes perspectivas e inxerencias presentes no territorio. As sesións foron convocadas nas seguintes datas:

- **Mércores 20 de setembro:**
  - Reunión co grupo de goberno do Concello.
- **Luns 20 de novembro:**
  - Entidades medioambientais.
  - Entidades e asociacións de carácter veciñal, cultural e as ANPAS do municipio.
  - Entidades e asociacións de carácter social.
- **Xoves 23 de novembro:**
  - Entidades e asociacións deportivas.
  - Entidades e asociacións de carácter económico.
- **Martes 19 de decembro:**
  - Reunión cos xefes de servizo do Concello.
  - Reunión coa oposición.

Estas xornadas de participación, realizadas en diferentes datas e

dirixidas a distintos sectores da comunidade, foron deseñadas para **facilitar o diálogo e a interacción directa entre as entidades e asociacións agrupadas de maneira sectorial**. O obxectivo era, non só **contrastar os desafíos** identificados nunha primeira diagnose, senón tamén coñecer a fondo as **necesidades, aspiracións e accións máis prioritarias** que cada grupo tiña planificado ou estaba a desenvolver no seu ámbito de actuación.

O intercambio de ideas e a **posta en común** das aportacións destes grupos contribuíron a **consolidar unha visión compartida** e a identificar posibles solucións colaborativas.

As **reunións co grupo de goberno**, cos **xefes de servizo do Concello** e coa **oposición** ao goberno subliñou o **compromiso do proceso participativo a todos os niveis** da administración local. Estas reunións proporcionaron un espazo para

**compartir información** coa xestión municipal e para **garantir que as voces de todos os sectores da sociedade estivesen representadas e escoitadas** no proceso de elaboración da Axenda Urbana.

En resumo, o enfoque participativo adoptado nestas xornadas e reunións non só subliñou a **importancia da colaboración**, senón que tamén **fortaleceu a calidade e relevancia das accións propostas** na Axenda Urbana de Carballo, asegurando que as solucións propostas respondan de maneira efectiva ás **necesidades reais da comunidade local**.

Unha vez levada a cabo esta fase de participación completa elaborouse o documento do Marco Estratéxico e o Plan de Acción da Axenda Urbana de Carballo e nela se resalta que Carballo, como moitas outras cidades, enfrenta **desafíos urbanos complexos**, dende a **mellora da calidade de vida no rural** ata a **redución das fendas**

**sociais e a pegada ecolóxica**. A Axenda Urbana de Carballo procura abordar estes retos de fronte, proporcionando un **marco estratéxico que guíe as accións municipais nunha dirección colectivamente acordada**.

En termos xerais, a Axenda Urbana de Carballo busca reflectir unha comprensión clara dos obxectivos urbanos prioritarios, agrupados en **sete ámbitos principais**: a **mellora do espazo urbano e da contorna natural**, o **fortalecemento das relacións coa cidadanía**, a **mellora da calidade de vida no rural**, a **redución da pegada ecolóxica**, a **mellora da mobilidade**, o **aumento do potencial económico** e a **redución das fendas sociais existentes**.

A Axenda Urbana de Carballo emerge como un documento **consensuado e adaptado á realidade local**, que non só incorpora os principios máis amplos da Axenda Urbana Española

e Europea, senón que tamén **define un rumbo claro e específico para o desenvolvemento urbano en Carballo**. A súa natureza, orientada a abordar múltiples dimensións urbanas, demostra o **compromiso da cidade coa construción dun futuro máis sostible e inclusivo para a súa veciñanza**.





# Marco estratéxico

O **Marco Estratéxico** da Axenda Urbana de Carballo é o conxunto de **directrices, obxectivos e principios que guían o desenvolvemento urbano** no ámbito local de Carballo. Este marco une a **visión**, os **retos** e as **prioridades** para **orientar a planificación e as accións** encamiñadas a facer da vila un espazo máis **sostible, inclusivo e resiliente**.

O proceso de elaboración do **marco estratéxico da Axenda Urbana de Carballo** foi unha **iniciativa integral** que se levou a cabo despois dunha profunda **diagnose do territorio**. Inicialmente, procedeuse

á **identificación e análise dos retos** do municipio nese primeiro documento de **diagnose da Axenda Urbana de Carballo**. Este documento proporcionou unha **visión detallada das características e situacións específicas de Carballo**, servindo como base sólida para a formulación da Axenda Urbana.

A continuación levouse a cabo a relación dos 10 obxectivos estratéxicos da Axenda Urbana Española (AUE) e os retos identificados en Carballo para cada un deles, cos **principais obxectivos do municipio** abarcando todas as dimensións consideradas na Axenda Urbana Española e

**adaptándoas á realidade local a través do diálogo cos diferentes axentes do territorio.**

Definíronse, en total, **sete obxectivos principais** que organizan a Axenda Urbana de Carballo:

1. **Mellorar as condicións do espazo urbano e da contorna natural de Carballo**
2. **Fortalecer as relacións do Concello coa cidadanía.**
3. **Mellorar a calidade de vida no rural**
4. **Reducir a pegada ecolóxica do municipio de Carballo**

5. **Mellorar a mobilidade de Carballo**

6. **Aumentar o potencial económico do municipio**

7. **Reducir as fendas sociais existentes no termo municipal**

Posteriormente, elaboráronse as **liñas de actuación dentro de cada obxectivo**, abordando as necesidades específicas do municipio. Estas liñas de actuación se organizan en **tres grandes grupos** en función do seu ámbito de actuación, diferenciando **liñas de ámbito territorial**, cando sobrepasan os límites do territoriais do Concello, **liñas de ámbito municipal**



e que, polo tanto se adscriben ao territorio municipal e interveñen ao longo de todo o municipio e **liñas de ámbito zonal**, sendo estas aquelas que teñen incidencia en puntos concretos do territorio.

Cada unha destas liñas ten unha contribución directa aos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** de Nacións Unidas e a un ou varios **Obxectivos Estratéxicos da Axenda Urbana Española**.

Estas liñas de actuación conteñen, á súa vez as **accións concretas** que se propoñen para avanzar cara aos obxectivos estratéxicos definidos, ofrecendo **solucións prácticas e enfocadas no contexto local**. Estas accións se definen en tres grupos: **proxectos, programas e políticas**.

Dentro deste marco estratéxico destácanse os principios de **economía circular, economía de proximidade e transición dixital** como pilares fundamentais e eixos transversais a toda a estratexia. Cada un destes elementos xoga un papel específico na **promoción dun crecemento equitativo**, na **conservación dos recursos** e na **mellora da calidade de vida da comunidade local**.

A **economía circular** na Axenda Urbana de Carballo implica a transformación do sistema económico tradicional lineal, no cal se produce, usa e descarta, nun modelo no que se promove a **reutilización, a reparación e a reciclaxe**. O obxectivo é reducir os residuos e maximizar a eficiencia no uso dos recursos. Proxectos como o **fomento da creación de iniciativas empresariais baseadas no ecodeseño** e no emprego de materias primas recicladas e reciclables e a súa liña de acción destinada a

**Redución da contaminación** (liña 4.1.) ligan cos principios de economía circular, **promovendo prácticas sustentables e conscientes do medio ambiente**.

A **economía de proximidade** busca impulsar a produción e o consumo local, **reducindo as distancias entre produtores e consumidores**. Neste contexto, iniciativas como a **dinamización do mercado local** ou as **axudas á dixitalización dos comercios locais** reflicten o compromiso coa economía de proximidade dentro dunha liña de actuación propia de **Fomento e posta en valor do comercio e o emprendemento na vila**. Estas accións non só **contribúen ao desenvolvemento económico do municipio**, senón que tamén **fortalecen a comunidade e promoven a sostibilidade** ao reducir as emisións relacionadas co transporte de mercadorías.

A **transición dixital**, por outro lado, implica a integración da tecnoloxía para mellorar a calidade de vida, a eficiencia e a **conectividade** na comunidade. Proxectos como a **dixitalización da administración local** e a páxina web do Concello buscan **mellorar a comunicación coa cidadanía**, ofrecendo servizos máis accesibles e transparentes. A tecnoloxía tamén xoga un papel importante na **planificación do turismo**, coa **dixitalización da sinalética e a información turística**, contribuíndo á mellora da experiencia do visitante e ao impulso económico a través do sector turístico.


En conxunto, a integración destes tres elementos na Axenda Urbana de Carballo non só contribúe á **sostibilidade medioambiental e económica**, senón que tamén


promove unha **comunidade máis resiliente, conectada e inclusiva**. A **economía circular, a economía de proximidade e a transición dixital son pezas clave para construír un futuro máis sostible e dinámico para o municipio**.

Todo este proceso de elaboración da Axenda Urbana de Carballo, cimentado na **participación cidadá** e na **colaboración con axentes locais**, procura garantir que esta Axenda Urbana sexa unha **ferramenta eficaz** que promova


así un **desenvolvemento urbano sostible e integrador** da man dos diferentes **axentes** que, a día de hoxe, configuran o territorio de maneira conxunta.


A Axenda Urbana de Carballo, así configurada, non só se alía coa visión global de **desenvolvemento sostible**, como reflectido nos ODS, senón que tamén incorpora este **enfoque local adaptado ás características, necesidades e potencialidades específicas do territorio**.
















# Obxectivo 1

## Mellorar as condicións do espazo urbano e da contorna natural de Carballo

Este obxectivo busca **transformar e enriquecer tanto a contorna natural como o espazo urbano de Carballo**, promovendo o equilibrio e a sostibilidade. Para lograr este propósito, establecemos dúas liñas de actuación que comprenden diversas accións coordinadas:

### 1.1. Posta en valor dos espazos naturais de Carballo:

A primeira liña de actuación está orientada a **realzar os valores e a biodiversidade dos espazos naturais** do Concello. Inclúe a creación dun **catálogo de patrimonio natural**, identificando e destacando os elementos "verde e azul" que requiren especial atención e conservación. Ademais, contempla a execución dun **Plan Especial para a creación dun parque urbano no entorno do río Anllóns**, aproveitando o medio natural e proporcionando un espazo de fecer sostible e integrador. O desenvolvemento dos **Plans Especiais de Razo-Arnados e Pedra do Sal**

tamén se insire nesta liña de actuación, buscando preservar e potenciar as áreas de interese natural. Complementando estas accións, propónse o **deseño dunha estratexia de infraestrutura verde**, abordando accións que promovan a sostibilidade e a mellora da calidade ambiental. Para fomentar a conexión co medio ambiente e a concienciación ambiental, propónse tamén un **programa de actividades destinado á dinamización dos espazos naturais**, enfocado especialmente en involucrar aos escolares na protección e conservación do medio ambiente.

### 1.2. Mellora do espazo urbano e contorna construída da vila de Carballo:

A segunda liña de actuación ten como obxectivo a **mellora e revitalización do espazo urbano central da vila de Carballo**. Inclúe a realización dunha análise dos espazos vacantes na trama urbana para a **creación de hortas urbanas e pequenos**

**espazos públicos**, promovendo o uso sostible dos recursos e fomentando a participación cidadá. O deseño dun plan para o fomento da **rehabilitación das vivendas baleiras** busca dinamizar o alugueiro e revitalizar o tecido urbano, mentres que as accións para a **mellora do espazo público existente e a creación de novas infraestruturas**

**culturais e deportivas** buscan enriquecer a calidade de vida da comunidade.



Estas medidas contribúen ao **desenvolvemento integral e sostible do espazo urbano**, promovendo a **interacción social, a cultura e o deporte**.







Tipos de accións:



# 1.1.

## Posta en valor dos espazos naturais de Carballo

### ACCIÓNNS



#### Acción 1.1.1

Creación dun catálogo de patrimonio natural (verde e azul) do Concello para a posta en valor destes puntos e conseguindo mantemento ou recuperación nos casos necesarios.



#### Acción 1.1.2

Elaboración do Plan Especial para a creación un parque urbano na entorno do río Arilhões ao seu paso polo núcleo urbano.



#### Acción 1.1.3

Desenvolvemento do Plan Especial de Amados-Ríos.



#### Acción 1.1.4

Desenvolvemento do Plan Especial de Podas do Sal.



#### Acción 1.1.5

Desaño dunha estratexia de infraestrutura verde e desenvolvemento das accións reflectadas na mesma.



#### Acción 1.1.6

Desaño dun programa de actividades para a dinamización dos espazos naturais do municipio e a concienciación dos escolares en torno á protección do medio ambiente.

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación ten como obxectivo central **preservar e resaltar os recursos naturais do concello**. A través de diversas accións, buscábase tanto a **conservación dos espazos verdes e azuis** como o **desenvolvemento de plans especiais** e programas que promovan a **integración responsable da comunidade co seu entorno natural**. O propósito é non só protexer e manter os patrimonios natural e paisaxístico, senón tamén concienciar e envolver a poboación na apreciación e coidado destes espazos.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS




### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



### Usos do solo

- Bosques de frondosas
- Bosques de coníferas
- Bosque mixto





# 1.2.

## Mellora do espazo urbano e contorna construída da vila de Carballo

Ámbito de actuación: Zonal

Esta liña de actuación busca a **optimización e revitalización do ambiente urbano na vila**. A través de diversas accións, como a **creación de hortas urbanas**, a **reactivación de vivendas baleiras** e **melloras nas instalacións culturais, deportivas e de espazos públicos**, o obxectivo é **potenciar a vitalidade e atractivo do núcleo urbano**. O plan tamén inclúe obras de restauración para

**eleva as condicións do espazo público existente**, contribuíndo ao **desenvolvemento sostible** e á **mellora da calidade de vida da comunidade**.

### ACCIÓNS



#### Acción 1.2.1.

Realización dunha análise dos espazos vacantes na trama urbana de Carballo e a execución das obras para a creación de hortas urbanas e pequenos espazos públicos.



#### Acción 1.2.2.

Deseño dun plan para o fomento da rehabilitación das vivendas baleiras na vila central para dinamización do aluguer.



#### Acción 1.2.3.

Emprendemento de plans de mellora das condicións do espazo público existente mediante obras de restauración.



#### Acción 1.2.4.

Mellora das instalacións culturais actuais e creación de novas infraestruturas.



#### Acción 1.2.5.

Mellora das infraestruturas deportivas existentes e creación de novas infraestruturas no municipio.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS




### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



PROXERO DE CUBA



VIVENDA



# Obxectivo 2

## Fortalecer a gobernanza de Carballo



Este obxectivo é fundamental para **consolidar unha relación máis estreita e colaborativa entre o Concello de Carballo e a súa cidadanía**, orientándose cara unha administración máis moderna e transparente. A liña de actuación "**Mellora da comunicación coa cidadanía**" aborda diversas accións para lograr este obxectivo.

No ámbito da **dixitalización da administración local e a páxina web do Concello**, o proxecto proposto ten como obxectivo central **incorporar as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) para modernizar os servizos públicos**. A dixitalización permitirá a realización de trámites de maneira telemática, axilizando os procesos administrativos e axilizando a interacción cidadá coa administración. Ademais, a transparencia veráse reforzada ao **facilitar o acceso á información relevante e a documentos oficiais de forma electrónica**, contribuíndo así á

rendición de contas e á **participación activa da cidadanía**.

No segundo eixo, a **elaboración dun plan de comunicación sobre a Axenda Urbana de Carballo**, busca achegar á cidadanía aos proxectos e actividades contempladas na Axenda Urbana. A través deste proxecto, perseguimos **informar de maneira clara e accesible** sobre os obxectivos, avances e resultados previstos, promovendo a comprensión e implicación da poboación nestas iniciativas urbanísticas. A **comunicación efectiva** constitúe un pilar esencial para consolidar unha **relación máis transparente e colaborativa entre a administración local e a comunidade**, permitindo ás persoas sentirse parte activa e informada do desenvolvemento da súa contorna.

En síntese, estas accións non só impulsan a **modernización administrativa**, senón que tamén **fomentan unha cultura de transparencia e**

**participación**, potenciando así a relación entre o Concello e a súa cidadanía como un esforzo conxunto cara ao progreso e mellora da calidade de vida en Carballo.





## OBJETIVO 2

Fortalecer a gobernanza de Carballo

Tipos de accións:



Políticas



Proxectos



Programas

### 1.2.1. Meiorada comunicación coa cidadanía






# 2.1.

## Mellora da comunicación coa cidadanía

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación está orientada a **fortalecer os vínculos entre o Concello de Carballo e a súa comunidade**, promovendo unha **comunicación máis eficiente e transparente**. A través da **dixitalización da administración local** e a implementación de trámites telemáticos, buscase **facilitar o acceso da cidadanía aos servizos municipais** de forma áxil e eficaz. O plan de comunicación sobre a Axenda Urbana ten como obxectivo **asegurar que os habitantes de Carballo teñan coñecemento das diversas actividades incluídas no Plan de Acción**, fomentando así a **participación e a implicación da comunidade** nas iniciativas do Concello.



Núcleos de poboación por cantidade de poboación

### ACCIÓNS



#### Acción 2.1.1.

Emprendemento de accións para a dixitalización da administración local e a páxina web do Concello, mellorando a transparencia e aumentando tamén o número de trámites que se poden realizar de maneira telemática.



#### Acción 2.1.2.

Elaboración dun plan de comunicación sobre a Axenda Urbana de Carballo que asegure o coñecemento, por parte da poboación de Carballo, das actividades incluídas no Plan de Acción.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBTXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



MUNICIPIO



PARTICIPACIÓN E GOBERNANZA

Índice DYNTRA de transparencia do Concello	
Se publican os horarios e prezos dos establecementos culturais e deportivos municipais abertos ao público.	Si
Poden os interesados seguir online o estado de tramitación e as incidencias do procedemento administrativo que plantexaron.	Si
Pódese ver o mapa da propia web do concello.	Si
Infórmase na web sobre a situación e cortes no tráfico, e/ou incidencias nos servizos municipais.	Si
Recóllese na web información actualizada sobre a situación medioambiental (contaminación do aire e acústica) no municipio.	Non
Contéplase na web un espazo reservado para as diferentes asociacións de veciños/as do municipio.	Si
Existen foros de discusión na web municipal.	Non
Publicase a web en inglés.	Non
Existe un módulo na web institucional que permita a accesibilidade universal á información publicada.	Si
Se atopa a información de transparencia de forma estruturada dentro da web institucional ou portal de transparencia.	Si
Está indexada toda a información de transparencia dentro da web institucional ou portal de transparencia.	Si
Está aprobado e se publica o Plan Estratégico (o Mapa Estratégico) municipal.	Non
Existe e se publica un Regulamento de Participación Cidadá.	Si
Existen e se informa sobre os Consellos Municipais de participación cidadá.	Si
Infórmase sobre a composición e o funcionamento das Xuntas Municipais de Distrito ou dos Barrios do municipio ( <i>Consellos parroquiais no caso de Carballo</i> ).	Si
Existen canles de participación cidadá nos temas estratéxicos (Fotos cidade, Consellos sociais de Urbanismo, Mesas cidadás para plans estratéxicos ou de cidade,...).	Si
Posibilitanse as suxerencias e a participación cidadá na elaboración dos presupostos municipais.	Non
Existe e se informa sobre unha/s Carta/s de Servizos municipais, e do grao de cumprimento dos compromisos establecidos nas mesmas.	Non
Existe unha oficina de atención cidadá.	Non
Existe unha oficina online de atención cidadá.	Si
Existen mecanismos de regulamentación colaborativa (e-rulemaking).	Non
Existe unha concellería de goberno aberto, novas tecnoloxías e participación cidadá.	Si
Existe un buzón do Alcalde/a.	Si
Existe un buzón de queixas e reclamacións.	Si
Existe unha ferramenta de comunicación e incidencias municipais (danos, reparacións, etc.)	Si
Publicanse os informes correspondentes á resolución de incidencias a través desta ferramenta.	Si
Existe algunha ferramenta ou formulario online que permita solicitar información pública á cidadanía.	Si
Publicase un informe estatístico periódico (polo menos anual) sobre estas peticións, especificando polo menos o número total e porcentaxe de resoltas, estimadas, desestimadas e inadmitidas.	Non
Existe unha ferramenta ou formulario que permita á cidadanía realizar propostas ou peticións aos órganos de goberno do concello.	Si
Publicanse estas propostas para a súa deliberación pública.	Non
Existe e está claramente identificado un órgano ou departamento ad hoc competente encargado de tramitar e realizar o seguimento das solicitudes de acceso á información.	Non
Existe unha Unidade de Transparencia e se indican as súas funcións, o responsable da unidade e os datos de contacto da mesma.	Non
Publicase información relativa á Rendición de Contas a través dalgunha ferramenta, ou visor, que permita á cidadanía coñecer o grao de cumprimento dos compromisos electorais e/ou de goberno durante a lexislatura.	Non



# Obxectivo 3

## Mellorar a calidade de vida no rural

Este obxectivo centraliza esforzos para **impulsar a mellora da calidade de vida nas zonas rurais de Carballo**, recoñecendo a súa importancia e **contribución ao desenvolvemento local**. Para alcanzar este propósito, divídese en dúas liñas de actuación con accións específicas.

### 3.1. Fortalecemento das relacións persoais no rural

A acción "**Creación dun sistema de intercambio de coñecementos e habilidades**" busca promover a cooperación e intercambio entre a veciñanza do rural, potenciando a creación dunha rede solidaria na que as habilidades e coñecementos se comparten para beneficio mutuo. Este proxecto contribuirá ao **fortalecemento dos lazos comunitarios** e ao **aproveitamento dos recursos locais** para un desenvolvemento sostible.

No eido do "**Deseño dun programa de actividades culturais, lúdicas e deportivas**", propónse impulsar

un programa que promova o **envellecemento activo nas parroquias** a través de actividades interxeracionais. Este programa non só fomentará o exercicio físico e a saúde, senón tamén a interacción social e o sentido de pertenza, consolidando así unha **comunidade activa e dinámica**.

### 3.2. Mellora das estruturas e infraestruturas do rural

Esta liña de actuación busca **dotar ao rural de infraestruturas e servizos** que melloren a calidade de vida das súas comunidades. A través da "**Creación dun plan para dotar a todas as vivendas rurais da infraestrutura necesaria para unha boa conexión a Internet**", preténdese **eliminar a brecha dixital**, garantindo que toda a veciñanza teña acceso a servizos en liña, educación e oportunidades de traballo.

Co "**Programa para a difusión das posibilidades de emprendemento no rural**", busca **destacar e fomentar as oportunidades no sector primario**,

promovendo o **emprendemento** e fortalecendo a economía local. Ademais, a "**Creación dun banco de terras municipal**" pretende **revitalizar terras actualmente en desuso**, promovendo iniciativas agrícolas e gandeiros locais.

En resumo, estas accións buscan non só **consolidar as comunidades rurais** como lugares atractivos para vivir, senón tamén potenciar as súas **potencialidades económicas e sociais**, contribuíndo ao desenvolvemento integral do rural en Carballo.







Tipos de accións:



**L.2.1. Fortalecemento das relacións persoais no rural**

- Acción 3.1.1.**  
 Creación dun sistema de intercambio de coñecementos e habilidades entre a comunidade do rural.
- Acción 3.1.2.**  
 Desenvolvemento de programas de actividades culturais, físicas e deportivas que fomenten o envellecemento activo por períodos a través de actividades interxeracionais de mutuo apoio e intercambio de aprendizaxe.

**L.2.2. Mellora das estruturas e infraestruturas do rural**


- Acción 3.2.1.**  
 Creación (sempre) para dotar a todos os vivéndoos rurais das infraestruturas necesarias para unha boa conexión a internet.
- Acción 3.2.2.**  
 Creación dos plans de mellora das accesibilidade e profesionalización nas edificacións rurais.
- Acción 3.2.3.**  
 Programa para a difusión das posibilidades de emprendemento no rural, baseado no apoio ao talento do sector privado.
- Acción 3.2.4.**  
 Creación dun banco de terras municipais para apoiar de novo a produción de terras actualmente en desuso.
- Acción 3.2.5.**  
 Empoderamento de mulleres no rural, estruturando do rural e no seu desenvolvemento.

# 3.1.

## Fortalecemento das relacións persoais no rural

### Ámbito de actuación: Zonal

Esta liña de actuación ten por obxectivo **promover a cohesión e a participación na comunidade rural de Carballo**. A través da creación dun **banco de tempo no rural**, preténdese impulsar o intercambio de habilidades entre a veciñanza, fortalecendo así os lazos comunitarios e **fomentando a colaboración recíproca**. Ademais, o deseño dun programa de actividades culturais, lúdicas e deportivas nas parroquias ten como obxectivo **fomentar o envellecemento activo**, promovendo a **participación interxeracional** e creando espazos de convivencia onde as entidades do territorio xogan un papel fundamental na dinamización e organización destas iniciativas. Este enfoque contribuirá non só ao benestar dos veciños do rural, senón tamén ao **reforzamento da identidade comunitaria** e á **creación dunha rede social sólida e resiliente nas áreas rurais** de Carballo.



### ACCIÓNS



#### Acción 3.1.

Creación dun sistema de intercambio de coñecementos e habilidades entre a veciñanza do rural.



#### Acción 3.2.

Deseño dun programa de actividades culturais, lúdicas e deportivas que fomenten o envellecemento activo nas parroquias a través de actividades interxeracionais da man das entidades do territorio.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



Núcleos de poboación e conexión entre eles



# 3.2.

## Mellora das estruturas e infraestruturas do rural

### Ámbito de actuación: Zonal

Esta liña de actuación busca **potenciar o desenvolvemento e a calidade de vida nas zonas rurais de Carballo**. A través de plans para **dotar ás vivendas rurais con conexión a Internet, mellora da eficiencia enerxética, fomento do emprendemento no sector primario, creación de banco de terras e melloras no viario**, a iniciativa procura **eliminar brechas dixitais, impulsar actividades económicas, revitalizar terras en desuso e optimizar as condicións de desprazamento nas parroquias, contribuíndo ao desenvolvemento sustentable e á dinamización económica do rural carballés.**

### ACCÍONS



#### Acción 3.2.1.

Creación dun plan para dotar a todas as vivendas rurais da infraestrutura necesaria para unha boa conexión a internet.



#### Acción 3.2.2.

Creación dun plan de mellora da accesibilidade e a eficiencia enerxética nas edificacións rurais.



#### Acción 3.2.3.

Programa para a difusión das posibilidades de emprendemento no rural, facendo énfase no fomento do sector primario.



#### Acción 3.2.4.

Creación dun banco de terras municipal para poñer de novo en produción as terras actuamente en desuso.



#### Acción 3.2.5.

Emprendemento de melloras no viario estruturante do rural e na súa pavimentación.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



### Grao de consolidación das parroquias de Carballo no momento de creación do PXOM (2015)

Parroquia	Superficie bruta	Parcelas libres	Parcelas ocupadas	Grado de consolidación
Aldemunde	96.330,85 m <sup>2</sup>	24	54	69,23%
Ardaña	586.141,37 m <sup>2</sup>	186	330	63,95%
Artes	784.664,17 m <sup>2</sup>	229	368	61,64%
Berdillo	788.196,59 m <sup>2</sup>	223	406	64,55%
Bértoa	1.086.478,41 m <sup>2</sup>	306	467	60,41%
Cances	569.629,11 m <sup>2</sup>	147	288	66,21%
Carballo	603.239,76 m <sup>2</sup>	183	359	66,24%
Entrecruces	513.986,82 m <sup>2</sup>	153	403	72,48%
Goiáns	384.081,98 m <sup>2</sup>	100	205	67,21%
Lema	556.377,34 m <sup>2</sup>	179	384	68,21%
Noicela	410.083,31 m <sup>2</sup>	164	218	57,07%
Oza	567.045,85 m <sup>2</sup>	167	296	63,93%
Razo	731.607,12 m <sup>2</sup>	282	474	62,70%
Rebordelos	121.270,30 m <sup>2</sup>	42	73	63,48%
Rus	1.078.512,71 m <sup>2</sup>	373	579	60,82%
Sísamo	503.521,82 m <sup>2</sup>	155	289	65,09%
Sofán	1.528.462,63 m <sup>2</sup>	522	760	59,28%
Vilela	206.316,66 m <sup>2</sup>	62	99	61,49%
<b>TOTALES</b>	<b>11.115.946,79 m<sup>2</sup></b>	<b>3.497</b>	<b>6.052</b>	<b>63,38%</b>

### Demanda de calefacción en kWh/m<sup>2</sup>xAno



Núcleo rural da parroquia de Entrecruces

Núcleo rural da parroquia de Cances



# Obxectivo 4

## Reducir a pegada ecolóxica do municipio de Carballo

Este obxectivo enfócase en adoptar medidas que **minimicen a pegada ecolóxica do municipio**, abordando tanto a contaminación como o consumo de recursos. Divídese en dúas liñas de actuación, cada unha con accións específicas.

### 4.1. Redución da contaminación

Nesta primeira liña, que trata a redución da contaminación, propóñense accións como a **creación dun sistema de medición de contaminación aérea e acústica**. Este proxecto busca monitorizar a calidade do aire e o ruído, avaliando o impacto ambiental e identificando áreas que requiren acción.

Ademais, contempla o **deseño dun sistema de políticas para fomentar iniciativas empresariais baseadas no ecodeseño e uso de materias primas recicladas**. A través desta acción, promóvese a adopción de prácticas empresariais sustentables, incentivando o uso de materiais reciclados e ecoamigables.

A execución da **estratexia de Barrios Sostibles** implementa unha estratexia previamente elaborada para desenvolver barrios sostibles, enfocándose na planificación urbana e na redución do impacto ambiental.

Tamén inclúe as obras necesarias para o **soterramento das liñas de**



**alta tensión** minimizando os riscos ambientais e mellorando a estética urbana.

### 4.2. Redución do consumo eléctrico e de auga

A segunda liña de actuación enfronta o desafío de **reducir o consumo de recursos**, principalmente enerxía e auga, propóñense accións como a **creación dun proxecto de Comunidade Enerxética Local**. Este proxecto busca fomentar o aforro de enerxía e promover iniciativas locais sostibles, creando unha comunidade enerxética compartida.

Ademais, contempla o **emprendemento de obras pasivas e solucións baseadas na natureza para a rehabilitación enerxética dos edificios municipais**, proponendo a adopción de solucións sostibles e enerxéticamente eficientes para as edificacións municipais.

A **planificación e implementación de sistemas de monitorización, telexestión e optimización dos recursos de auga e enerxía nos espazos públicos** busca optimizar o consumo destes recursos nos espazos públicos, reducindo o desperdicio e fomentando a autosustibilidade.

O remate das obras indicadas nos **plans directores de abastecemento e saneamento** para o municipio busca garantir unha xestión eficiente dos recursos hídricos.

A creación dun **Plan de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca** propón o deseño dun plan para a xestión sostible da auga durante períodos de escaseza.

O último aspecto consiste no **deseño dun programa de difusión e impulsión de novos modelos de vivenda baseados na eficiencia enerxética, optimización dos recursos e modelos de vivenda pasiva**. A través deste programa, se busca concienciar e fomentar a adopción de prácticas construtivas e de vivenda que minimicen a pegada ecolóxica.

En conxunto, estas accións contribuirán significativamente á **redución da pegada ecolóxica de Carballo**, promovendo un **desenvolvemento sostible e respectuoso co medio ambiente**.







**OBXECTIVO 4**  
Reducir a pegada ecolóxica do municipio de Carballa

Tipos de accións:



Políticas    Proxectos    Programas



# 4.1.

## Redución da contaminación

### Ámbito de actuación: Municipal

Carballo dispón dun **PACES (Plan de Acción de Enerxía Sostible)**, instrumento que forma parte do **Pacto de Alcaldes**, un compromiso voluntario asumido polo Concello de Carballo para **mellorar a eficiencia enerxética e aumentar o uso de enerxías renovables nos seus territorios**.

Esta liña de actuación busca abordar diversas vertentes ambientais para **fomentar un Carballo máis sostible**. Mediante a creación de **sistemas de medición de contaminación**, políticas de estímulo a iniciativas empresariais ecoamigables, a execución da **estratexia de Barrios Sostibles** e o soterramento de **liñas de alta tensión**, a iniciativa procura promover prácticas responsables no ámbito medioambiental, **reducir a pegada ecolóxica e mellorar a calidade de vida da comunidade carballesa**.

### ACCIÓNS



#### Acción 4.1.1.

Creación dun sistema de medición de contaminación aérea e acústica.



#### Acción 4.1.2.

Deseño dun sistema de políticas para o fomento da creación de iniciativas empresariais baseadas no reciclaxeiro e no emprego de materiais primarios reciclados e reciclables.



#### Acción 4.1.3.

Execución da estratexia de Barrios Sostibles colaborada previamente.



#### Acción 4.1.4.

Emprendemento dos traballos necesarios para o soterramento das liñas de alta tensión que percorren o municipio de Carballo.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE




MODELO DE CIUDAD



CARBONO NEGATIVO TERRITORIO



SOLUCIÓN INTEGRADA DE CALIDAD PARA O DESENVOLVIMENTO ECONÓMICO CIRCULAR



Emissiones de CO2 por sectores. Ano 2011. Fonte: PACES Carballo.

- Transporte privado e comercial
- Edificios, equipamentos e instalacións residenciais
- Edificios, equipamentos e instalacións terciarias
- Alumado público
- Edificios, equipamentos e instalacións municipais
- Transporte público
- Transporte municipal

# 4.2.

## Redución do consumo eléctrico e de auga no municipio

### ACCIÓNS

**Acción 4.2.1.**  
Creación dun proxecto de Comunidade Enerxética Local para reducir o consumo dos entes públicos, privados e da cidadanía do municipio e que sirva como potenciador de novas iniciativas.

**Acción 4.2.2.**  
Emprendemento de obras positivas e con solucións baseadas na natureza para a rehabilitación enerxética dos edificios municipais.

**Acción 4.2.3.**  
Planificación e implementación de sistemas de monitorización, telexestión e optimización dos recursos de auga e enerxía nos espazos públicos para reducir o consumo e facelos autosustentibles.

**Acción 4.2.4.**  
Rampeo das obras indicadas nos plans directores de abastecemento e saneamento para o municipio.

**Acción 4.2.5.**  
Creación dun plan de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca.

**Acción 4.2.6.**  
Deseño dun programa de difusión e impugación de novas modalidades de vivenda baseadas na eficiencia enerxética, a optimización dos recursos e os modelos de vivenda positiva.


### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación procura **impulsar iniciativas sostibles** centrándose no **uso responsable dos recursos**. Con proxectos como a **Comunidade Enerxética Local** e a **rehabilitación enerxética de edificios municipais** e a **promoción de vivendas sostibles**, busca non só **reducir consumos**, senón tamén **fomentar solucións innovadoras**. A **monitorización de recursos**, obras dos **plans de abastecemento e saneamento**, e **deseño de plans de resposta ante secas** contribuirán á **eficiencia de auga e enerxía**.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



Equipamentos

X Equipamento municipal

Demanda de potencia (kW) dos edificios

0 - 20

140 - 180



# Obxectivo 5

## Mellorar a mobilidade de Carballo

Este obxectivo busca **optimizar a mobilidade tanto dentro do municipio como nas conexións con outros lugares**. Divídese en dúas liñas de actuación centradas na mobilidade intermunicipal e interna ao concello.

Na primeira liña, que aborda a **mobilidade intermunicipal**, propónse a elaboración dunha estratexia para **solventar os problemas de comunicación por transporte público de Carballo con outros municipios da comarca e coas cidades próximas de Santiago de Compostela e A Coruña**. Este proxecto procura mellorar as conexións entre Carballo e as áreas circundantes, proporcionando solucións eficientes e accesibles para os desprazamentos rexionais.

Na segunda liña, enfocada na **mobilidade interna ao municipio**, propóñense diversas accións. Iníciase coa **planificación dunha rede ciclista e peonil que estructure o rural**,

conectando parroquias e espazos litorais. Este proxecto busca ofrecer alternativas de transporte sostible e fomentar un estilo de vida saudable.

A continuación, defínese unha **estratexia de conexión do rural entre si e co urbano baseada no modelo de transporte a demanda**. Esta iniciativa procura facer que o transporte sexa máis eficiente e axeitado ás necesidades específicas da comunidade rural.

Ademais, contémpiase o deseño dunha **infraestrutura para aluguer de bicicletas eléctricas con puntos de recarga** para percorridos dentro do concello, promovendo o uso de vehículos non contaminantes.

A **revisión e actualización da estratexia de mobilidade urbana existente**, xunto coa **creación dun sistema intelixente de control e xestión do tráfico e de aparcamentos**, completan as accións nesta liña. Estes esforzos combinados

buscan **reducir o tráfico en áreas urbanas**, fomentar o transporte sostible e **crear un ambiente máis amigable para peóns e ciclistas**.



En resumo, este obxectivo procura facer de Carballo un **lugar máis accesible e sostible**, promovendo solucións innovadoras para os desafíos de mobilidade.





**OBJETIVO 5**  
 Mellorar a mobilidade de Carballo

Tipos de accións:





# 5.1.

## Mobilidade intermunicipal

### Ámbito de actuación: Territorial

Esta liña de actuación está orientada a **abordar a necesidade crucial de mellorar a conexión de Carballo** con outros municipios e cidades como Santiago de Compostela e A Coruña. Esta problemática, de complexa solución buscará **organizar aos axentes implicados** e con capacidade de acción para mellorar as condicións actuais da mobilidade intermunicipal.

Coa acción concreta de elaboración dunha **estratexia conxunta para mellorar a comunicación por transporte público de Carballo co exterior** procura desenvolver un proxecto que, mediante unha estratexia integral, solucione esta problemática que afecta a diversos sectores, tanto económicos como sociais de Carballo e **potencie as súas características xeográficas** de proximidade coas dúas grandes cidades de Santiago de Compostela e A Coruña. Este proxecto aspira a crear unha **rede de transporte eficiente**, fomentando unha **conexión máis fluída e accesible entre Carballo e os seus arredores**, contribuíndo así ao desenvolvemento e benestar da comunidade.

### ACCIÓNS




#### Acción 5.1.1.

Elaboración dunha estratexia para solucionar os problemas de comunicación por transporte público de Carballo con outros municipios do contorno e dúas cidades próximas de Santiago de Compostela e A Coruña.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



Comunicacións a nivel provincial  
coas grandes cidades

# 5.2.

## Mobilidade interna ao municipio

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación está orientada a **mellorar a circulación dentro do propio Concello de Carballo, construíndo unha rede de mobilidade interna máis avanzada e sostible**. As accións propostas buscan **promover unha mobilidade máis sostible e eficiente**. Coas accións incluídas nesta liña de actuación se procura **estructurar o rural**, conectando parroquias e espazos litorais mediante **vías para ciclistas e peóns**, **optimizar a mobilidade** no

rural, ofrecer unha **opción de transporte ecolóxica** coa creación de espazos de **alugueiro de bicicletas eléctricas** e puntos de recarga de vehículos, **adaptar a estratexia de mobilidade actual** ás necesidades cambiantes do núcleo urbano e **reducir o tráfico e fomentar unha zona peonil** no centro urbano mediante a xestión eficiente do estacionamento.

### ACCIÓNS



#### Acción 5.2.1.

Planificación dunha rede ciclista e peonil que estrutura o rural conectando as parroquias e os espazos litorais.



#### Acción 5.2.2.

Definición dunha estratexia de conexión do rural entre si e co urbano baseada no modelo de transporte a demanda.



#### Acción 5.2.3.

Deseño dunha infraestrutura para alugueiro de bicicletas eléctricas con puntos de recarga para os percorridos dentro do concello e creación de puntos de recarga do vehículo eléctrico.




#### Acción 5.2.4.

Revisión e actualización da estratexia de mobilidade urbana existente.



#### Acción 5.2.5.

Creación dun sistema intelixente de control e xestión do tráfico e do estacionamento para reducir prazos de estacionamento nas rúas máis críticas e fomentar un núcleo urbano de prioridade peonil.



### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



Principais vías de comunicación interna do municipio.



# Obxectivo 6

## Aumentar o potencial económico do municipio

Este obxectivo busca **impulsar o desenvolvemento económico de Carballo** a través de diversas liñas de actuación centradas na mellora da infraestrutura industrial, fomento do comercio e emprendemento, explotación de potencialidades económicas e a potenciación do turismo.

Na primeira liña, destinada á **mellora da infraestrutura industrial**, propónse **executar a terceira ampliación do polígono industrial**, resolver a **problemática derivada do paso do transporte de mercadorías polo núcleo central** e elaborar un **Plan de Transporte ao Traballo co polígono industrial**. Estas accións teñen como obxectivo **modernizar e optimizar o sector industrial do Concello**, promovendo a súa **expansión** e solucionando problemas de circulación.

A segunda liña aborda o **fomento e posta en valor do comercio e emprendemento na vila**, a través de políticas de **axudas á dixitalización**

e **mellora da competitividade dos comercios e pequenas empresas**, xunto coa **dinamización do espazo do segundo andar do mercado** mediante programas lúdicos festivos. Estas medidas buscan **revitalizar o tecido comercial e emprendedor local**, impulsando a innovación e atratividade dos negocios.

Na terceira liña, orientada ao **fomento de outras potencialidades económicas existentes en Carballo**, propóñense accións como o **deseño dun plan de formación específica asociado ao espazo do FORUM** e a implementación de medidas para o **fomento do deporte como motor económico e dinamizador social**. Estas iniciativas buscan **diversificar as oportunidades económicas e fomentar novas áreas de crecemento**.

A última liña, centrada na **planificación e posta en valor do turismo como palanca económica**, contempla accións como o **deseño dunha**

**estratexia turística sostible**, a **dixitalización da sinalética e información turística**, a **ordenación e atracción de potencialidades en torno ao surf**, e a **creación dun mapa literario**. Estas accións teñen como obxectivo **potenciar o sector turístico como fonte de ingresos**, promovendo a súa **diversificación e atratividade**.


En resumo, o obxectivo 6 procura **xerar un impacto económico positivo** en Carballo, promovendo a **diversificación, innovación e crecemento sostible** en diversas áreas.





**OBXECTIVO 6**  
Aumentar o potencial económico do municipio

Tipos de accións:




**L.6.3. Fomento de áreas potenciación económica relacionadas en Carballo**



**L.6.2. Fomento e posta en valor do comercio e o emprendemento no vico**



**L.6.4. Planificación e posta en valor do turismo como potencia económica**





# 6.1.

## Mellora da infraestrutura de Carballo asociada ao sector industrial

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación ten por obxectivo **potenciar e optimizar o desenvolvemento industrial no municipio**. A través das distintas accións contidas nesta liña, se busca **expandir e fortalecer as capacidades do polígono** para acomodar o crecemento das empresas, solucionar os **retos asociados ao tráfico de mercadorías** que afectan o núcleo urbano central e establecer un **sistema de transporte eficiente para as persoas traballadoras** que se desprazan ao polígono industrial.

Estas accións buscan crear un ambiente favorable para o **desenvolvemento industrial en Carballo**, de gran relevancia pola súa **situación estratéxica** no eixo industrial de A Coruña - Arteixo - A Laracha - Carballo, asegurando a súa **integración harmoniosa co núcleo urbano** e proporcionando solucións ao **transporte sostible e responsable das persoas traballadoras**.

### ACCIÓNS



#### Acción 6.1.1.

Execución o terceiro ampliación do polígono industrial.



#### Acción 6.1.2.

Resolución da problemática derivada do paso do transporte de mercadorías polo núcleo central.




#### Acción 6.1.3.

Elaboración dun Plan de Transporte ao Trabalho ao polígono industrial.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



Áreas empresariais

Áreas empresariais

Estado:

- En estudo
- En tramitación
- En execución
- En funcionamento



# 6.2.

## Fomento e posta en valor do comercio e o emprendemento na vila

### Ámbito de actuación: Zonal

Esta liña de actuación busca **fortalecer e revitalizar a actividade comercial e emprendedora no núcleo urbano de Carballo**. A través de iniciativas de apoio, pretende **impulsar a competitividade e modernización dos comercios e pequenas empresas locais**, promovendo a súa dixitalización e adaptación ás novas demandas do mercado. Ao proporcionar **axudas para a mellora da competitividade**, pretende **asegurar que os negocios locais poidan destacar nun entorno comercial en constante evolución**. Ademais, a **dinamización do espazo do segundo andar do mercado** busca non só crear un lugar de encontro, senón tamén **xerar un ambiente lúdico e festivo que atraia a poboación local e visitantes**.

En última instancia, estas accións pretenden non só preservar, senón tamén **enriquecer e potenciar o tecido comercial e emprendedor de Carballo**, contribuíndo así ao **desenvolvemento económico e á creación dun ambiente máis dinámico e agradable para a comunidade local**.

### ACCÍONS



#### Acción 6.2.1.

Detección de causas e colaboración e mellora da competitividade dos comercios e pequenas empresas da vila.



#### Acción 6.2.2.

Dinamización do espazo do segundo andar do mercado a través dun programa de usos lúdico festivos.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE





# 6.3.

## Fomento doutras potencialidades económicas existentes en Carballo

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación ten como obxectivo **promover diversas potencialidades económicas no ámbito local**, contribuíndo ao **desenvolvemento sostible** e á **diversificación económica**.

A través do deseño dun **plan de formación** específica asociado ao espazo do FÓRUM, preténdese **mellorar a oferta de cursos e clases especializadas**, enfocadas ao traballo e ás necesidades do mercado laboral. Paralelamente, a **implementación de accións para o fomento do deporte como motor económico e dinamizador social** busca **capitalizar o potencial do sector deportivo** para xerar oportunidades económicas e fortalecer a cohesión social.

En última instancia, estas accións pretenden **explorar e potenciar diversas facetas económicas en Carballo**, contribuíndo así ao **crecemento e á diversificación económica do municipio**.

### ACCIÓNS



#### Acción 6.3.1.

Deseño dun plan de formación específica asociado ao espazo do FÓRUM para mellorar a oferta de cursos e clases especializadas enfocadas ao traballo.



#### Acción 6.3.2.

Emprendemento de accións para o fomento do deporte como motor económico e dinamizador social.


### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBTXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



Ayuntamiento de Carballo



Centro de saúde  
 Espazo Deportivo

Área Recreativa  
 Biblioteca Pública  
 Centro de saúde  
 Espazo Deportivo  
 Mercado de produtos  
 Parque Lugo  
 Servizo de Educación e Cultura de Carballo  
 Turismo

Principais puntos atraccións do municipio de Carballo.

# 6.4.

## Planificación e posta en valor do turismo como palanca económica

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación busca **consolidar o turismo como motor económico e de desenvolvemento sostible para Carballo.**

A través dunha **estratexia turística sostible** e da creación de **proxectos que destaquen o patrimonio cultural, optimicen a información turística e impulsen eventos e atractivos específicos**, preténdese **atraer visitantes, diversificar a oferta e contribuir ao desenvolvemento económico sostible do Concello.**

### ACCIÓNS



#### Acción 6.4.1.

Deseño dunha estratexia turística sostible cunha oficina técnica vinculada ao desenvolvemento do municipio.



#### Acción 6.4.2.

Definición dun plan para a dixitalización da sinalética e información turística nos puntos de interese do municipio e na propia oficina do turismo.



#### Acción 6.4.3.

Deseño e implementación dun proxecto para ordenar e atraer novas potencialidades en torno ao surt.




#### Acción 6.4.4.

Deseño dun mapa literario con roteiros e guías vinculando aos autores que viviron en Carballo con localizacións xeográficas concretas.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE





# Obxectivo 7

## Reducir as fendas sociais existentes no termo municipal

O obxectivo 7 procura **abordar de fronte as desigualdades sociais que poidan existir dentro do termo municipal** de Carballo, priorizando a **inclusión e participación activa da veciñanza**. Esta iniciativa estratéxica componse de dúas liñas de actuación que, de maneira sinérxica, traballarán na **redución das fendas sociais** desde distintos ángulos.

A **accesibilidade e o deseño universal** desempeñan un papel crucial para asegurar que o **desenvolvemento urbano sexa inclusivo**. A mellora da accesibilidade abórdase a través da proposta de **eliminación de barreiras físicas, sensoriais ou cognitivas**, promovendo así a participación plena en espazos urbanos. O deseño universal nesta Axenda Urbana buscará crear **entornos, produtos e servizos accesibles para todas as persoas**, sen necesidade de adaptacións específicas.

Estes conceptos reflicten o **compromiso da Axenda Urbana de Carballo coa**

**equidade**, promovendo unha cidade onde a diversidade é valorizada e onde **toda a veciñanza pode participar plenamente na vida urbana**.

Na primeira liña, centrada na **"Redución das desigualdades entre a veciñanza"**, a **reconstrución do edificio municipal destinado ás entidades sociais** emerxe como un proxecto integral. Este proxecto busca non só **mellorar as instalacións** para que as asociacións poidan desenvolver as súas actividades de maneira eficiente, senón tamén crear un espazo inclusivo que favoreza a **colaboración entre as distintas entidades e o Concello**.

O deseño dun **plan de accesibilidade** e a creación dun **foro sobre novas formas de tenza de vivenda** amplían a perspectiva, abordando aspectos fundamentais da vida cotiá, como o **acceso a infraestruturas públicas** e a **posibilidade de contar cunha vivenda adecuada**.

Na segunda liña, **"Fomento de**

**actividades para a mocidade"**, a **inclusión social** é posta en práctica a través de diversas accións. O programa de **conciliación e actividades extraescolares** busca non só ofrecer opcións lúdicas á mocidade, senón tamén adecuar os horarios para garantir a participación de todos.

As accións destinadas á **mellora da infraestrutura dos colexios**, como a **creación de patios inclusivos**, responden á necesidade de **espazos que promovan a diversidade e a inclusión**.

Ademais, a creación de **espazos específicos para a mocidade**, vencellados a programas de usos variados, busca fomentar a **convivencia** e crear lazos que afiancen a cohesión social.

En resumo, este obxectivo non só busca **reducir as desigualdades sociais** a través de medidas concretas e inclusivas, senón tamén **promover unha cultura de participación activa**

**e colaborativa** que consolide un **tecido social máis resiliente e solidario** en Carballo.





Tipos de accións:



**1.7.1. Redución das desigualdades entre o veciñanza**

- Acción 7.1.1.**  
Construción do edificio municipal mediante as entidades sociais locais e colaboración dunha estrutura conjunta das distintas asociacións e o Concello para optimizar os recursos.
- Acción 7.1.2.**  
Desafío dun plan de accesibilidade para asegurar a accesibilidade universal nos espazos de relación e asociación pública de Carballo.
- Acción 7.1.3.**  
Creación dun foro de información e participación baixo o lema Fórum de temas de vivenda traballando co veciñanza.

**1.7.2. Fomento da cohesión para a mobilidade**

- Acción 7.2.1.**  
Programa de itinerarios peóns euletóricos (Políticas e a programación de actividades educativas integradas para a mobilidade en colaboración coas entidades do territorio).
- Acción 7.2.2.**  
Desafío dun proxecto de formación e actividades de apoio a persoas con discapacidade ou entidades polo maior a inclusión dos persoas con necesidades especiais e prevención do risco en todos os ámbitos.
- Acción 7.2.3.**  
Empoderamento de cidadáns de mellora de infraestruturas de calidade e implementación de políticas inclusivas que permitan a realización de actividades para o veciño en todos os períodos.
- Acción 7.2.4.**  
Fomentar a creación de mobilidade (de idade entre 12 a 16 anos) para apoiar a inclusión social a un Concello de mobilidade.
- Acción 7.2.5.**  
Creación dun espazo físico e cultural de referencia para a mobilidade en idade supletoria aos 18 anos ofrecendo a un programa de apoio que fomente a relación e o voluntariado.



# 7.1.

## Redución das desigualdades entre a veciñanza

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación está deseñada para **abordar e mitigar as disparidades sociais** presentes en Carballo, cun enfoque en diversos obxectivos que buscan **fortalecer a cohesión social e mellorar a calidade de vida da comunidade**.

Un dos obxectivos principais é a creación dun espazo centralizado, mediante a construción do **edificio municipal dedicado a entidades sociais**, onde as diferentes asociacións poden colaborar eficientemente para **maximizar os recursos e coordinar esforzos**. Outro obxectivo crucial é asegurar que **toda a veciñanza, independentemente das súas características, poida acceder plenamente aos espazos públicos** a través da implementación dun **plan de accesibilidade universal**. Este compromiso non só fomenta a **igualdade de oportunidades**, senón tamén a **construción dunha comunidade máis inclusiva**. Ademais, a creación dun foro sobre novas formas de vivenda baseadas no cooperativismo procura abordar a necesidade de **solucións habitacionais inclusivas e colaborativas**, contribuíndo así á **redución das desigualdades** dos colectivos máis afectados no tema da vivenda.

### ACCÍONS



#### Acción 71.1.

Construción do edificio municipal dedicado ás entidades sociais locais e articulación dunha estratexia concertada cos distintos asociacións e o concello para optimizar os recursos.



#### Acción 71.2.

Deseño dun plan de accesibilidade para asegurar a accesibilidade universal nos espazos de relación e dotacións públicas de Carballo.




#### Acción 71.3.

Creación dun foro de información e participación sobre novas formas de tenza de vivendas baseadas no cooperativismo.

### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



# 7.2.

## Fomento das actividades para a mocidade

### ACCIÓNS

**Acción 7.2.1.**  
Programa de conciliación para a revisión dos horarios e a programación de actividades extracurriculares integradas para a mocidade en colaboración coas entidades do territorio.

**Acción 7.2.2.**  
Deseño dun programa de formación e actividades de apoio a paradas escolares, asociacións e escolas para mellorar a inclusión das persoas con necesidades especiais e prevención do acoso en todos os ámbitos.

**Acción 7.2.3.**  
Impulsamento de obras de mellora da infraestrutura dos colixios e implantación de polígonos inclusivos que permitan a diversidade de actividades para o uso de todas as persoas.

**Acción 7.2.4.**  
Posta a disposición da mocidade (en idades entre 13 e 18 anos) dun espazo de reunión asociado a un Consello da mocidade.

**Acción 7.2.5.**  
Creación dun espazo cívico e cultural de referencia para a mocidade en idades superiores aos 18 anos vinculado a un programa de usos que fomenten a relación e o asociacionismo.

### Ámbito de actuación: Municipal

Esta liña de actuación ten como obxectivo primordial **crear un entorno inclusivo e enriquecedor para diferentes grupos de idade**. A través de programas de conciliación, formación inclusiva, mellora da infraestrutura escolar e a creación de espazos específicos para a mocidade, busca **promover a participación activa da mocidade, o asociacionismo e previr o acoso en entornos educativos, construíndo unha comunidade diversa e participativa**.


### CONTRIBUCIÓN AOS ODS



### CONTRIBUCIÓN AOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DA AUE



Distribución por grupos de idade	Galicia	Provincia A Coruña	Comarca Bergantiños	Carballo
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	15,6	15,85	14,58	17,21
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	58,32	58,6	57,14	58,82
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	26,09	25,55	28,28	23,97



Idade media por sección censal

- 40,4
- 43,4
- 46,4
- 51,3
- 53,4
- 53,6
- 57



# Plan de acción

Este Plan de Acción da Axenda Urbana de Carballo define as **accións concretas que serán implementadas** a nivel local para acadar os obxectivos definidos previamente no marco estratéxico desta Axenda Urbana.

Neste contexto, o Plan de Acción Local de Carballo recolle as accións específicas elaboradas para dar **resposta aos retos identificados previamente** ao mesmo tempo que fomenta as **potencialidades** atopadas en Carballo.

Cada liña de actuación identificada no marco estratéxico é detalladamente abordada no Plan de Acción a través de **proxectos, programas ou políticas** que se poderán implementar en Carballo en **colaboración con diversos axentes identificados**.

Este plan non só incorpora as accións definidas nas liñas de actuación, senón que tamén define a súa **prioridade, prazos** e un **orzamento aproximado** para garantir a súa implementación efectiva. Ademais, contén

**indicadores de seguimento e avaliación** para medir o progreso e facer axustes conforme sexa necesario.

A elaboración do Plan de Acción local aliñado implica un proceso de **colaboración e participación** dos axentes locais, asegurando que as medidas propostas sexan **consensuadas e levadas a cabo de maneira conxunta** entre os axentes implicados.

Este documento non só serve como **guía para as autoridades locais**


na implementación de **políticas urbanas sostibles**, senón tamén como un **instrumento de transparencia** e rendición de contas, proporcionando unha visión clara das accións a desenvolver para o **progreso urbano** e a **mellora da calidade de vida** da comunidade.

A continuación preséntanse as **fichas**, unha por cada acción. En cada unha delas se detalla a seguinte información:

- **Nome** da acción.
- **Carácter** diferenciando proxectos, políticas e programas.
- **Prioridade** diferenciando entre baixa, media e alta.
- **Prazo de execución** en tres grupos: curto prazo, medio prazo e longo prazo.
- **Orzamento**. Nos proxectos nos que se coñece o orzamento concreto indícase e, cando non se coñece, marcase en cal dos seguintes rangos se atopa a acción:
  - Menos de 15.000 €
  - Entre 15.000 e 50.000 €
  - Entre 50.000 e 200.000 €
  - Entre 200.000 e 1.000.000 €
  - Entre 1.000.000 e 3.000.000 €.
  - Máis de 3.000.000 €
- **Axentes implicados** indicando aquelas entidades públicas ou privadas que colaborarán

de maneira activa no desenvolvemento desta acción.

- **Obxectivo estratéxico da Axenda Urbana Española** ao que da resposta de maneira principal.
- **Obxectivo específico da Axenda Urbana Española** ao que responde.
- **Indicadores de seguimento da Axenda Urbana Española** que servirán de medidor da execución de cada acción.
- **Descrición** de cada unha das accións nas que se detallará a información sobre cada unha delas en relación aos traballos realizados previamente neste sentido e os pasos a seguir.







## Creación dun catálogo de patrimonio natural (verde e azul) do Concello para a posta en valor destes puntos e conseguinte mantemento ou recuperación nos casos necesarios

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais, grupos de persoas expertas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1. Ordenar o territorio e facer uso racional do solo, conservalo e protexelo

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe

Carballo conta cunha **gran cantidade de patrimonio natural** no seu termo municipal. Este patrimonio precisa de ser posto en valor e conservado para **preservalo ao longo do tempo**. Para isto é preciso elaborar un **catálogo** que defina cales son estes puntos emblemáticos do municipio, indicando o nivel de importancia que teñen e os recursos que precisan ter asociados.

Se terán en conta neste catálogo a información xa existente na documentación da que dispón o Concello e as accións xa levadas ou en proceso de **acondicionamento de distintas zonas naturais do municipio** como as **fervenzas** entendidas como un recurso hídrico característico e con moitas posibilidades de crecemento como sector xerador de desenvolvemento económico.


Ademais, se deberá **levar a cabo un estudo de campo** para avaliar e mapear os elementos naturais do municipio incluíndo, non só os espazos físicos, senón tamén a flora,

a fauna e os ecosistemas acuáticos e terrestres.

Se indicará tamén no documento calquera **ameaza, degradación ou necesidade de restauración** de cada un dos elementos catalogados.

A **participación cidadá** será de moita axuda no proceso de identificación e catalogación, tendo en conta que, en Galicia, hai moito patrimonio agochado que pode pasar desapercibido:

Desenvolverase tamén un **plan de conservación** que inclúa medidas para protexer e manter os elementos e áreas de alto valor no catálogo, identificando, á súa vez, áreas que requiren restauración ou rehabilitación.



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1.2.1. Dispónse dun Plan de xestión municipal do patrimonio natural e cultural ou instrumento equivalente para asegurar a súa adecuada conservación e posta en valor?

1.2.2. Orzamento das actuacións previstas de mellora e/ou conservación do patrimonio natural e cultural, incluíndo aquelas encamiñadas á mellora da conexión urbana-rural.

1.2.3. Superficie de edificios ou lugares pertencentes ao patrimonio cultural rehabilitados ou mellorados.

Unha vez elaborado o documento podería ser de interese a **creación de material educativo** asociado ao mesmo e a elaboración de **campañas de divulgación** para concienciar á cidadanía sobre a importancia do patrimonio natural e a necesidade da súa conservación e restauración.

Esta actuación require do **compromiso da comunidade** e a colaboración de múltiples partes interesadas. A conservación e posta en valor dos recursos naturais son fundamentais para manter a calidade de vida e sostibilidade do municipio e poden ser un valor engadido á economía de Carballo, marcando tamén os puntos de interese para tecer, posteriormente, a **estratexia de infraestrutura verde** de Carballo.





## Execución do Plan Especial para a creación un parque urbano no entorno do río Anllóns ao seu paso polo núcleo urbano

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Longo prazo

### ORZAMENTO

Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1. Ordenar o territorio e facer uso racional do solo, conservalo e protexelo

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

1.3. Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vencellalas co contexto natural

O río Anllóns, cunha lonxitude de **54km**, atravesa 29 parroquias. No caso de Carballo **vertebra o municipio**, atravesando o seu núcleo urbano, e destaca polas diversas **sendas peonís e ciclistas** que bordean as súas marxes.

Este río, ao paso polo núcleo urbano, presenta unha problemática concreta: as inundacións debido ás **crecidas do río**. Neste contexto, e seguindo as directrices marcadas no **PXOM** para estes terreos, plantéxase a **creación dun parque urbano na beira do río**, o cal solventará esta problemática.

A creación dun parque urbano como este, ademais, aporta múltiples beneficios á poboación local. En primeiro lugar, ofrece un **lugar de esparexemento e relaxación** para a comunidade, promovendo un **estilo de vida saudable** e proporcionando **oportunidades para actividades ao aire libre**. Ademais, actúa como un **punto de encontro** para a comunidade, fomentando as relacións sociais e reforzando os lazos comunitarios.

Un aspecto clave desta actuación é a consideración da problemática das crecidas. O deseño do parque incorporará unha **planificación axeitada para as crecidas**, podendo ofrecer así un espazo inundable nas marxes do río. Isto permitirá que o parque funcione de **maneira sinérxica coa dinámica natural do río**.

Desde o punto de vista medioambiental, a creación deste parque busca **preservar a biodiversidade** na zona. A través dunha **actuación pouco invasiva co medio natural**, o parque contribuirá á conservación e protección da flora e fauna autóctonas, reforzando así o equilibrio ecolóxico na contorna.

En resumo, a creación deste parque non só ofrece un espazo de lecer e recreación para os cidadáns de Carballo, senón que tamén promove a **sostibilidade medioambiental**, a **integración coa natureza** e a **resiliencia** ante eventos climáticos adversos. Este proxecto contribuirá

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1.3.1. Levouse a cabo unha planificación do desenvolvemento en rede e da conectividade das infraestruturas verdes e azuis co contexto natural?

1.3.2. Superficie de solo destinado a infraestruturas verdes urbanas sobre as que se van realizar actuacións de recuperación, mellora, e interconexión para o seu funcionamento en rede.

significativamente á **mellora da calidade de vida** na comunidade e ao reforzamento da conexión entre os habitantes e o medio natural que os rodea.







## Desenvolvemento do Plan Especial de Arnados - Razo

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Largo prazo

### ORZAMENTO

5.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, propietarios, entidades económicas, entidades ambientais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1. Ordenar o territorio e facer uso racional do solo, conservalo e protexelo

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

1.1. Ordenar o solo de maneira compatible coa súa contorna territorial

O Plan especial de Arnados - Razo aborda diversas cuestións cruciais para **preservar os espazos naturais desta zona**, de gran valor ambiental (neste ámbito se atopan as áreas ZEC "Costa da Morte" a ZEPA "Costa da Morte Norte"), e **favorecer un turismo sostible**.

O ámbito de desenvolvemento deste Plan é de **313.171,00 m<sup>2</sup>**.

O obxecto deste Plan Especial é "dar cumprimento aos obxectivos establecidos no POL para esta área de



recualificación, **preservar o medio ambiente do litoral costeiro, e a paisaxe existente na costa de Razo**, para a recuperación e protección das zonas degradadas e os areais, os accesos aos mesmos e a mellora das dotacións e as infraestruturas.

O obxecto desta delimitación é **ordenar de forma integral as zonas susceptibles de acoller dotacións na costa**, cos usos propios de espazos libres, actividades deportivas, accesos ás praias, aparcadoiros, etc., dentro dun ámbito sensible a nivel medioambiental e paisaxístico, inclúese a necesidade de **realizar un estudo de demanda de aparcamento nos areais**, co obxectivo de que as dotacións propostas teñan en conta esta previsión:

**As dotacións localizaranse na banda delimitada polas liñas de 100 a 200 metros dende o litoral**, deixando a banda de 100 metros ata o deslinde público marítimo terrestre vacante de edificacións de carácter permanente.

Conxuntamente co **estudo de detalle da fachada litoral de Arnados, eliminarase o tráfico rodado do vial paralelo ao borde do areal**, deixando unicamente o acceso restrinxido no borde costeiro, solucionando as circulacións peonís e rodadas.

O plan tamén indicará as **accións de recuperación medioambiental e paisaxística necesarias para as áreas degradadas**. O equipamento deportivo existente, deberá

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**1.1.1.** Incorporáronse nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística os criterios para asegurar o uso racional do solo que atenda ao principio de desenvolvemento sostible?

**1.1.2.** Correlación entre urbanización de solo, dinámica demográfica, emprego e actividades económicas.

**1.1.3.** Orzamento das actuacións previstas de fomento da actividade agrícola, gandeira e de desenvolvemento rural sostible no solo preservado da transformación urbanística.

reubicarse fora do dominio público marítimo terrestre e da servidume de protección.

**O PE estudará o espazo público que conforma a fachada marítima do núcleo de Arnados.**

Parte do ámbito do plan inclúese no área de recualificación "Playa de Razo". O plan indicará as accións cara a dar cumprimento aos criterios e directrices establecidas polo POL para estas zonas" [Obxecto do Plan especial descrito na ficha correspondente ao mesmo no PXOM do municipio].





## Desenvolvemento do Plan Especial de Pedra do Sal

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Largo prazo

### ORZAMENTO

6.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, propietarios, entidades económicas, entidades ambientais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1. Ordenar o territorio e facer uso racional do solo, conservalo e protexelo

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

1.1. Ordenar o solo de maneira compatible coa súa contorna territorial

O Plan Especial de Pedra do Sal, xunto co previamente descrito de Razo-Arnados buscan, seguindo con determinado en instrumentos de ordenación de xerarquía superior (PXOM e POL), responder ao **compromiso de Carballo de abordar a ordenación do seu territorio litoral**. A formulación simultánea de ambos Plans facilita a **visión integrada do territorio da costa do municipio**.

O ámbito de desenvolvemento deste Plan é de **330.742,00 m<sup>2</sup>**.

Este Plan especial "enmárcase nun contexto de intencións xerarquizadas que teñen orixe tanto en disposicións legais sobre a **conservación da natureza e o medio físico litoral** como en instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos (como o Plan Xeral de Carballo). Semella ser, para o ámbito espacial que delimita, o derradeiro elo dunha cadea de boas e esperadas intencións tendentes a **corrixir a dinámica actual de deterioración do territorio litoral** nas súas vertentes

paisaxística, física e natural, en particular, o propio núcleo de Pedra do Sal e os espazos contiguos das praias de Pedra do Sal e Baldaio-Sañas.

Dous grandes problemas ameazan este ámbito:

- Un intrínseco, que é o **relacionado co propio asentamento, as súas estruturas viaria, edificada, parcelaria e de dotacións e infraestruturas**, as cales son deficitarias e alleas ás características do entorno natural.
- Outro de tipo extrínseco, motivado polo **interese das praias e a afluencia de visitantes foráneos** que exercen unha **forte presión sobre os areais e os espazos de influencia litoral**, poñendo en risco os ecosistemas do lugar.

Problemas que deben ser abordados xa dende unha figura de planeamento que se achegue á escala do detalle e que concrete polo miúdo as determinacións e criterios dos instrumentos de xerarquía superior.

A formulación deste Plan especial constitúe unha determinación de dous instrumentos, un de ordenación do territorio, o POL, e outro de natureza urbanística, o PXOM de Carballo. O POL decatouse dunha **problemática de ocupación indiscriminada do litoral por asentamentos espontáneos e vivendas illadas neste espazo litoral, xeradora dunha perda**

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1.1.1. Incorporáronse nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística os criterios para asegurar o uso racional do solo que atenda ao principio de desenvolvemento sostible?

1.1.2. Correlación entre urbanización de solo, dinámica demográfica, emprego e actividades económicas.

1.1.3. Orzamento das actuacións previstas de fomento da actividade agrícola, gandeira e de desenvolvemento rural sostible no solo preservado da transformación urbanística.

**de calidade da paisaxe e dun deterioro do medio natural**. En resposta estableceu para a unidade da paisaxe de Pedra do Sal un **ámbito de recualificación**.

O PXOM de Carballo asumiu a determinación do POL e estableceu a obriga de redactar un Plan especial delimitando un ámbito físico que **abrange o solo de núcleo rural de Pedra do Sal e a súa contorna máis inmediata de solo rústico**" [Memoria descriptiva do Plan especial de ordenación do núcleo rural de Pedra do Sal e de protección do seu entorno].





## Deseño dunha estratexia de infraestrutura verde e desenvolvemento das accións reflectidas na mesma

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións ambientais e grupos de persoas expertas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1. Ordenar o territorio e facer uso racional do solo, conservalo e protexelo

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

1.3. Mellorar as infraestruturas verdes e azuis e vencellalas co contexto natural

A infraestrutura verde é un concepto que engloba **áreas verdes, espazos públicos, corredores ecolóxicos e outras características naturais** que contribúen á sostibilidade e calidade de vida na comunidade.

Para a elaboración dunha estratexia de infraestrutura verde en Carballo se realizaría, en primeiro lugar, un **estudo exhaustivo do actual estado das áreas verdes**, identificando as zonas degradadas, as áreas prioritarias para a conservación e posibles lugares para a creación de novos espazos verdes. Este proceso incluíría a **participación cidadá** para recoller opinións e necesidades da poboación local.

Nesta estratexia tamén se incluírá o deseño de **corredores ecolóxicos que conecten diferentes áreas verdes**, promovendo a **biodiversidade** e proporcionando espazos naturais para a recreación e o esparexemento da comunidade.

Tamén se incluírá nesta estratexia un **catálogo de boas prácticas para a intervención no medio**

**natural**. A situación do medio natural na actualidade é complexa debido á gran influencia que ten o ser humano en todos os espazos. Xusto por isto, **as intervencións nos espazos naturais deben ser comedidas e respectuosas co medio ambiente**.

Para a elaboración deste catálogo contarase coa **participación das asociacións medioambientais** do territorio, que aportarán o seu coñecemento sobre a diversidade destes espazos e as posibles actuacións de restauración que se poden levar a cabo neles.

O principio fundamental será a **redución da pegada humana** nestas contornas naturais, baixo o criterio da **mínima intervención** e da restauración dos valores medioambientais.

Tamén se indicarán neste documento as **problemáticas e riscos aos** que están expostos estes espazos na actualidade e cales son as **posibles consecuencias a longo prazo** das intervencións agresivas co medio.

Poderán tratarse **temas e problemáticas** como:

- **Asmarxes de amortiguamento** para as plantacións nas ribeiras dos ríos, con especial atención na eliminación de especies invasoras nestes puntos.
- Posibles actuacións para a **restauración paisaxística de espazos degradados**.
- Consecuencias e problemáticas derivadas da **implantación de grandes infraestruturas**

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**1.3.1.** Levouse a cabo unha planificación do desenvolvemento en rede e da conectividade das infraestruturas verdes e azuis co contexto natural?

**1.3.2.** Superficie de solo destinado a infraestruturas verdes urbanas sobre as que se van realizar actuacións de recuperación, mellora, e interconexión para o seu funcionamento en rede.

**enerxéticas** nos cumios dos montes, elaborando unha relación causa-efecto da implantación das mesmas en diferentes lugares.

Unha vez elaborado o documento informativo poderá empregarse para a elaboración de material educativo e campañas de divulgación e concienciación para a cidadanía e as entidades de carácter privado cuxas actuacións poidan ter unha incidencia no medio natural do territorio.





## Deseño dun programa de actividades para a dinamización dos espazos naturais do municipio e a concienciación dos escolares en torno á protección do medio ambiente

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións ambientais, veciñais, sociais e escolares.

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1. Ordenar o territorio e facer uso racional do solo, conservalo e protexelo.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

1.2. Conservar e mellorar o patrimonio natural e cultural e protexer a paisaxe

Este programa terá por obxectivo a **dinamización dos espazos naturais e ribeiras dos ríos** a través da realización de actividades nestes espazos, entendendo que, ao ser espazos antropizados, mantelos en uso é a mellor maneira de mantelos nun bo estado.

Este programa pode desenvolverse en torno ás **actividades que xa se están a realizar nas asociacións medioambientais e deportivas** en torno aos espazos de mar, como



**percorridos polas contornas dos ríos e os espazos verdes** do municipio ou colaboracións cos colexios para a **realización de actividades marítimas** como o surf que fomenten unha cultura sostible e de respecto polo medio ambiente

Esta clase de actividades terán unha relevancia a nivel territorial, afectando a varios sectores e **mellorando a calidade de vida das persoas e a calidade dos espazos naturais** a través dunha **compoñente deportiva, interxeracional e turística** do uso destes espazos.

- A realización de percorridos guiados por estes espazos **mellorará a saúde física e mental das persoas usuarias**, mantendo á sociedade activa e vencellada ao medio natural.
- O perfil da persoa participante nestas actividades pode ser moi diverso, permitindo un **traslado de coñecemento e debate entre as diferentes xeracións e tipos de persoas** que compartirán, en moitos casos, un interese común: o interese no disfrute do medio natural.
- A compoñente turística pode axudar a tecer os percorridos propostos a través da **ligazón do territorio co patrimonio inmaterial** e co legado das persoas maiores máis coñecedoras do lugar.

Desta maneira poderán xerarse actividades e percorridos polo territorio conectados a través dun **fío argumental que relate historias do pasado e o ligue ao momento**

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

1.2.1. Dispónse dun Plan de xestión municipal do patrimonio natural e cultural ou instrumento equivalente para asegurar a súa adecuada conservación e posta en valor?

1.2.2. Orzamento das actuacións previstas de mellora e/ou conservación do patrimonio natural e cultural, incluíndo aquelas encamiñadas á mellora da conexión urbana-rural.

1.2.3. Superficie de edificios ou lugares pertencentes ao patrimonio cultural rehabilitados ou mellorados.

**presente.** Este tipo de actividades poden servir, ademais, para **xerar percorridos e conexións entre as distintas zonas verdes** e amosar á poboación os diferentes elementos conectores e vertebradores que se atopan durante a creación do proxecto de infraestrutura verde.

Estes percorridos porán en valor, ademais do patrimonio natural, o **patrimonio construído** vencellado aos regos, corredoiras, muros e demais elementos de relación histórica entre o espazo natural e o ser humano.





## Realización dunha análise dos espazos vacantes na trama urbana de Carballo e a execución das obras para a creación de hortas urbanas e pequenos espazos públicos

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.2. Garantir a complexidade funcional e a diversidade de usos

A proposta consiste en realizar unha análise exhaustiva dos espazos vacantes na trama urbana de Carballo e executar obras para transformalos en hortas urbanas e pequenos espazos públicos, co obxectivo de **diversificar os usos e revitalizar zonas degradadas nos barrios máis necesitados**.

Para levar a cabo esta acción, iniciárase cunha identificación sistemática de todos os espazos vacantes existentes. Este inventario sería esencial para **avaliar o potencial de cada lugar en termos de tamaño, accesibilidade e conexión co entorno circundante**.

A introdución de pequenos espazos públicos en lugares antes desaproveitados contribuiría á **mellora estética e funcional dos barrios**. Estes espazos poderían incluír zonas de xogo, espazos de relación para a veciñanza, zonas de descanso, ou elementos artísticos, converténdose en **puntos de encontro para a comunidade** e promovendo a proximidade entre



a veciñanza. O ideal sería buscar a creación de **lugares diversos, adaptados ás necesidades** de cada zona e grupo de poboación, evitando repetir o mesmo patrón en diferentes barrios do núcleo para, así, fomentar tamén a interrelación entre eles.

Ademais, a creación de **hortas urbanas** nestes espazos non só promovería prácticas agrícolas sostíbeis, senón que tamén engadiría unha **dimensión social e comunitaria ao tecido urbano**. A asignación de parcelas para hortas permitiría ás persoas participar na produción de alimentos, fomentando o espírito comunitario e promovendo a autosuficiencia.

O **urbanismo táctico**, a través de intervencións pequenas e áxiles, sería un elemento fundamental neste proceso. Poderían implementarse **medidas temporais**, como pinturas no chan, mobiliario urbano flexible e elementos verdes portátiles, para avaliar a reacción da comunidade antes de intervencións máis permanentes.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**2.2.1.** Incorporáronse nos instrumentos de ordenación criterios que melloren a complexidade funcional e a mestura de usos na cidade consolidada e nos novos desenvolvementos.

**2.2.2.** Superficie de solo urbano no que se van realizar actuacións de mellora e readecuación dos usos, para favorecer a proximidade e a diversidade de usos na cidade.

Os efectos positivos desta acción serían diversos. A creación de hortas urbanas e espazos públicos diversificados favorecería a conexión social, a mellora estética dos barrios e a **utilización efectiva dos espazos urbanos antes desatendidos**. Ademais, podería ter un impacto positivo na saúde da comunidade, fomentando prácticas saudables e promovendo unha relación máis directa co medio ambiente. En conxunto, esta acción contribuiría a facer de Carballo unha vila máis **habitabile, inclusiva e resiliente**.





## Deseño dun plan para o fomento da rehabilitación das vivendas baleiras na vila central para dinamización do alugueiro

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Longo prazo

### ORZAMENTO

Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, entidades sociais e administracións supramunicipais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

8. Garantir o acceso á vivenda.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

8.2. Garantir o acceso á vivenda, especialmente dos colectivos máis vulnerables

O desenvolvemento dun plan para o fomento da rehabilitación das vivendas baleiras na vila central de Carballo emerxe como unha necesidade imperante diante da **problemática do alugueiro**. Na actualidade, a vila central enfrenta a dificultade de **edificios completos baleiros**, en moitos casos propiedade dunha mesma familia, os cales, construídos hai moitos anos, agora se baleiros e sen posibilidade de alugar debido ao seu **mal estado de conservación e accesibilidade**.

Esta situación xera un problema de oferta de vivendas en alugueiro, xa que a **falta de acción para rehabilitar estas edificacións impide a súa inclusión no mercado de alugueiro**. Moitas destas vivendas atopábanse sen ningún tipo de mantemento ou renovación, o que reduce a oferta dispoñible e bloquea as posibilidades de atopar unha vivenda para alugueiro en boas condicións.

Esta problemática afecta de maneira directa á **poboación máis nova**, maior usuaria das vivendas

en alugueiro, que non atopan na vila de Carballo as posibilidades de **acceso a unha primeira vivenda**.

Para abordar esta cuestión, o Concello de Carballo quere liderar un **plan integral que fomenta a rehabilitación destas vivendas baleiras**. A través dunha liña de axudas económicas, o Concello buscará incentivar a realización de obras de rehabilitación, promovendo unha mellora substancial nas condicións das vivendas e **aumentando a dispoñibilidade de propiedades en alugueiro**.

É esencial establecer unha estratexia para **implicar ás persoas propietarias** na realización destas obras. Poderán, a maiores, implementarse incentivos adicionais, como **reducións fiscais** ou **asesoramento técnico gratuito**, para estimular a participación. A **concienciación sobre os beneficios a longo prazo** tanto para as persoas propietarias como para a comunidade será clave para lograr a súa colaboración.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**8.2.1.** Dispónse dun plan de axudas para garantir o acceso á vivenda por parte dos fogares e colectivos máis vulnerables, cunha particular atención ás persoas novas, maiores e afectadas por procesos de desahucio?

**8.2.2.** Número de persoas beneficiarias dos programas incluídos en plans públicos de vivenda.

Ademais, o Concello poderá dar resposta a outra necesidade presente no municipio con esta acción: a **falta de vivendas sociais** para uso das entidades sociais do municipio e as súas persoas usuarias. Con fondos propios, a administración local poderá **financiar algunhas das obras de rehabilitación** para, a continuación, dedicar estas vivendas rehabilitadas a alugueiro social.

En resumo, o deseño e implementación deste plan require un enfoque integral que aborde tanto as **necesidades de vivenda** como a **rehabilitación urbana**. O Concello debe desempeñar un papel proactivo, ofrecendo incentivos e apoio para superar as barreiras existentes e así revitalizar a vila central e o mercado de alugueiro.





# 1.2.3.

## Emprendemento de plans de mellora das condicións do espazo público existente mediante obras de restauración

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Reforma da praza do Concello:  
2.500.000 €  
Outras intervencións: entre  
1.000.000 e 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.4. Mellorar o medio ambiente urbano e reducir a contaminación

A iniciativa proposta busca a renovación dos espazos públicos existentes en Carballo. A necesidade de revitalizar estes espazos xorde da **importancia fundamental que o espazo público ten para a vida das persoas** e o dinamismo da vida urbana.

Os espazos públicos son o corazón da vida urbana, lugares onde as comunidades se conectan, interactúan e desenvolven a súa identidade colectiva. A través desta acción, preténdese **emprender plans integrais de mellora**, abordando a necesidade de restauración de espazos que poidan estar degradados ou en desuso.

A renovación dos espazos públicos non só ten un impacto estético, senón que tamén inflúe directamente na **calidade de vida dos habitantes**. Mellorar a accesibilidade, incorporar zonas verdes, instalar mobiliario urbano cómodo e moderno, e promover a seguridade son aspectos esenciais que poden enriquecer significativamente a experiencia da cidadanía no seu día a día.

En concreto, a primeira obra que se levará a cabo será a **reurbanización e adecuación da praza do Concello de Carballo para o uso da feira**. Este lugar e, por conseguinte, este proxecto, é de gran relevancia para as persoas habitantes na vila e no municipio, xa que é un punto de encontro e convivencia para a cidadanía en xeral. Esta praza, ademais, é un lugar de celebración de eventos culturais e festivos xa que aquí se celebran os festivais de música, representacións teatrais, actividades deportivas e, o máis importante, a gran feira de Carballo.

A **feira e o comercio na praza do concello de Carballo**, celebrados todos os xoves e os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes, son eventos destacados e populares na zona, sendo unha importante fonte de ingresos para os comerciantes locais ao atraer a numerosas visitas do municipio e a comarca.

Na actualidade a praza presenta **problemas xerais** na pavimentación,



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2.4.1. Dispónse de plans de mellora da calidade do medio ambiente urbano orientados á mellora das zonas verdes urbanas e á redución da contaminación?

2.4.2. Porcentaxe de poboación próxima ás zonas verdes urbanas ou áreas de esparcemento.

2.4.3. Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

falta de drenaxe e de sumidoiros que causan acumulacións de auga, desniveis e barreiras arquitectónicas, zonas axardinadas con bordos, desuso do edificio da cafetería Sinagoga, falta de espazo para os postos da feira, poucos espazos cubertos, ausencia de espazos para certos eventos, etc.

Con esta reforma o que se pretende é mellorar a **calidade do espazo para a feira**, mellorar a **accesibilidade** e **seguridade** da praza, mellorar e actualizar a imaxe e a **oferta do comercio local** e apostar por unha mellora da **calidade ambiental**, da **eficiencia enerxética** e **novas tecnoloxías**.

Esta obra servirá de exemplo para as novas intervencións nos espazos públicos de Carballo.





## Mellora das instalacións culturais actuais e creación de novas infraestruturas

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Máis de 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións culturais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.1. Definir un modelo urbano que fomente a compacidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos

Esta acción propónse en resposta ao **vibrante contexto cultural** de Carballo, impulsado por eventos como o **Rexenera Fest, o Carballo Interplay e o FIOT Carballo** (Festival Internacional de Outono de Teatro). Estes festivais consolidaron a imaxe do municipio como un **epicentro cultural dinámico**. A oferta cultural, tanto tradicional como moderna, establece unha conexión entre eventos de renome e actividades máis arraigadas, como o mercado municipal e as feiras periódicas.

Para enriquecer e ampliar esta oferta cultural, é esencial **abordar as limitacións actuais dos espazos existentes**. A proposta non só se centra na necesidade de ampliación de certos espazos, senón tamén na **actualización tecnolóxica** das instalacións.

A mellora das instalacións culturais non só **eleva o nivel cultural** das persoas residentes, senón que tamén **facilita o acceso á cultura dun maior número de persoas** e atraerá a visitantes

doutros concellos, contribuíndo así ao **desenvolvemento turístico**.

A posibilidade de **colaboración coas entidades culturais locais** crea un ambiente colaborativo onde **diversas expresións artísticas poden converxer nun espazo común** e adecuado. Neste sentido, plantéxase a **creación dun novo espazo cultural**, que permita ampliar as actividades xa existentes e, ao mesmo tempo, servir de **espazo de traballo para creadores e as distintas entidades culturais** que operan no municipio.

Tamén se considera a execución do proxecto dun **centro de arte contemporáneo** nun edificio cedido polo pintor e grabador Manuel Facal. Este proxecto levarase a cabo en colaboración entre a Fundación Manuel Facal e o Concello de Carballo.

En relación co anterior, outra das actuacións concretas será a **dixitalización do FORUM**, que non só mellorará a calidade dos espectáculos, senón que tamén permitirá a adaptación a novas formas de expresión artística.

En resumo, esta acción non só aborda a necesidade de mellorar e expandir as instalacións culturais, senón que tamén busca **fortalecer as conexións na comunidade artística local**. Carballo, ao investir no seu panorama cultural, consolidará a súa presenza como un **referente cultural atractivo e dinámico**, cimentando a súa identidade como unha **localidade comprometida co desenvolvemento cultural e turístico**.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2.1.1. Incorporáronse, nos instrumentos de ordenación, criterios que melloren a compacidade e o equilibrio urbano na cidade consolidada e nos novos desenvolvementos?

2.1.2. Porcentaxe de poboación próxima aos principais servizos básicos.

2.1.3. Superficie de edificios públicos e instalacións municipais sobre os que se van realizar actuacións de mellora da calidade e adecuación á demanda existente.







# 1.2.5.

## Mellora das infraestruturas deportivas existentes e creación de novas infraestruturas no municipio

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Máis de 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións deportivas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.1. Definir un modelo urbano que fomente a compacidade, o equilibrio urbano e a dotación de servizos básicos

A acción proposta aborda de maneira integral o **reforzo do sector deportivo en Carballo**. Coa participación activa das entidades deportivas locais, a acción ten como obxectivo principal crear unha **cidade deportiva** que ofrezca un amplo abanico de instalacións para satisfacer as necesidades tanto das persoas federadas como do deporte social.

A cidade deportiva proposta non só contempla infraestruturas esenciais, como campos de fútbol e pavillóns, senón que tamén incluírá **servizos exteriores e outras instalacións que se poidan desenvolver no futuro**. A **creación desta Cidade Deportiva** non só responderá á demanda actual, senón que tamén sentará as bases para un futuro máis activo, saudable e integrado na comunidade.

Carballo, como cabeceira de comarca, atrae a moitas persoas doutros municipios pola diversidade e calidade da oferta deportiva. A actual  **saturación do sector deportivo en Carballo**, evidenciada



pola gran cantidade de persoas tanto locais como doutros municipios que buscan a oferta deportiva do Concello, destaca a necesidade de ampliación e diversificación das instalacións existentes.

A posibilidade de **colaboración con outros Concellos** da área para a creación e colaboración en infraestruturas conxuntas reflicte un enfoque rexional e unha visión de traballo en conxunto para fomentar a práctica deportiva.

A acción tamén considera a necesidade de crear **instalacións para gardar o material** das asociacións deportivas, contribuíndo así á **organización e mantemento adecuado dos recursos deportivos**. A **modificación urbanística** necesaria para a creación desta Cidade Deportiva é un aspecto crítico que debe ser abordado para garantir a súa integración harmoniosa no tecido urbano existente.

A renovación e **mellora da accesibilidade** das infraestruturas deportivas existentes son elementos

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2.1.1. Incorporáronse, nos instrumentos de ordenación, criterios que melloren a compacidade e o equilibrio urbano na cidade consolidada e nos novos desenvolvementos?

2.1.2. Porcentaxe de poboación próxima aos principais servizos básicos.

2.1.3. Superficie de edificios públicos e instalacións municipais sobre os que se van realizar actuacións de mellora da calidade e adecuación á demanda existente.

clave para facer do deporte unha actividade inclusiva e accesible para toda a cidadanía. A adaptación destas instalacións para poder albergar **competicións nacionais e internacionais** que xa se están levando a cabo en varias disciplinas deportivas en Carballo ampliará a visibilidade do municipio no ámbito deportivo e atraerá novas persoas visitantes.

Ademais, a **inclusión de parques de calistenia e biosaludables** contribuirá á promoción dun estilo de vida saudable e activo entre os cidadáns. Os beneficios desta acción para a sociedade son amplos e van máis alá do ámbito deportivo, abrangendo aspectos como a **saúde cidadá, o benestar** e a creación dun punto de encontro social.





**Emprendemento de accións para a dixitalización da administración local e a páxina Web do Concello, mellorando a transparencia e aumentando tamén o número de trámites que se poden realizar de maneira telemática**

#### CARÁCTER

Proxecto

#### PRIORIDADE

Alta

#### PRAZO

Curto prazo

#### ORZAMENTO

200.000 €

#### AXENTES IMPLICADOS

Concello

#### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

9. Liderar e fomentar a innovación dixital

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

9.2. Fomentar a administración electrónica e reducir a fenda dixital

O Concello de Carballo conta cunha "**Memoria descriptiva para a optimización dos servizos de comunicacións entre Concello e cidadanía**". Este documento busca **mellorar as comunicacións do Concello** a través dunha serie de reformas operativas para poder ter un método máis fluído de comunicación e de traballo cara á cidadanía e de maneira interna na administración. O obxectivo do proxecto é a **maior operatividade de ambos ecosistemas (cidadanía e persoal traballador)** para o que se elaboran unha serie de liñas de execución:

- **Optimización da comunicación a través da creación dun asistente virtual:** A creación dun asistente virtual ou chatbot permitirá que en calquera momento (24x7) a cidadanía poida facer consultas ao Concello para poder realizar unha xestión ou trámite (a maior parte dos trámites serán totalmente en liña).
- **Renovación dos servizos web:** O obxectivo é o deseño,

desenvolvemento, publicación e mantemento dun Portal Web Municipal, cos seguintes obxectivos xerais:

- Dispoñer dun **Portal Web Municipal con deseño e funcionalidades modernas.**
  - **Mellora dos servizos ao cidadán fomentando o uso e a utilidade das novas tecnoloxías.**
  - Sistema de videoacta e **retransmisión de plenos por streaming.**
  - Dispoñer dun **servizo de mantemento** que permita manter o **Portal Web permanentemente actualizado.**
  - **Interoperabilidade:** O concello de Carballo xa cumpre coa maior parte dos requisitos de interoperabilidade debido a que xa dispón dun rexistro de entrada e saída plenamente interoperable, así como notificacións e facturación electrónicas.
  - **Servidor Cloud:** Este servizo permitirá mellorar o traballo en remoto e local do equipo de traballo do Concello asegurando a protección de punto a punto de todas as comunicacións entre a sede e o servidor. Neste servidor poderán compartir aplicacións, recursos e documentos entre todos os usuarios.
- Toda esta actualización poderá ir acompañada da **creación dunha plataforma cidadana única de xestión** dende a que se poida acceder a todos os servizos do Concello e realizar todo tipo de

#### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

9.2.1. Incorporáronse criterios para mellorar os servizos de administración electrónica e reducir a fenda dixital?

9.2.2. Porcentaxe de trámites e xestións a través de Internet de empresas e cidadáns.

trámites.

A nova plataforma Web poderá **engadir un apartado para a xestión dos recursos sociais ofrecidos** polo Concello en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro que traballan no territorio, facilitando o traballo das entidades e achegando o servizo á maior cantidade de persoas posible.

Tamén se poderá crear nesta Web un apartado para os **fondos documentais de Carballo** unha vez dixitalizados para **dar a coñecer este servizo á sociedade**, sobre todo no ámbito académico do último ciclo.

Unha vez realizados estes cambios **actualizaranse os datos de transparencia do Concello na plataforma DYNTRA.**





## Elaboración dun plan de comunicación sobre a Axenda Urbana de Carballo que asegure o coñecemento, por parte da poboación de Carballo, das actividades incluídas no Plan de Acción

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Baixa

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións culturais e sociais e grupos de persoas expertas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

10. Mellorar os instrumentos de intervención e a gobernanza

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

10.4. Diseñar e poñer en marcha campañas de formación e sensibilización en materia urbana, así como de intercambio e difusión da información

Co obxectivo de **asegurar un coñecemento amplo e participativo das actividades incluídas no Plan de Acción** da Axenda Urbana de Carballo, propónse a elaboración dun Plan de Comunicación. Esta actuación busca **fomentar a transparencia, a implicación e a comprensión da comunidade sobre as accións que se levarán a cabo para o desenvolvemento urbano sostíbel.**

O plan poderá incluír unha **estratexia de comunicación participativa** que promova a participación activa e inclusiva da comunidade. Incluindo **sesións de información, consultas públicas e mecanismos de retroalimentación** para que a cidadanía poida expresar as súas opinións e preocupacións.

Tamén se podería crear unha **plataforma en liña que centralice información detallada sobre a Axenda Urbana**, co acceso a documentos, mapas e proxectos. Ademais, poderían producirse

**materiais impresos accesíbeis para garantir que a información estea dispoñíbel en diferentes formatos e sexa accesíbel para toda a cidadanía.**

A **organización de eventos comunitarios regulares**, como charlas informativas, foros abertos e actividades participativas, servirá para **involucrar á comunidade de maneira directa**, facilitando un diálogo aberto sobre os proxectos e as súas implicacións.

Podería desenvolverse unha **presenza activa nas redes sociais e a colaboración cos medios de comunicación locais** para difundir información relevante.

Podería implementarse un **programa educativo que involucre escolas e centros educativos**, desenvolvendo **actividades pedagóxicas para fomentar o coñecemento e o interese dos máis novos sobre os principios e obxectivos da Axenda Urbana.**

Ademais, poderán indicarse neste plan, **métricas para monitorizar a eficacia da comunicación**, avaliando a participación comunitaria, a comprensión da información e a satisfacción da poboación. A partir destes datos, realizaranse **axustes continuos para mellorar a comunicación ao longo do tempo.**

Esta actuación procura **garantir unha comunicación efectiva e transparente entre o goberno local e a comunidade**, promovendo a colaboración e o

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**10.4.1.** Dispónse dun plan ou estratexia de formación e sensibilización cidadá que favoreza a consecución dos obxectivos establecidos na Axenda Urbana?

**10.4.2.** Número de persoas beneficiarias de actividades de formación e sensibilización nas materias incluídas na Axenda Urbana.

entendemento mutuo para o éxito da implementación da Axenda Urbana de Carballo.





## Creación dun sistema de intercambio de coñecementos e habilidades entre a veciñanza do rural

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Baixa

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais, culturais e sociais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.1. Reducir o risco de pobreza e exclusión social nas contornas urbanas desfavorecidas

Este sistema de intercambio servirá para que **as persoas participantes ofrezan as súas habilidades e tempo para axudarse unhas ás outras**, creando así unha **rede de apoio comunitario**. Neste contexto, a veciñanza pode trocar coñecementos e habilidades sen necesidade de intercambio monetario.

Este enfoque non só fomenta a **colaboración e a solidariedade na comunidade**, senón que tamén **aproveita o potencial das habilidades e coñecementos individuais**. Cada persoa pode contribuír co que mellor sabe facer, xa sexa xardinería, reparacións domésticas, ensino de idiomas ou calquera outra habilidade que poida ser compartida. O banco de tempo crea así unha plataforma para a conexión entre veciños e a creación dunha rede social máis forte e activa.

Os beneficios deste sistema son múltiples. En primeiro lugar, **reduce a dependencia de servizos externos e**

**fomenta a autosuficiencia da comunidade**. Ademais, promove unha maior interacción entre veciños, **reforzando os lazos comunitarios e a sensación de pertenza**. Tamén axuda a valorar e recoñecer as habilidades de cada individuo, creando un ambiente de igualdade e colaboración.

Para crear con éxito este sistema de intercambio, o **Concello de Carballo traballará da man das asociacións veciñais do rural**. En primeiro lugar, sería fundamental organizar **sesións informativas** para explicar o concepto e os beneficios deste sistema para a comunidade. Estas sesións poderían realizarse en colaboración coas asociacións veciñais, que xogarían un papel clave na difusión da información e na promoción da participación.

Unha vez establecido o interese na comunidade, o Concello, en coordinación coas asociacións veciñais, podería **facilitar a creación dunha plataforma dixital ou física para rexistrar as habilidades e necesidades dos participantes**. A colaboración estreita coas asociacións veciñais permitiría identificar as habilidades predominantes na zona e facilitar a organización de actividades e eventos que promovan o intercambio de coñecementos e habilidades.

O concello tamén poderá **ofrecer apoio técnico e recursos para o mantemento da plataforma**, así como coordinar reunións regulares para avaliar o progreso e identificar oportunidades de mellora.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**6.1.1.** Encóntranse adecuadamente identificadas as contornas urbanas que presentan un maior grado de vulnerabilidade social, económica e ambiental?

**6.1.2.** Orzamento invertido en actuacións realizadas en barrios vulnerables dende o punto de vista social, económico ou ambiental.

A creación deste sistema no rural non só potenciará as habilidades individuais, senón que tamén **consolidará a comunidade, aproveitando o potencial colectivo de habilidades e fortalecendo os lazos comunitarios**.





## Deseño dun programa de actividades lúdicas que traballen coa memoria histórica, o patrimonio inmaterial e o legado fomentando as relación interxeracionais

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Media

### PAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais, sociais, educativas e medioambientais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.1. Reducir o risco de pobreza e exclusión social nas contornas urbanas desfavorecidas

Esta actuación propón a creación dun programa de actividades, vencelladas ás contornas rurais, enfocadas á **dinamización das aldeas e as persoas** que as habitan e a valoración do patrimonio inmaterial e a memoria histórica que perdura nestes lugares.

Este programa se levará a cabo en **colaboración co sector asociativo do territorio**, entendendo a diversidade das mesmas como algo positivo para amosar unha gran cantidade de actividades diferentes para a cidadanía.

Terán, ademais, unha compoñente **interxeracional**, favorecendo, cando sexa posible, a relación das persoas de máis avanzada idade coas nenas e nenos dos colexios rurais. Este intercambio **favorecerá a concienciación, o entendemento a educación e dinamización dos valores** ademais de **loitar contra a soidade non desexada**.

Algunhas das **actividades** que se poderían levar a cabo dando apoio ás asociacións son:

- **Talleres de memoria** nas parroquias en colaboración coas entidades que xa están desenvolvendo estas actividades e as asociacións veciñais. Estes talleres poderán traballar a **memoria histórica**, buscando o **traspaso do patrimonio inmaterial**.
- **Percorridos didácticos** por lugares que tiveran grandes modificacións ao longo do tempo ou lugares de gran valor en relación ao **patrimonio do rural**. Estes percorridos poden desenvolverse da man das **asociacións medioambientais que xa están realizando este tipo de accións no territorio** e en **colaboración cos colexios do ámbito rural para favorecer o traspaso de información** e o legado dos máis maiores aos máis pequenos.
- **Talleres de envellecemento activo** con actividades lúdicas e deportivas, como as que xa se están levando a cabo na actualidade, para favorecer que a poboación se manteña activa a todas as idades ademais de permitir un encontro que, de maneira natural, loita contra a soidade non desexada.

Estas actividades desenvolveranse en torno aos **locais sociais** en colaboración coas **entidades veciñais de cada unha das parroquias rurais** do municipio, asegurando cubrir á poboación máis afastada do núcleo destes servizos.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6.1.1. Encóntranse adecuadamente identificadas as contornas urbanas que presentan un maior grado de vulnerabilidade social, económica e ambiental?

6.1.2. Orzamento invertido en actuacións realizadas en barrios vulnerables dende o punto de vista social, económico ou ambiental.

En complementariedade, se buscará **dotar a estes espazos comunitarios dun espazo de lectura**, destinando recursos bibliotecarios aos diferentes locais sociais para crear en cada parroquia unha **axencia de lectura**.

Este programa poderá abarcar maior **diversidade de actividades ao longo do tempo**, cambiantes e en colaboración con diferentes entidades do territorio (sociais, deportivas, educativas, ambientais, etc.) para obter unha **oferta ampla e actualizada**.





## Creación dun plan para dotar a todas as vivendas rurais da infraestrutura necesaria para unha boa conexión a Internet

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, entidades supralocais, propietarios e asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

9. Liderar e fomentar a innovación dixital

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

9.1. Favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar ata o desenvolvemento de Cidades Intelixentes (Smart Cities)

A creación deste plan marca unha significativa **aposta pola inclusión dixital e o progreso no ámbito rural de Carballo**. Non se trata só dunha cuestión tecnolóxica; é un paso crucial cara á construción dunha **comunidade rural resiliente e conectada coa modernidade**.

Ao dotar de acceso a Internet a tódalas vivendas rurais, Carballo crea un **atractivo para novos residentes**. Este influxo de poboación non só contribuirá á diversidade demográfica, senón tamén á **dinamización da economía local**. Os emprendedores e pequenos negocios locais poderán ampliar as súas fronteiras, aproveitando as oportunidades que ofrece a conexión dixital.

A **mellora da calidade de vida** é palpábel. As posibilidades que ofrece a conexión a Internet, desde o **teletraballo** ata a **educación en liña**, terán un impacto directo nos habitantes do rural. Ademais, facilitará o acceso a servizos de **atención médica remota**, mellorando así a atención sanitaria

en zonas onde a distancia ao centro urbano pode ser un desafío.

Este avance tamén contribuirá á **sostibilidade económica do rural**, pois os produtos e servizos locais poderán chegar a un público máis amplo a través de **plataformas dixitais**. A economía local verá un estímulo, e as oportunidades turísticas aumentarán coa posibilidade de promover actividades e atractivos en liña.

A **redución da fenda dixital xeracional** tamén é un aspecto notable desta iniciativa. Ao garantir que todas as xeracións teñan acceso á tecnoloxía, Carballo está a traballar na construción dunha comunidade inclusiva, onde o **coñecemento e a información son compartidos entre a vecindade de tódalas idades**.

Para alcanzar este obxectivo Carballo establecerá unha **estratexia e un diálogo coas entidades supralocais** competentes e as



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

9.1.1. Dispónse dun plan ou estratexia local para avanzar cara un modelo urbano intelixente?

9.1.2. Número de usuarios que están cubertos por un determinado servizo público electrónico de Smart Cities.

entidades veciñais e de propietarios afectadas para, conxuntamente, **plantexar unha liña de ruta** con base nos obxectivos identificados.

En resumo, a creación deste plan non só representa unha mellora da infraestrutura dixital no rural, senón que tamén actúa como motor de desenvolvemento económico, mellora da calidade de vida e inclusión social. Carballo está a trazar unha senda innovadora cara á **construción dun rural sostíbel e conectado co século XXI**.





## Creación dun plan de mellora da accesibilidade e a eficiencia enerxética nas edificacións rurais

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, propietarios e asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.6. Mellorar a calidade e a sustentabilidade dos edificios.

O obxectivo principal da creación deste plan é **promover un entorno construtivo máis sustentábel e accesíbel**, abordando tanto aspectos de mobilidade como de eficiencia enerxética.

A través deste plan, buscarase **incorporar medidas para facer que as edificacións rurais sexan máis accesíbeis para todas as persoas**, incluíndo aquelas con mobilidade reducida. Iso pode incluír a instalación de ramplas, a adaptación de portas e a eliminación de barreiras arquitectónicas para asegurar que as vivendas e instalacións rurais sexan accesíbeis para todos.

No que respecta á eficiencia enerxética, o plan buscará **identificar oportunidades de mellora nas estruturas das edificacións**. Isto pode incluír a instalación de sistemas de illamento, a mellora dos sistemas de calefacción, a implementación de tecnoloxías enerxéticas sustentábeis e a promoción do uso de fontes de enerxía renovable.

Este plan tamén pode incluír **programas de concienciación e formación** para os propietarios e habitantes das edificacións rurais sobre a importancia da eficiencia enerxética e a accesibilidade universal. A colaboración coas partes interesadas locais, como empresas de construción e organismos de planificación, será esencial para a implementación exitosa deste plan.

En resumo, a creación deste plan aborda **dúas cuestións** cruciais:

- A **accesibilidade** nun entorno no que a poboación está moi envellecida e precisa de vivendas accesíbeis para as persoas con mobilidade reducida.
- A **mellora da eficiencia enerxética** en vivendas que, na súa gran maioría, teñen unha idade avanzada e carecen de medidas de illamento e calefacción adecuadas para as necesidades actuais.

Estas medidas contribuirán á **mellora da calidade de vida nas**

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**2.6.1.** Dispónse dalgún plan de rehabilitación dos edificios, que realice unha diagnose da súa situación e estableza prioridades e actuacións para impulsar a súa mellora?

**2.6.2.** Superficie de edificios suxeitos a actuacións de rehabilitación.

**2.6.3.** Número de vivendas suxeitas a actuacións de rehabilitación.

**zonas rurais** e á construción dun entorno máis sustentábel no rural de Carballo permitindo que persoas máis novas decidan mudarse a este entorno a través de rehabilitación destas vivendas.







## Programa para a difusión das posibilidades de emprendemento no rural, facendo énfase no fomento do sector primario

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais e económicas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica

Este programa ten como obxectivo principal **impulsar o emprendemento no rural**, coa atención especial no fomento do **sector primario** en Carballo. A través da difusión de información clave e a creación de canles de comunicación efectivas, busca **estimular novas iniciativas económicas e promover a colaboración entre emprendedores**.

O programa facilitará, en primeiro lugar, información clara e accesíbel sobre os recursos dispoñíbeis e as **vías de apoio para novas iniciativas** que xa hai actualmente e das que se poderían beneficiar as persoas que implanten un negocio no rural de Carballo.

En relación co punto anterior, a través desta acción se poderán **facilitar encontros directos entre as persoas emprendedoras do rural e o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) da zona**, permitindo unha interacción máis próxima na que trasladar necesidades conxuntas e recibir asesoramento sobre os plans de desenvolvemento

rural, subliñando os recursos dispoñíbeis e indicando os pasos necesarios para impulsar proxectos no ámbito rural.

Ademais se promoverá a **creación e fortalecemento de cooperativas no ámbito rural** destacando as vantaxes desta forma de organización, fomentando a colaboración entre os habitantes do rural para **impulsar iniciativas económicas sostíbeis** e amosando os casos de éxito enfocados, sobre todo, nas cooperativas do sector primario.


A continuación se difundirá información específica sobre as **oportunidades que ofrece este sector primario**, facilitando recursos e asesoramento sobre as actividades agrícolas, gandeiras, e outras oportunidades económicas relacionadas coa explotación sustentábel dos recursos naturais do rural galego e, concretamente, das **potencialidades de Carballo neste sector**.

Este programa busca non só informar sobre as oportunidades existentes, senón tamén **crear un ambiente propicio para o networking e a colaboración entre emprendedores, cooperativas e os organismos de apoio ao desenvolvemento rural** en Carballo.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.1.1. Dispónse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostíbeis.







## Creación dun banco de terras municipal para poñer de novo en produción as terras actualmente en desuso

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, propietarios e asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica

Esta acción ten por obxectivo **revitalizar as terras en desuso, impulsando así a produción agrícola e favorecendo o desenvolvemento rural sostíbel.** O banco de terras servirá como intermediario entre as persoas propietarias sen recursos para cultivar as súas terras e persoas ou entidades interesadas en traballalas.

Esta acción podería levarse a cabo da seguinte maneira:

- 1. Identificación de Terras Disponíbeis:** O proceso comezará coa identificación de terras en desuso ou abandonadas no ámbito municipal. Será necesario establecer un inventario completo coa información sobre a súa ubicación, tamaño e estado actual.
- 2. Creación dun Rexistro Municipal:** Implantarase un rexistro que recolla tódalas terras dispoñíbeis e as súas características. Este rexistro estará dispoñíbel para o público e funcionará

como unha ferramenta para conectar persoas propietarias e potenciais persoas cultivadoras interesadas.

- 3. Promoción e Sensibilización:** Levar a cabo campañas de promoción e sensibilización entre propietarios de terras e posibles agricultores informando sobre os beneficios económicos e sociais da posta en valor das terras en desuso.
- 4. Negociación e Acordos:** Facilitar a negociación e a firma de acordos entre persoas propietarias e persoas agricultoras interesadas establecendo termos claros e xustos que beneficien ambas as partes, promovendo a utilización sostíbel dos recursos e o estímulo económico para as persoas agricultoras.
- 5. Asesoramento Técnico e Financeiro:** Proveer asesoramento técnico e financeiro ás persoas agricultoras facilitando o acceso a recursos, coñecementos agrícolas e apoio económico para garantir o éxito das novas explotacións.
- 6. Seguimento e Avaliación:** Poderá, a continuación, implementarse un sistema de seguimento e avaliación para medir o éxito da posta en marcha das terras e a súa contribución á economía local. Esta información retroalimentará o proceso e axudará a mellorar as futuras iniciativas do banco de terras.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**7.1.1.** Dispónse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

**7.1.2.** Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostíbel.

A creación dun Banco de Terras Municipal non só revitalizará as terras en desuso, senón que tamén **estimulará a actividade económica no ámbito rural**, promovendo a sostibilidade e o aproveitamento responsable dos recursos agrícolas do municipio.





## Emprendemento de melloras no viario estruturante do rural e na súa pavimentación

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Largo prazo

### ORZAMENTO

10.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.4. Mellorar o medio ambiente urbano e reducir a contaminación.

Carballo conta cun amplo territorio rural estruturado en **18 parroquias** que conforman un total de 11.115.946,79 m<sup>2</sup> e presentaban en 2015 (momento de aprobación do PXOM) un **grao de consolidación total do 63,38%**.

Neste contexto, dos 267 núcleos rurais delimitados polo PXOM, 66 son considerados histórico-tradicionais, 25 comúns e 176 complexos. Estes últimos, unhas 2/3 partes respecto do total, son o reflexo do **alto grao de transformación que sufriron as estruturas tradicionais** debido ao desenvolvemento social e económico do Concello.

Co obxectivo de **impulsar o desenvolvemento e calidade de vida nas zonas rurais**, emprenderase esta acción de mellora do viario estruturante e a súa pavimentación.

Estas intervencións son esenciais para **atender ás necesidades das persoas residentes no rural**, garantindo unha **mobilidade segura e accesible** e a conexión eficiente entre estas áreas rurais e

o núcleo urbano, facilitando desta maneira o acceso aos diferentes servizos que se ubican na vila central.

A **conexión efectiva entre os espazos rurais e o núcleo urbano** é un aspecto crucial desta acción. Mellorar a accesibilidade non só beneficia ás persoas que residen nas áreas rurais, senón que tamén **fomenta unha integración máis completa coas instalacións e servizos urbanos**. Así, esta acción non só aborda necesidades inmediatas, senón que establece as bases para un **crecemento equitativo e sustentábel nas áreas rurais de Carballo**.

A atención especial a estas áreas non só promove un ambiente máis agradable para os habitantes do rural, senón que tamén **fortalece**



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**2.4.1.** Disponse de plans de mellora da calidade do medio ambiente urbano orientados á mellora das zonas verdes urbanas e á redución da contaminación?

**2.4.2.** Porcentaxe de poboación próxima ás zonas verdes urbanas ou áreas de esparcemento.

**2.4.3.** Superficie de solo urbano suxeita a actuacións de recuperación, rehabilitación ou mellora.

### a identidade e o sentido de comunidade.

O proxecto procura **garantir que as actuacións se realicen de maneira sustentábel**, respectando o entorno natural e contribuíndo á preservación do patrimonio local.

A maiores das pavimentacións propias de cada núcleo rural, levarase a cabo a **execución das obras de acondicionamento do tramo de conexión da DP 1916 de acceso á zona de Pedra do Sal**, vía de gran relevancia na estruturación do territorio e na relación cos novos desenvolvementos da costa.

Este amplo proxecto contén actuacións xa executadas, outras en proceso e outras pendentes de desenvolvemento que se emprenderán próximamente.





## Creación dun sistema de medición de contaminación aérea e acústica

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

3.2. Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro

A acción proposta responde á necesidade de establecer unha infraestrutura efectiva para **monitorizar a calidade do aire e os niveis de ruído** en Carballo. Esta iniciativa non só busca **identificar e abordar posibles fontes de contaminación**, senón que tamén se orienta a **contribuír á prevención e redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI)**.

A creación deste sistema de medición é un paso crucial para a xestión sostible dos recursos medioambientais. Ao monitorizar a concentración de partículas e substancias no aire, a acción permitirá **identificar áreas críticas e implementar medidas correctivas** para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro. Ademais, ao medir a redución anual destas emisións, contribuirá ao seguimento dos esforzos do concello na loita contra o cambio climático.

No ámbito da **contaminación acústica**, o sistema proporcionará



datos precisos sobre os niveis de ruído na área urbana. Esta información será esencial para **avaliar o impacto sonoro na saúde pública** e para establecer estratexias destinadas a reducir os niveis de ruído en áreas críticas. A **concienciación pública sobre os efectos da contaminación acústica** tamén xogará un papel crucial nesta acción.

A recolección destes datos facilitará a implantación dun **sistema de información ambiental** que se empregará para recoller, almacenar, procesar, analizar e presentar toda a información relacionada co medio ambiente.

Esta ferramenta será clave para o **seguimento e avaliación das políticas ambientais**, permitindo recoller información e facilitar así a toma de decisións informadas, ao ofrecer datos que permiten **identificar problemas ambientais, avaliar impactos e avaliar a efectividade das accións** elaboradas para paliar estes impactos.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

3.2.1. Dispónse dalgún plan ou estratexia de calidade do aire que realice unha diagnose da súa situación e estableza prioridades e actuacións para impulsar a súa mellora?

3.2.2. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro (GEI) e do número de días en que se superan os límites de calidade do aire.

A implementación do sistema non só promoverá a transparencia e a **toma de decisións informadas**, senón que tamén instigaría a participación activa da comunidade na loita contra a contaminación e o cambio climático. A creación deste sistema de medición representa un **compromiso coa mellora da calidade de vida dos residentes de Carballo** e coa construción dun entorno urbano máis sustentable e saudable.





## Deseño dun sistema de políticas para o fomento da creación de iniciativas empresariais baseadas no ecodeseño e no emprego de materias primas recicladas e reciclables

### CARÁCTER

Política

### PRIORIDADE

Baixa

### PRAZO

Longo prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades do sector privado

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

4.3. Fomentar o ciclo dos materiais

Esta acción contribuirá de maneira significativa á **promoción do ciclo dos materiais** e á **xestión sostible dos recursos** en Carballo. Ademais impulsará a adopción de prácticas empresariais que minimizan o desperdicio e fomentan a reutilización de materiais, axudando a construír unha **economía máis circular**.

Ao promover o ecodeseño, as empresas estarán **comprometidas coa creación de produtos que se poidan descompoñer ou reciclar** de maneira eficiente ao final da súa vida útil. Isto non só reduce a cantidade de residuos, axudando así á **xestión sostible dos recursos**, senón que tamén fomenta a **integración de materiais reciclados nos procesos produtivos**.

A economía circular promove o **uso eficiente dos recursos**, asegurando que os materiais manteñan o seu valor e se reintegren no ciclo produtivo. As iniciativas empresariais que se desenvolvan a través deste plan contribuirán

a este obxectivo, favorecendo a transformación de residuos en recursos e promovendo **modelos de negocio que minimizan o impacto ambiental**.

Ademais, esta acción tamén fomenta a **creación dunha cultura empresarial que valora a responsabilidade ambiental e a sostibilidade**, aspectos clave nun contexto onde a sociedade e os consumidores cada vez máis buscan alternativas que promovan unha xestión eficiente dos recursos.

**O Concello de Carballo poderá desenvolver diversas políticas** para fomentar a creación de iniciativas empresariais baseadas no ecodeseño e no emprego de materias primas recicladas e reciclables. Algúns dos enfoques posibles inclúen:

**Incentivos fiscais e económicos**, establecendo descontos fiscais ou incentivos económicos para as empresas que adopten prácticas de ecodeseño e empreguen materias primas recicladas.

**Programas de formación e asesoramento** para empresas interesadas en adoptar prácticas máis sustentables. Poderanse proporcionar recursos e información sobre ecodeseño, xestión de residuos e integración de materiais reciclados nos procesos produtivos.

**Certificacións e recoñecementos ambientais**, establecendo programas de recoñecemento ou certificacións ambientais para as empresas que alcancen determinados estándares

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**4.3.1.** Incorporáronse criterios na xestión urbana encamiñados a fomentar o ciclo sostible dos materiais e recursos no marco da economía circular?

**4.3.2.** Orzamento invertido en actuacións que empregan materiais locais e facilmente reciclables.

de sustentabilidade. Estes recoñecementos poderían ser utilizados para promocionar as empresas a nivel local e nacional.

**Colaboración con entidades externas**, establecendo colaboracións coas entidades locais, asociacións empresariais, ecolóxicas e institucións educativas para fortalecer a implementación destas políticas. A **cooperación co sector privado e outros axentes da comunidade** pode ser clave para o éxito desta acción.

Estas políticas poden traballar en conxunto para **crear un ambiente propicio para o desenvolvemento de iniciativas empresariais sostibles** en Carballo.





## Execución da estratexia de Barrios Sostibles elaborada previamente

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Máis de 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente.

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.5. Impulsar a rexeneración urbana.

Na "**Estratexia de mellora e xestión do espazo público e da mobilidade do Concello de Carballo**" se definen 4 zonas (barrios) a mellorar, gañando espazo para peóns, facendo de Carballo un lugar amable e agradable.

As actuacións propostas nestes barrios e rúas fomentará a rehabilitación de edificios privados, xa que se trata de zonas densamente edificadas pero con baixa ocupación, fomentando o uso da vivenda usada.

As **medidas** que inclúe este plan son principalmente tres:

1. **Mellora da mobilidade, calado do tráfico e prioridade peonil:** a solución que se pretende acometer é a da plataforma única, con beirarrúas anchas, preferencia polos sentidos únicos de circulación e fomento da mobilidade peonil seguindo coas actuacións xa implantadas por diferentes rúas do Concello. Propónse a actuación no barrio das Flores, no barrio Milagrosa - Igrexario, no barrio Chorís - A Braña e no barrio dos Baños

Vellos.

2. **Mellora da rede de aparcamentos disuasorios municipais e novas áreas:** co fin de optimizar os actuais aparcadoiros disuasorios, redactouse un proxecto que propón levar a cabo a súa ordenación mediante a mellora da pisada e a execución da sinalización horizontal e vertical. Ademais, propónse a creación de novos aparcadoiros que xa estaban indicados na Estratexia de Mobilidade Urbana de Carballo.
3. **Plan director de parques e xardíns:** Coa idea de que se melloren as contornas para a infancia complétase a rehabilitación dos barrios coa reforma integral de varios parques infantís fomentando os usos sostibles e adaptados a tódalas persoas. Os parques que se reformarán son os seguintes: Concello, Cruz Vermella, Hospital, Rego Da Balsa, Eduardo Pondal, San Cristóbal, Chorís, Anllóns I, Anllóns II, Milagrosa, Concordia, Razo.


### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2.5.1. Dispónse dalgún plan de rexeneración urbana de barrios, que incorpore actuacións de mellora social, económica e ambiental?

2.5.2. Orzamento das actuacións de rexeneración urbana previstas en barrios vulnerables dende o punto de vista social, económico e ambiental.

2.5.3. Orzamento das actuacións en materia de rehabilitación urbana acollidas a plans públicos de vivenda.

Todas estas medidas propostas son o froito dun traballo de planificación e implementación a curto-medio prazo dos seguintes documentos: PXOM, PMUS, Plan Director Baños Vellos de Carballo e Plan Director de Parques e Xardíns.



Actuacións incluídas na Estratexia de Barrios sostibles de Carballo.





# 4.1.4.

## Emprendemento das obras necesarias para o soterramento das liñas de alta tensión que percorren o municipio de Carballo

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e empresas da enerxía

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

3. Previr e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

3.1. Adaptar o modelo territorial e urbano aos efectos do cambio climático e avanzar na súa prevención

O Concello de Carballo entende a necesidade de emprender as obras necesarias para o **soterramento das liñas de alta tensión** que percorren o municipio por vía aérea na actualidade. Este tipo de actuación require unha planificación detallada e a colaboración con compañías eléctricas e organismos reguladores. A importancia de levar a cabo este proxecto radica en varios aspectos cruciais para o benestar e a seguridade dos cidadáns.

En primeiro lugar, o soterramento das liñas de alta tensión contribuiría de maneira significativa á **redución dos riscos para a saúde cidadá** debido á exposición prolongada a campos electromagnéticos. Estudos científicos indican que a exposición a estes campos pode estar relacionada con problemas de saúde, e o soterramento destas liñas axudaría a mitigar esta exposición directa.

Ademais da cuestión de saúde, o soterramento tamén **melloraría a estética e o entorno urbano do municipio**. As liñas aéreas de

alta tensión poden ser visiblemente intrusivas e afectar a calidade visual dos espazos públicos. O soterramento destas liñas contribuiría á mellora do paisaxe urbano, facendo que o entorno sexa máis agradable e esteticamente atractivo.

Outro aspecto relevante é a **promoción da seguridade**. O soterramento destas liñas pode reducir os riscos de caídas e danos materiais en casos de inclemencias meteorolóxicas extremas, como tormentas ou ventos fortes. Ao enterrar as liñas, o risco de apagóns ou problemas relacionados coas condicións climáticas extremas tamén sería menor.

A nivel urbanístico, o soterramento das liñas de alta tensión podería permitir un **mellor aproveitamento do espazo público**, sen as restricións visuais e estruturais impostas polas liñas aéreas. Isto facilitaría a planificación e execución de proxectos urbanos, parques ou infraestruturas sen as limitacións das liñas aéreas.

Para levar a cabo esta acción será

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

3.1.1. Dispónse dalgún plan ou estratexia para a adaptación ao cambio climático de ámbito local e prevención fronte a riscos naturais?

3.1.2. Superficie de solo urbano na que se prevé realizar actuacións de mellora ou prevención de riscos naturais, incluíndo o risco de incendios e inundacións.

necesario, nun primeiro momento, un **estudo técnico e orzamentario** para avaliar a viabilidade e os custos asociados co proxecto. Estes estudo deberá considerar aspectos como a infraestrutura existente, a profundidade de escavación necesaria e os impactos no tráfico e nas áreas circundantes.

A continuación se levará a cabo a obtención dos permisos necesarios das autoridades competentes como permisos medioambientais, urbanísticos e de construción.





# 4.2.1.

**Creación dun proxecto de Comunidade Enerxética Local para reducir o consumo dos entes públicos, privados e da cidadanía do municipio e que sirva como potenciador de novas iniciativas**

## CARÁCTER

Proxecto

## PRIORIDADE

Alta

## PRAZO

Curto prazo

## ORZAMENTO

Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €

## AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais e grupos de expertos

## OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

## OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

4.1. Ser máis eficientes en termos enerxéticos e aforrar enerxía

No avance cara unha transición enerxética, a **implementación de enerxías renovables para o autoconsumo** xoga un papel fundamental. As **Comunidades Enerxéticas Locais**, abastecidas mediante **fontes de enerxía renovables**, poden xogar un papel de gran relevancia en esta transición, **asociando a persoas e entidades para xerar, consumir e xestionar a enerxía de maneira comunitaria**, acercando os puntos de xeración aos de subministro e **reducindo, polo tanto, a dependencia enerxética dos grandes xeradores**.

Neste contexto, o **Concello de Carballo** **quere impulsar a creación dunha CEL no municipio** que servirá de exemplo para a posterior creación de outras.

Estas Comunidades Enerxéticas suporán unha **mellora da calidade de vida das persoas que alí viven**, asegurando un **acceso xusto ás fontes de enerxía renovables** e permitindo reducir os custos enerxéticos das familias

e entidades sociais, **avanzando na loita contra a pobreza enerxética**, problemática de gran relevancia na situación actual e, con maior incidencia, no rural galego.

A implantación dunha primeira CEL no municipio, xunto coa conseguinte divulgación dos resultados da mesa, **favorecerá a creación de novas Comunidades Enerxética no termo municipal**.

Favorecer o cambio cara á produción descentralizada de enerxía entraña moitas vantaxes para o territorio, tales como a **utilización de fontes locais de enerxía, maior seguridade na subministración, traxectos de transporte máis curtos e menores perdas na transmisión de enerxía**. A descentralización a través da creación de Comunidades Enerxéticas Locais, baseadas na utilización dos recursos endóxeos do territorio **favorecerá o desenvolvemento local e a cohesión social, o que contribuirá a paliar os problemas asociados ao despoboamento**.



## INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4.1.1. Dispónse dalgún Plan ou Estratexia de Acción para a Enerxía sostible (PAES) ou instrumento equivalente que estableza obxectivos locais en este ámbito?

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación, infraestruturas e servizos públicos.

A creación destas CEL debe ter como **consumidor e produtor principal ao Concello de Carballo**, asegurando a viabilidade do proxecto pola ampla demanda e capacidade para a produción de enerxía da que dispoñen os edificios municipais. Ademais, esta característica permitirá **crear novas CEL ao longo do territorio de Carballo asociadas aos edificios públicos** que se atopan repartidos por todo o municipio de Carballo.





## Emprendemento de obras pasivas e con solucións baseadas na natureza para a rehabilitación enerxética dos edificios municipais

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

2.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4. *Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular*

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

4.1. *Ser máis eficientes en termos enerxéticos e aforrar enerxía*

O Concello de Carballo conta cun proxecto denominado "Carballo sostible. Enerxías renovables e eficiencia enerxética dos edificios públicos do Concello de Carballo".

Este proxecto ten como obxectivo principal mellorar a cualificación enerxética de 18 edificios públicos do Concello de Carballo: Pazo da Cultura, Casa do concello, Ludoteca, Ambulatorio vello, Centro Social de Berdillo, Centro Social Sofán, Centro Social As Cances, Complexo Deportivo As Eiroas, Complexo Deportivo Carvalho Calero, Complexo Deportivo Vila de Noia, Fórum Carballo, Biblioteca-Museo, Mercado, Cemiterio, Campo de Fútbol As Pedreiras.

O proxecto singular Carballo Sostible expónse a partir da auditoría enerxética realizada no mes de xuño de 2017 a todos os edificios municipais, na que se evidenciou estado dos mesmos e o seu comportamento en relación ao consumo enerxético e expuxéronse unha serie de medidas e actuacións para contribuír a reducir o devandito

consumo en cada un dos edificios.

Isto levarase a cabo a través da implantación de catro tipos de medida:

#### **Medida 1. Rehabilitación enerxética da envolvente térmica dos edificios municipais existentes.**

No marco desta medida actuarase en catro dos 14 edificios anteriormente mencionados: a Casa do concello, a ludoteca, o ambulatorio vello e o centro social de Berdillo. No que respecta a as actuacións obxecto da axuda, a intervención incluírá a rehabilitación enerxética de fachadas, de cubertas e de xanelas e lucernarios.

#### **Medida 2. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios municipais existentes.**

No marco desta medida actuarase en once edificios municipais: ludoteca municipal, campo de fútbol As Eiroas, complexo deportivo Carvalho Calero, Complexo deportivo Vila de Noia, centros sociais de Berdillo, Sofán, Cances, Fórum Carballo e a Biblioteca-Museo. En relación ás actuacións, dependen das características de cada edificio.

#### **Medida 3. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación interior nos edificios municipais existentes.**

No marco desta medida expónse a substitución das luminarias actuais por outras con tecnoloxía LED nos 18 edificios municipais anteriormente relacionados.

#### **Medida 11. Instalacións para uso térmico da biomasa.** As

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4.1.1. *Dispónse dalgún Plan ou Estratexia de Acción para a Enerxía sostible (PAES) ou instrumento equivalente que estableza obxectivos locais en este ámbito?*

4.1.2. *Consumo de enerxía pola edificación, infraestruturas e servizos públicos.*

actuacións obxecto de axuda nesta medida aplicarase a catro edificios municipais, concretamente, o Pazo da Cultura, o ambulatorio vello e o complexo deportivo As Eiroas.

Ademais, o proxecto contempla a renovación das instalacións de alumead, iluminación e sinalización exterior en relación coa mellora da eficiencia enerxética no espazo público. Levarase a cabo a mellora das instalacións de iluminación nos terreos de xogo do Complexo Deportivo (Campo de Fútbol) das Eiroas.





## Planificación e implementación de sistemas de monitorización, telexestión e optimización dos recursos de auga e enerxía nos espazos públicos para reducir o consumo e facelos autosostibles

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Longo prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € a 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

4.2. Optimizar e reducir o consumo de auga

Co obxectivo de **promover a sostibilidade e a eficiencia nos espazos públicos de Carballo**, propónse a utilización de novos sistemas destinados á **redución de consumo**, tanto de auga como eléctrico, para facer estes espazos autosostibles.

A implementación destes sistemas responde á necesidade imperante de aforro enerxético e de auga e se basearán en **dous tipos de actuacións**:

- Por un lado, a **implementación de sistemas pasivos para a xestión da auga nos espazos públicos**, centrándose na infiltración ou captación e aproveitamento eficiente da auga de choiva. A **infiltración** asegúrase a través do emprego de pavimentos permeables nos espazos públicos que permitan o transcurso da auga de cara ás capas inferiores da terra. **A auga captada e almacenada** poderá empregarse para o regadío e a limpeza destes espazos públicos.
- Por outro lado, a

**implementación de novas tecnoloxías na xestión enerxética do alumeadado público** poderá **empregar enerxías renovables**, como a enerxía solar, para alimentar os sistemas de alumeadado de maneira sostíbel. Isto, xunto co **cambio por iluminación de LED**, con consumos moi inferiores e de maior durabilidade, conformará un sistema eficiente de iluminación. Complementariamente, a **instalación de posibles sensores de presenza e luminosidade** contribuirá á eficiencia enerxética destes espazos, axustando a intensidade da luz en función das necesidades reais, minimizando así o desperdicio enerxético en momentos de menor demanda.

A **monitorización** permitirá un **control en tempo real dos consumos**, identificando áreas de potencial aforro e promovendo o uso eficiente dos recursos. A **telexestión** facilitará axustes automáticos e **optimización dos sistemas**, adaptándose ás condicións específicas de cada momento e **maximizando a eficiencia enerxética e hídrica**.

Estes sistemas non só se incorporarán nas novas intervencións en espazos públicos, senón tamén nas reformas dos espazos abertos existentes.

A renovación de infraestruturas permitirá integrar tecnoloxías modernas, asegurando que **mesmo os espazos públicos existentes se benefician das vantaxes**

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**4.2.1.** Dispónse dun plan de xestión sostible da auga ou instrumento equivalente que permita avanzar na sostibilidade e eficiencia dos recursos hídricos da cidade?

**4.2.2.** Porcentaxe de autosuficiencia hídrica.

### destes avances.

As reformas buscarán non só a modernización, senón tamén a **transformación destes espazos en modelos de autosostibilidade**, promovendo prácticas sustentábeis e concienciando á comunidade sobre a importancia da eficiencia nos recursos.





# 4.2.4.

## Remate das obras indicadas nos plans directores de abastecemento e saneamento para o municipio

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Largo prazo

### ORZAMENTO

Abastecemento: 15.000.000 €

Saneamento: 7.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades veciñais


### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

4.2. Optimizar e reducir o consumo de auga

Carballo contaba en 2009 cun "Estudo Director para a Mellora do Abastecemento no Termo Municipal de Carballo". O notable crecemento demográfico experimentado nos últimos anos no Concello de Carballo impactou na rede de abastecemento de auga.



A pesar de certas accións tomadas a raíz deste estudo, como a nova captación-ETAP no río Bardoso, algúns problemas persistiron, polo que se planificaron solucións aplicando unha actualización no ano 2014 a través dunha análise da rede integral de abastecemento mediante simulación por ordenador e **adaptando as actuacións aos obxectivos estratéxicos do municipio.**

A día de hoxe parte destas actuacións xa foron acometidas pero **seguen faltando obras que se levarán a cabo no medio prazo** incluíndo tamén a eliminación de fibrocemento de toda a rede de abastecemento.


O municipio de Carballo conta cun **Plan Director de Saneamento** que busca planificar as inversións necesarias para asegurar o correcto funcionamento da infraestrutura a través das seguintes **accións:**

- **Incrementar a cobertura do servizo** para chegar a todos os núcleos con poboación igual ou superior a 50 habitantes no período 2.015-2.030, o cal supón pasar dun 91% na actualidade a aproximadamente o 95% no 2.030.
- **Mellorar a eficiencia do sistema actual** mediante a redución de infiltración de augas brancas, a conexión de pequenos subsistemas de saneamento a outros de maior dimensión, melloras puntuais do sistema actual e implantación dun sistema de telecontrol.
- **Asegurar a correcta funcionalidade do futuro sistema.**

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**4.2.1.** Dispónse dun plan de xestión sostible da auga ou instrumento equivalente que permita avanzar na sostibilidade e eficiencia dos recursos hídricos da cidade?

**4.2.2.** Porcentaxe de autosuficiencia hídrica.







# 4.2.5.

## Creación dun plan de Emerxencia e Xestión do Risco de Seca

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, entidades medioambientais e grupos de expertos

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

3. Prever e reducir os impactos do cambio climático e mellorar a resiliencia

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

3.3. Mellorar a resiliencia fronte ao cambio climático

Co obxectivo de **facer fronte aos desafíos asociados á variabilidade climática e garantir unha xestión sustentábel da auga**, propónse a creación dun "Plan de Emerxencia e Xestión de Risco de Seca" en Carballo. Este plan integral responderá ás necesidades actuais e futuras, **asegurando unha resposta eficiente ante episodios de escaseza de auga**.

O plan podería incluír:



- **Diagnóstico da Situación Hídrica:** Realizará unha avaliación exhaustiva das fontes hídricas e a súa variabilidade en Carballo. Analizarase a capacidade de captación, almacenamento e distribución, identificando áreas vulnerables e posibles fontes de risco.
- **Identificación de Medidas de Prevención:** Desenvolverá medidas preventivas para minimizar os efectos da seca, incluíndo a promoción de prácticas de uso eficiente da auga, a captación de auga de chuvia, a rehabilitación de infraestruturas e a diversificación das fontes de abastecemento.
- **Xestión da Demanda e Educación Ambiental:** Establecerá programas de sensibilización e educación ambiental para a comunidade, promovendo prácticas de consumo responsable e a conciencia sobre a importancia da auga como recurso limitado.
- **Creación de Reservas Estratéxicas:** Desenvolverá plans para a creación de reservas estratéxicas de auga, identificando ubicacións adecuadas e implementando sistemas de almacenamento que permitan responder rápida e eficientemente en momentos de escaseza.
- **Monitorización e Alerta Temprá:** Implantará sistemas de monitorización en tempo real para avaliar os niveis de auga e anticipar posibles riscos.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

3.3.1. Dispónse dalgún plan ou estratexia para a mellora da resiliencia das cidades ante situacións adversas e a redución dos danos?

3.3.2. Superficie de solo urbano na que se prevén realizar actuacións de mellora ou creación de zonas verdes e/ou espazos baseados en modelos autóctonos e criterios bioclimáticos.

Establecerá un sistema de alerta temprá para informar á comunidade e tomar medidas preventivas en caso de risco de seca.

- **Coordinación Interinstitucional:** Fomentará a colaboración entre entidades locais, autonómicas e nacionais para garantir unha resposta coordinada en situacións de emerxencia, optimizando os recursos dispoñíbeis.

Este plan é esencial no contexto actual, onde o cambio climático **aumenta a frecuencia e intensidade de eventos climáticos extremos, como a seca**. A creación do plan asegurará a xestión sustentábel dos recursos hídricos, **protexendo o abastecemento de auga e preservando o medio ambiente en Carballo**.





# 4.2.6

## Deseño dun programa de difusión e impulsión de novos modelos de vivenda baseados na eficiencia enerxética, a optimización dos recursos e os modelos de vivenda pasiva

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Baixa

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais e grupos de expertos

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4. Facer unha xestión sostible dos recursos e favorecer a economía circular

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

4.1. Ser máis eficientes en termos enerxéticos e aforrar enerxía

Co obxectivo de promover a eficiencia enerxética e a implementación de modelos de vivenda pasiva en Carballo, propónse este programa de difusión que abordará a **necesidade de optimizar os recursos, reducir a pegada ecolóxica e promover unha forma sostíbel de construción.**

O programa incluírá **campañas de sensibilización para a comunidade** sobre a importancia da eficiencia enerxética e os beneficios dos modelos de vivenda pasiva. Ademais, poderá proporcionar formación para profesionais da construción e arquitectura, promovendo a adopción de prácticas innovadoras.

Poderá tamén **desenvolver e revisar as normativas locais para incorporar estándares de eficiencia enerxética** e requisitos para vivendas pasivas; establecendo a necesidade de certificacións enerxéticas para garantir a calidade das construcións e promover a adopción destes modelos. Neste sentido, o Concello continuará coa



labor que están levando a cabo na actualidade de **axilización de licenzas** deste tipo de vivendas.

Poderá **proporcionar servizos de asesoramento técnico** para propietarios e profesionais, facilitando información sobre tecnoloxías e materiais sustentábeis. Para isto, podería crearse unha plataforma de recursos en liña para facilitar o acceso a información sobre proxectos de vivendas eficientes.

Sería de interese, unha vez avanzados nos puntos anteriormente descritos, crear **proxectos piloto para demostrar a viabilidade e os beneficios económicos e medioambientais dos novos modelos de vivenda.** Estes proxectos servirían como exemplos prácticos para inspirar e promover a adopción masiva destas construcións na comunidade.

Para acadar un bo resultado, deberá **fomentar a colaboración entre o sector público e privado** para promover o desenvolvemento de vivendas eficientes e pasivas, podendo establecer convenios

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

4.1.1. Dispónse dalgún Plan ou Estratexia de Acción para a Enerxía sostible (PAES) ou instrumento equivalente que estableza obxectivos locais en este ámbito?

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación, infraestruturas e servizos públicos.

coa industria da construción para impulsar a innovación e a adopción destes modelos e facilitando a colaboración con grupos de expertos neste ámbito.

Esta acción é esencial no contexto actual, onde **a construción sostíbel e a eficiencia enerxética son fundamentais para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e crear comunidades máis resilientes e sostíbeis en Carballo.**





## Elaboración dunha estratexia para solventar os problemas de comunicación por transporte público de Carballo con outros municipios da comarca e coas cidades próximas de Santiago de Compostela e A Coruña

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, Concellos veciños e administracións supramunicipais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.2. Potenciar modos de transporte sostibles

Carballo, coa súa **ubicación estratéxica** preto das dúas grandes cidades de Santiago de Compostela e A Coruña, posúe un potencial significativo para ser un lugar atractivo para a poboación que traballa ou frecuenta os concellos veciños, así como para aqueles que consideran establecer a súa residencia nesa zona. A **proximidade a estas dúas cidades principais** ofrece unha serie de vantaxes que poden facer de Carballo un lugar ideal para vivir.

A **boa conexión por transporte público** sería fundamental para potenciar esta vantaxe xeográfica. Un servizo eficiente e ben planificado facilitaría que os residentes de Carballo poidan acceder facilmente ás oportunidades laborais, educativas e culturais destas dúas cidades. Ao mesmo tempo, a poboación doutros concellos próximos ou mesmo das grandes cidades podería **atopar en Carballo un lugar máis accesible e tranquilo para vivir**, sen perder a conexión coas zonas urbanas circundantes.

A situación actual de conexión por transporte público entre Carballo e outros municipios veciños, así como coas cidades próximas de Santiago de Compostela e A Coruña, presenta importantes deficiencias. Estas carencias son o resultado da falta de planificación, escasos recursos e a insuficiente coordinación, especialmente na ruta cara a Santiago de Compostela. Ante esta realidade, é esencial **elaborar unha estratexia integral para abordar esta problemática e mellorar a conectividade do municipio**.

Unha estratexia de transporte público ben deseñada non só beneficiaría á poboación local, senón que tamén **contribuiría ao desenvolvemento económico e social da vila**. A posibilidade de atraer novos residentes e visitantes podería xerar un **crecemento sustentable e diversificado**, fortalecendo a economía local e promovendo a vitalidade da comunidade.

A creación desta estratexia debe ser un **esfuerzo conxunto**, no que **o Concello de Carballo actuará como impulsor e facilitador da relación co órgano competente, neste caso a Xunta de Galicia**. A coordinación e colaboración con este axente é clave para garantir o éxito da estratexia e superar os obstáculos existentes.

Propónse, polo tanto, a creación dun **grupo de impulso e seguimento dedicado especificamente a esta acción**. Este grupo estaría composto por representantes do Concello, outras entidades locais afectadas, operadores de transporte, e calquera

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.2.1. Dispónse dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) na cidade?

5.2.2. Flota de autobuses de baixas emisións ou con combustibles "limpos" adicados ao transporte público urbano.

5.2.3. Número de viaxes en transporte público.

outro actor relevante. A súa función sería **coordinar esforzos, analizar as necesidades específicas de cada zona e establecer solucións axeitadas** para mellorar a comunicación por transporte público.

A estratexia deberá abordar cuestións clave como a **planificación de horarios** para asegurar unha cobertura adecuada e un servizo eficiente. Tamén debe contemplar a posibilidade de **ampliar ou modificar as rutas existentes** para **optimizar a conexión** entre Carballo e outros destinos da comarca e cidades veciñas.

Polo tanto, a través da cooperación entre todas as partes implicadas, será posible **establecer medidas concretas e solucións que beneficien á comunidade no seu conxunto**.





## Planificación dunha rede ciclista e peonil que estructure o rural conectando as parroquias e os espazos litorais

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, Concellos veciños e entidades supramunicipais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.1. Favorecer a cidade de proximidade

En continuidade coa rede ciclista xa creada no termo municipal de Carballo, esta acción propón a **ampliación desta rede ciclista e peonil de cara ao espazo rural**, fomentando a conexión entre as parroquias rurais e cos espazos litorais en Carballo. Este proxecto busca **promover un estilo de vida saudable e activo**, así como **fortalecer o vínculo entre a comunidade local e as contornas naturais da costa**.

Ao facilitar o acceso aos espazos costeiros dende os diferentes puntos do rural, a rede pretende **impulsar a práctica de deportes marítimos**, destacando a relevancia destas actividades na zona. O fácil desprazamento entre as parroquias e os espazos litorais tamén se concibe como un medio para mellorar a **relación das persoas de Carballo coas súas contornas naturais costeiras**.

A iniciativa non só se centra na mobilidade recreativa, senón que tamén pon en valor os espazos protexidos da zona. A través da

creación de itinerarios seguros e atractivos, preténdese **fomentar a exploración consciente destas contornas naturais**, contribuíndo á súa preservación e apreciación.

A incorporación de liñas ciclistas que poidan ser aproveitadas tanto para a mobilidade diaria como para o deporte ciclista busca diversificar os usos desta rede. Ademais, a conexión coa rede de carril bici existente, xunto coa posibilidade de ampliación, permitirá non só a mobilidade branda, senón tamén servirá como **conexión vital entre o núcleo urbano e os espazos rurais**.

Esta medida, complementada coa posibilidade de acceso a través do transporte público, busca ofrecer un abanico completo de opcións de mobilidade, fomentando unha comunidade activa e sostible. Este plan non só busca **mellorar a infraestrutura**, senón tamén **enriquecer a calidade de vida das persoas habitantes de Carballo e reforzar a conexión co seu entorno natural**.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.1.1. Dispónse na cidade de Plans de Transporte ao Traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal dos viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.1.3. Sostibilidade da distribución urbana de mercadorías (última milla).







## Definición dunha estratexia de conexión do rural entre si e co urbano baseada no modelo de transporte a demanda

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións veciñais e sociais.

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.2. Potenciar modos de transporte sostibles

A definición dunha estratexia de conexión do rural entre si e co urbano baseada no modelo de transporte a demanda emerxe como unha **necesidade imperante** en Carballo. A **desconexión de moitas vivendas rurais**, xunto co **desafío do envellecemento** en todo o rural galego, crea barreiras significativas ao uso do coche para moitas persoas, resultando nunha limitación importante para a mobilidade. **A dispersión xeográfica dos asentamentos rurais**, tan propia de Galicia, tamén **complica a viabilidade dun sistema de transporte colectivo convencional**.

Ante esta realidade, a implementación dun servizo de transporte a demanda ofrece un **enfoque flexible e adaptativo**. Inspirándose en experiencias de éxito noutras localidades, o modelo podería consistir nunha **plataforma dixital que permita ás persoas solicitar transporte cando e onde o necesiten**. A través dunha aplicación ou sistema telefónico, os residentes rurais poderían coordinar

desprazamentos personalizados, conectándose non só entre eles, senón tamén co núcleo urbano de Carballo.

Este enfoque non só abordaría a falta de conexión actual, senón que tamén resolvería o problema de mobilidade para aqueles que non poden utilizar o coche de forma independente. Ademais, ao adaptarse ás necesidades específicas da comunidade, o transporte a demanda podería ser unha solución máis eficiente e sostíbel que os métodos tradicionais.

Para implementar esta estratexia, sería crucial establecer **colaboracións con empresas de transporte local ou buscar solucións de tecnoloxía que faciliten a coordinación e xestión eficiente dos desprazamentos**. A sensibilización e participación activa da comunidade tamén serían elementos clave para o éxito deste modelo, creando un sistema de transporte que responda ás necesidades reais dos habitantes rurais de Carballo.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.2.1. Dispónse dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) na cidade?

5.2.2. Flota de autobuses de baixas emisións ou con combustibles "limpos" adicados ao transporte público urbano.

5.2.3. Número de viaxes en transporte público.



## Deseño dunha infraestrutura para alugueiro de bicicletas eléctricas con puntos de recarga para os percorridos dentro do concello e creación de puntos de recarga do vehículo eléctricos

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.1. Favorecer a cidade de proximidade

Esta acción busca promover a **movilidade sostible** e **reducir a pegada ecolóxica no Concello** de Carballo, disuadindo do uso de vehículos a motor e desconxestionando a zona litoral a través da mellora da conexión da costa co núcleo urbano e outras zonas de interese do rural.

Para isto levaranse a cabo unha serie de actuacións:

Desenvolverase un plan detallado para a **implementación dun servizo de alugueiro de bicicletas eléctricas** con estacións de recarga distribuídas estratexicamente en puntos clave do concello. Este plan debe abarcar a selección de modelos de bicicletas eléctricas, a ubicación das estacións de alugueiro, e a integración coa infraestrutura viaria existente.

Ademais, estableceranse **estacións de carga para vehículos eléctricos** para fomentar a adopción deste tipo de transporte ecolóxico.



Realizaranse **campañas de promoción e concienciación** para fomentar o uso de bicicletas eléctricas e vehículos eléctricos informando á comunidade sobre os beneficios medioambientais e económicos deste tipo de transporte, e destacando a relación coa redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Para asegurar a **interconexión e o bo funcionamento conxunto** do transporte público de Carballo deberánse coordinar esta nova infraestrutura coa rede de transporte público existente, facilitando a integración de diferentes modos de transporte para unha mobilidade máis eficiente.

A través desta acción, o concello de Carballo busca non só **ofrecer unha alternativa de transporte sostible**, senón tamén crear unha infraestrutura que promova unha cultura de mobilidade verde e **reduza a dependencia de vehículos convencionais impulsados por combustibles fósiles**.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.1.1. Dispónse na cidade de Plans de Transporte ao Traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal dos viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.1.3. Sostibilidade da distribución urbana de mercadorías (última milla).





## Revisión e actualización da Estratexia de Mobilidade Urbana existente

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades sociais e medioambientais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.1. Favorecer a cidade de proximidade

Carballo dispón na actualidade dun **Plan de Mobilidade Urbana Sostible** datado en 2018. Este plan precisa ser adaptado ás novas necesidades e cambios na dinámica urbana. Esta actualización permitirá avaliar o executado ata o momento presente e engadir novas accións e necesidades.

Esta actualización organizarase en torno a **tres apartados: diagnose, propostas actualizadas e revisión de indicadores.**

Ademais, teranse en conta nesta revisión as seguintes **actualizacións:**

- Creación de **infraestrutura ciclista** co proxecto Ciclando Carballo.
- Novos **centros xeradores de mobilidade.**
- **Novas infraestruturas** realizadas ou en proxecto (rotonda Av. Revolta, vial Polígono - DP1902), etc.
- **Novas zonas peonís** e **cambios na dirección do**

**tráfico** resultantes do Plan director dos Baños Vellos.

- Novos **estacionamentos.**
- **Nova normativa de tráfico** derivada da aprobación por parte da DGT da regulación que afecta aos vehículos de mobilidade personal (VMP), velocidades en casco urbano

Esta actualización levarase a cabo cunha perspectiva feminista, poñendo o foco na **movilidade de coidados dentro do municipio**, con especial atención á vila central estudando os movementos das persoas coidadoras e identificando áreas de atención e necesidade de melloras na infraestrutura para facilitar as súas actividades diarias.

Ademais, poderase levar a cabo un **estudo con perspectiva feminista** no que se identificarán os **puntos negros** onde se perciba inseguridade. O obxectivo será crear unha **movilidade máis inclusiva e segura para todas as persoas**, especialmente para as mulleres, considerando as súas experiencias específicas no espazo urbano.

Esta acción busca asegurar que a estratexia de mobilidade de Carballo sexa **inclusiva, segura e axeitada ás necesidades cambiantes da comunidade**, impulsando unha mobilidade urbana máis sustentable e centrada nas persoas.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.1.1. Dispónse na cidade de Plans de Transporte ao Traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal dos viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.1.3. Sostibilidade da distribución urbana de mercadorías (última milla).

PMUJS 2018







# 5.2.5.

Creación dun sistema intelixente de control e xestión do tráfico e de aparcamentos para reducir prazas de aparcamento nas rúas máis céntricas e fomentar un núcleo urbano de prioridade peonil

#### CARÁCTER

Proxecto

#### PRIORIDADE

Alta

#### PRAZO

Curto prazo

#### ORZAMENTO

Entre 200.000 € a 1.000.000 €

#### AXENTES IMPLICADOS

Concello

#### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.1. Favorecer a cidade de proximidade

Esta acción procura implementar un sistema de **monitorización en tempo real dos aparcamentos disuasorios situados no centro da vila de Carballo**. O obxectivo principal é **fomentar un núcleo urbano de prioridade peonil**, reducindo así a necesidade de buscar aparcamento nas rúas céntricas e mitigando os impactos negativos asociados.

Isto levarase a cabo mediante a utilización da tecnoloxía para **seguir a dispoñibilidade de prazas en tempo real e manter un rexistro actualizado sobre a ocupación destes espazos**. Instalaranse pantallas ou monitores estratéxicos polo centro da vila para visualizar a dispoñibilidade de prazas de aparcamento en cada un dos aparcamentos monitorizados. Esta información estará dispoñible para o público e persoas condutoras, axudando a optimizar a busca de espazos de aparcamento.

Ao proporcionar información en tempo real sobre a dispoñibilidade

de aparcamento, **reducirase a necesidade de percorrer as rúas en busca de espazos libres**. Isto non só facilitará unha experiencia de condución máis eficiente, senón que tamén contribuirá á **redución da contaminación atmosférica** e ao control do tráfico nas rúas céntricas.

A iniciativa promove un **núcleo urbano centrado no peón** ao reducir a dependencia do transporte privado no centro da vila. Establecer prazas de aparcamento intelixentes facilitará o acceso a pé aos comercios, restaurantes e outros puntos de interese, contribuíndo á vitalidade urbana.

Implementar **tecnoloxía sostible e eficiente para o sistema de monitorización** asegurará que a acción sexa respectuosa co medio ambiente, explorando solucións enerxéticas renovables e eficientes para alimentar os dispositivos necesarios para a implementación desta acción.



#### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.1.1. Dispónse na cidade de Plans de Transporte ao Traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal dos viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.1.3. Sostibilidade da distribución urbana de mercadorías (última milla).

A continuación poderán levarse a cabo máis accións de peonalización e **eliminación de prazas de aparcamento nas principais rúas do centro da vila** asegurando que os servizos de aparcamento se atopan cubertos e correctamente xestionados.

A acción busca un equilibrio entre a dispoñibilidade de aparcamento e a **promoción dun núcleo urbano centrado no peón**, contribuíndo á creación dun **entorno urbano máis sostible, accesible e amigable co medio ambiente**.





## Executar a terceira ampliación do polígono industrial

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Máis de 3.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, administración autonómica e entidades económicas do polígono

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica

A execución da terceira ampliación do polígono industrial en Carballo é un paso crucial para **impulsar e soste o sector industrial**, un compoñente esencial da economía local. Actualmente, o polígono industrial atópase preto do límite da súa capacidade de ocupación, xustificando a **necesidade dunha terceira ampliación para acoller novas actividades industriais e expandir o potencial económico do Concello**.

A través do **Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)**, está en marcha o **proxecto de ampliación**, coa **colaboración do polígono e a Asociación Empresarial**. Este proxecto non só ofrece unha oportunidade para incrementar o tecido industrial, senón tamén para **mellorar a interconexión co eixo industrial de Arteixo-A Laracha-Carballo**. A ampliación tamén contempla a creación dunha **nova depuradora** que abarcará todas as áreas industriais do polígono, contribuíndo así á **redución da pegada ecolóxica e ao coidado medioambiental**.

Xunto coa ampliación en si, é esencial **desenvolver novos vías que estruturen a expansión e axuden a desconxestionar as vías actuais**. Esta planificación viaria é crucial para **garantir un acceso adecuado á nova zona industrial** e para mellorar a mobilidade nas zonas adxacentes, optimizando o fluir do tráfico e minimizando o impacto no núcleo urbano.

A terceira ampliación non só posibilitará o crecemento do tecido industrial e económico, senón tamén **xerará novos postos de traballo**, fortalecendo a dinámica laboral do Concello. Ademais, a modernización e expansión do polígono contribuirá á **atracción de novas empresas e investimentos**, consolidando a posición de Carballo como un polo industrial atractivo e competitivo.



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.1.1. Dispónse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e a industria local e de impulso da actividade turística sostible.

En resumo, a execución desta ampliación non só **beneficiará a economía local e o sector industrial**, senón tamén **promoverá o coidado do medio ambiente** con medidas como a nova depuradora.

É unha acción integral que **reforza a posición de Carballo no ámbito industrial**, xerando oportunidades de desenvolvemento e mellorando a calidade de vida da comunidade.





## Resolución da problemática derivada do paso do transporte de mercadorías polo núcleo central

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Incerto en función da solución á que se chegue

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades económicas do polígono industrial

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5: Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.1. Favorecer a cidade de proximidade



A resolución da problemática derivada do paso do transporte de mercadorías polo núcleo central de Carballo require un **enfoque estratéxico e cooperativo coa participación de diversos axentes**. A situación actual reflicte a **falta de vías alternativas para vehículos pesados**, o que resulta nun constante tráfico de máis de cen camións diarios atravesando a capital de Bergantiños. Incluso a reforma no seu momento da arteria principal non logrou evitar o paso de transporte pesado, especialmente

arriscado ao tratarse dun dos 55 municipios galegos afectados polo **tránsito de mercadorías perigosas**, segundo o Plan de Emerxencia aprobado pola Comisión Galega de Protección Civil.

O obxectivo principal é abordar e analizar a situación actual, coñecendo as necesidades e preocupacións de cada parte involucrada. Este diálogo permitirá **trazar unha liña de actuación a futuro**, considerando a **posibilidade de crear unha circunvalación** que desvíe o tráfico de mercadorías do núcleo central de Carballo.

A **colaboración con entidades supramunicipais e, en concreto, coa Xunta de Galicia** será esencial para levar a cabo este proxecto, xa que unha **circunvalación** require planificación e investimentos significativos por parte do goberno autonómico. A acción proposta non só se centra na resolución inmediata do problema, senón tamén na **construción dun marco de colaboración para abordar futuros retos de mobilidade e desenvolvemento sostible**.

Para o plantexamento de solucións terase en conta a posibilidade de **mellora conxunta da loxística do polígono** para optimizar a súa infraestrutura e permitir a **redución das saídas de transporte pesado** do polígono industrial.

En resumo, a resolución desta problemática require un **enfoque cooperativo, diálogo aberto e a planificación de medidas estratéxicas**. A acción proposta busca sentar as bases

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.1.1. Dispónse na cidade de Plans de Transporte ao Traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal dos viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.1.3. Sostibilidade da distribución urbana de mercadorías (última milla).

para a **construción dunha circunvalación ou outras solucións viables** que melloren a circulación de mercadorías, reduzan os riscos asociados e contribúan ao desenvolvemento sustentable de Carballo.





## Elaboración dun Plan de Transporte ao Traballo co polígono industrial

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades económicas do polígono industrial

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

5.1. Favorecer a cidade de proximidade

A creación dun Plan de Transporte ao Traballo co polígono industrial de Carballo constitúe unha medida clave para **mellorar a mobilidade sostible** na zona e facilitar os desprazamentos dos traballadores e traballadoras. Este tipo de plan ten como obxectivo **optimizar os desprazamentos ao polígono industrial dende as áreas de residencia das persoas traballadoras**, fomentando unha mobilidade máis eficiente e sostible.

O Plan de Transporte ao Traballo busca **proporcionar alternativas ao uso do vehículo privado**, promovendo o transporte público, o transporte compartido, o uso da bicicleta ou outros métodos sostibles. A través deste plan, as **empresas localizadas no polígono industrial** poden colaborar co Concello para implementar medidas que faciliten e incentiven o uso de medios de transporte sostibles por parte dos traballadores.

Os beneficios asociados a esta acción son diversos. En primeiro lugar, **reduce a carga de tráfico**

**no entorno do polígono**, contribuíndo así á **diminución da contaminación e mellora da calidade do aire**. Ademais, favorece a **redución de emisións de gases de efecto invernadoiro**, axudando a cumprir obxectivos de sostibilidade ambiental. Ao facilitar o transporte compartido ou o uso do transporte público, tamén contribúe á redución de vehículos nas rúas e ao aforro de enerxía.

Esta acción tamén **fomenta a creación dunha cultura de mobilidade sostible** entre as persoas traballadoras, promovendo hábitos de transporte máis sostibles e reducindo a dependencia do vehículo privado. O Plan de Transporte ao Traballo poderá incluír **incentivos ou facilidades para aquelas persoas que opten por medios de transporte sostibles**, como aparcadoiros para bicicletas ou descontos no transporte público.

En resumo, a elaboración dun Plan de Transporte ao Traballo co polígono industrial busca non só

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5.1.1. Dispónse na cidade de Plans de Transporte ao Traballo (PTT) para racionalizar os desprazamentos aos principais centros de traballo?

5.1.2. Distribución modal dos viaxes (todos os motivos) na área urbana.

5.1.3. Sostibilidade da distribución urbana de mercadorías (última milla).

mellorar a mobilidade, senón tamén **promover prácticas sostibles que redunden en beneficio medioambiental e na calidade de vida da comunidade**.







## Dotación de axudas á dixitalización e mellora da competitividade dos comercios e pequenas empresas da vila

### CARÁCTER

Política

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades económicas do sector comercial

### OBXECTIVO ESTRATÉGICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica

A **dixitalización do pequeno comercio** pode ser clave para afrontar os retos actuais e mellorar a posición destes negocios no mercado. O pequeno comercio en Carballo, de gran importancia para o crecemento económico e de gran relevancia na Comarca, enfronta a **necesidade de adaptarse ás tendencias actuais**, onde a dixitalización xoga un papel fundamental. As empresas que se suman á transformación dixital poden obter vantaxes competitivas significativas, mellorando a súa eficiencia operativa e ofrecendo unha mellor experiencia ao cliente.

A dixitalización dos comercios e pequenas empresas implica a **incorporación de tecnoloxías** como a presenza en liña, o comercio electrónico, a xestión de inventario dixital e a presenza en redes sociais. A través das axudas que proporcionará o Concello, estas empresas poderían acceder a **recursos financeiros e asesoramento especializado para levar a cabo a súa dixitalización**. A adopción de plataformas de comercio en liña

e o uso efectivo das redes sociais poden **abrir novas canles de venda e ampliar o alcance dos negocios locais** a un público máis amplo.

Os beneficios de promover a dixitalización entre os comercios e pequenas empresas son diversos. Non só **permitiría a supervivencia destes negocios no contexto económico actual**, senón que tamén contribuiría ao **desenvolvemento dun ecosistema económico máis resiliente e moderno en Carballo**. Ademais, a dixitalización pode facilitar a **conexión entre comercios locais e consumidores**, fortalecendo a relación coa comunidade e xerando un impacto positivo nas dinámicas comerciais.

Para levar a cabo esta iniciativa, en primeiro lugar, é esencial realizar unha **avaliación do estado actual** das empresas locais en termos de dixitalización e competitividade. Poderían realizarse enquisas ou consultas para comprender as necesidades específicas, os recursos dispoñibles e as áreas de mellora identificadas por parte dos comercios e empresas locais.

A continuación, o Concello podería establecer un programa de **axudas financeiras para apoiar a implementación de medidas de dixitalización**. Isto podería incluír subvencións para a creación de sitios web, desenvolvemento de comercio electrónico, adopción de sistemas de xestión dixital e formación para os comerciantes nas novas tecnoloxías. Ademais, o Concello

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**7.1.1.** Dispónse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

**7.1.2.** Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e industria local e de impulso da actividade turística sostible.

pode colaborar coas empresas locais para ofrecer **asesoramento e recursos técnicos**.

A **creación dunha estratexia de comunicación** para promover a participación e concienciación entre os comerciantes e a comunidade tamén pode ser de gran axuda.

Esta acción non só proporcionaría os recursos necesarios para a dixitalización, senón que tamén establecería un **marco de apoio e colaboración entre o Concello e os comercios locais**. O éxito desta iniciativa dependerá dunha coordinación efectiva, feedback constante e do compromiso de ambas as partes para asegurar que as axudas se adapten ás necesidades reais das empresas locais e impulsen unha **transformación dixital sustentable**.





## Dinamización do espazo do segundo andar do mercado a través dun programa de usos lúdico festivos

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, asociacións culturais e entidades económicas do sector comercial

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a  
economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.1. Buscar a produtividade local, a xeración de emprego e a dinamización e diversificación da actividade económica

A acción de dinamización do espazo do segundo andar do mercado municipal, actualmente en desuso, é unha oportunidade valiosa para **revitalizar este espazo e proporcionar beneficios tanto aos comerciantes como á comunidade local**. O obxectivo principal sería crear un **programa diverso de actividades lúdicas e festivas que atraían a diferentes públicos**.

Este espazo podería converterse nun **punto de encontro animado** ao acoller feiras de segunda man, eventos de artesanía, actividades para nenos e nenas, eventos gastronómicos, actuacións culturais en vivo de teatro, danza ou música, talleres educativos ou outras actividades lúdicas e culturais. A **diversidade de usos** permitiría a participación de comerciantes locais, artesáns e membros da comunidade, creando un ambiente animado e **fomentando a interacción social**.

A celebración de **feiras de segunda man**, por exemplo, podería atraer

visitantes interesados en artigos únicos e contribuir á economía local, mentres que **eventos de artesanía** proporcionarían un escaparate para talentos locais; **as actividades para nenos e nenas** non só atraerían ás familias locais, senón que tamén crearía un ambiente familiar e inclusivo; **os eventos gastronómicos** poderían axudar á promover a gastronomía local e **as actuacións culturais** servirían de espazo para dar a coñecer a cultura feita por persoas carballesas. A **rotación de actividades** no espazo permitiría manter un interese continuo e **atraer distintos públicos en diferentes momentos**.

A dinamización deste espazo tamén tería beneficios directos para os comerciantes existentes no mercado municipal. **Atraer máis visitantes podería xerar maior tráfico de clientes e un aumento nas vendas**. Ademais, a variedade de actividades ofrecería oportunidades para **colaboracións entre os**



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.1.1. Dispónse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e industria local e de impulso da actividade turística sostible.

### comerciantes e os participantes nos eventos.

Para a comunidade local, esta iniciativa non só proporcionaría oportunidades de entretemento, senón que tamén crearía un **punto focal no mercado para encontros sociais e culturais**.

En resumo, esta acción non só aportaría vitalidade ao mercado, senón que tamén beneficiaría os comerciantes locais e fortalecería os lazos comunitarios, **creando un espazo multifuncional no corazón da vila**.





## Deseño dun plan de formación específica asociado ao espazo do FORUM para mellorar a oferta de cursos e clases especializadas enfocadas ao traballo

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades económicas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a  
economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.1. Buscar a produtividade  
local, a xeración de emprego e a  
dinamización e diversificación da  
actividade económica

Dentro desta acción planifícase un **programa integral que maximice o potencial educativo e profesional do FORUM en Carballo**. Esta iniciativa busca non só **aproveitar as excelentes instalacións do FORUM**, senón tamén **adaptar a formación ás necesidades concretas do tecido económico local**.

A clave deste plan radica na **colaboración coas principais entidades económicas do municipio**, como asociacións

de empresarios e a do polígono industrial. A través deste diálogo constante, preténdese identificar **áreas específicas de formación demandadas polo sector empresarial carballés**. Esta aproximación proactiva asegurará que os cursos ofertados no FORUM estean en sintonía coas necesidades reais das empresas locais.

A formación no FORUM, ademais podería servir para **potenciar outros sectores de gran relevancia en Carballo como o deportivo ou o cultural**. A **colaboración coas entidades deportivas e culturais locais** e a integración de formación nesta área contribuirá ao desenvolvemento dunha **oferta diversificada e atractiva**.

Ademais, o plan priorizará a **inclusión social** ao reservar unha porcentaxe de prazas para persoas en risco de exclusión social. Coa colaboración de entidades sociais locais, buscará garantir que a **formación sexa accesible a todas**



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.1.1. Dispónse de plans de mellora da economía e competitividade local, ou instrumentos equivalentes, que recollan actuacións en materia de emprego e actividade económica?

7.1.2. Orzamento das actuacións previstas para a dinamización do comercio e industria local e de impulso da actividade turística sostible.

**as persoas da comunidade, promovendo unha sociedade máis inclusiva e equitativa.**

O enfoque inclusivo estenderase tamén á **mellora dos perfís profesionais das persoas con discapacidade**. A oferta de formación específica para este grupo pretende non só **facilitar a súa integración laboral**, senón tamén contribuir á creación dunha comunidade máis xusta e solidaria.

Este plan de formación, nunha colaboración estreita entre o FORUM, empresas locais e entidades sociais, culturais e deportivas, aspira a converterse nunha ferramenta dinámica e centrada nas necesidades reais da comunidade carballesa, **reforzando así a conexión entre a educación, o traballo e a inclusión social**.





## Emprendemento de accións para o fomento do deporte como motor económico e dinamizador social

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades deportivas e económicas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.2. Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local

Carballo destácase como referente comarcal pola súa **oferta deportiva diversificada e de calidade**, atraendo a persoas doutros municipios. A vila tamén se distingue pola celebración de eventos e competicións de nivel nacional e internacional, representando unha **potencial fonte económica** para o municipio.

A acción proposta busca **capitalizar este potencial**, promovendo a colaboración entre as entidades deportivas locais e os negocios do sector servizos que se poidan ver relacionados coa atracción de persoas aos distintos eventos deportivos. A idea é **crear sinerxias que optimicen os eventos deportivos, beneficiando tanto aos participantes como á economía local**. Esta colaboración podería traducirse na **promoción conxunta de eventos** e a creación de **paquetes turísticos** que inclúan tanto a participación nos eventos deportivos como aloxamento e servizos de hostalería ou comercio local.



Unha estratexia adicional sería **apostar por deportes considerados "minoritarios"** a nivel local, pero que compiten a nivel nacional e internacional. O obxectivo é **diferenciarse ofrecendo unha oferta deportiva única e especializada**, atraendo a un público específico que busca practicar ou seguir estes deportes. Deste xeito, Carballo podería consolidarse como referente nacional nestas disciplinas e **crear unha imaxe de cidade innovadora e especializada no ámbito deportivo**.

A proposta tamén podería contemplar a implementación dun proxecto de **"Healthy City"**, seguindo a definición da Organización Mundial da Saúde (OMS) é un concepto que se refire a un enfoque urbano que **promove e prioriza a saúde e o benestar dos seus habitantes**. Este proxecto tería como obxectivo **posicionar a cidade como un lugar saudable e atractivo para vivir**. A través de iniciativas que promovan o deporte, a actividade física e un estilo de vida saudable,

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.2.1. Disponse de plans específicos de reactivación económica e innovación no ámbito do turismo intelixente, sostible, comercio e industria na cidade ou área urbana?

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos do patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

Carballo podería **atraer a persoas que buscan unha contorna que fomenta o benestar e a saúde**.

En resumo, a acción proposta non só busca **potenciar a relación entre o deporte e a economía local**, senón tamén **diferenciar a oferta deportiva de Carballo**, converténdoa nunha cidade referente en deportes "minoritarios" e **promovendo un estilo de vida saudable que atraia novos residentes e visitantes**.





## Deseño dunha estratexia turística sostible cunha oficina técnica vencellada ao desenvolvemento da mesma

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

150.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades económicas do sector turístico

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.2. Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local

O plan para **mellorar Carballo como destino turístico** busca a **diversificación e desestacionalización da oferta**, así como a **atracción de novas tipoloxías de visitantes**. A estratexia céntrase en **estructurar a oferta turística en torno aos recursos hídricos**, utilizando a auga como eixe central do relato sostible do destino.

Carballo conta con diversos **recursos vencellados á auga**: as súas espectaculares cinco praias, a lagoa de Baldaio, a marisma, as dunas litorais, o río Anllóns, as súas sendas fluviais e litorais, todos estes espazos naturais enfocados tanto ao ocio como ao turismo activo, deportivo e de natureza.

Ademais, Carballo conta cunha moi boa **gastronomía** a restaurar e poñer en valor, de gran relevancia na localidade e con moitas posibilidades como **atractivo turístico**.

O **obxectivo é crear un relato baseado na riqueza das augas**, tanto termais como fluviais e costeiras, para posicionar a

Carballo como un destino turístico competitivo e sostible durante todo o ano.

Para iso, no plan deseñado propoñense unha serie de **"accións que poñan en valor a cultura da auga en Carballo"**:

- Creación e fomento de **ferramentas de mobilidade sostible** como a instalación de bicicletas eléctricas e a mellora de roteiros a pé e en bicicleta que, por unha banda, disuadan de uso dos vehículos e desconxestionen a zona do litoral, e por outro, melloren a conexión da costa co núcleo urbano e outras zonas de interese do rural.
- Implantación de **sinalización dixital** das áreas que se consideren de interese: roteiros, miradoiros, dunas, praias, establecementos de hostalería, balneario, mercados, espazos de lecer...
- Mellora das accións de comunicación e **creación dunha nova marca turística** coa imaxe da auga
- Desenvolvemento de **produtos e experiencias en torno ao turismo azul**
- Accións formativas e **axudas ao sector privado para actuacións concretas de mellora** en temas de dixitalización, eficiencia enerxética, transición verde e mobilidade sostible.
- **Aproveitar algún dos eventos culturais que se foron consolidando no destino e que atraen visitantes fora da**

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**7.2.1.** Dispónse de plans específicos de reactivación económica e innovación no ámbito do turismo intelixente, sostible, comercio e industria na cidade ou área urbana?

**7.2.2.** Número de visitantes atraídos polos activos do patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

**tempada alta**, como os festivais de arte urbana, contidos dixitais e teatro, para crear unha sección ou edición temática sobre a importancia da cultura da auga en Carballo.

- **Aproveitar o segmento surf para accións de turismo inclusivo**

Para iso é prioritario **incentivar a gobernanza cunha relación fluída e de confianza cos principais axentes turísticos do territorio** que son fundamentais para acordar as necesidades que hai tanto a nivel empresarial como de destino. Ademais, é clave a implementación de accións de divulgación e formación que melloren a competitividade das empresas" [Memoria solicitude PSTD Carballo Cultura da Auga].





## Definición dun plan para a dixitalización da sinalización e información turística nos puntos de interese do municipio e na propia oficina de turismo

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Baixa

### PRAZO

Longo prazo

### ORZAMENTO

300.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades culturais e económicas do sector turístico

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a  
economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.2. Fomentar o turismo  
intelixente, sostible e de calidade  
e os sectores clave da economía  
local

Para potenciar o turismo en Carballo e **mellorar a experiencia das persoas visitantes**, propónse a definición dun plan integral de dixitalización. Este plan pretende implantar **sistemas de intelixencia turística** para un mellor coñecemento e xestión dos datos relacionados co turismo, permitindo profundizar no coñecemento do perfil dos visitantes e monitorizar eventos culturais clave en Carballo, como os festivais Rexeneral, Interplay e FIOT.

Ademais da dixitalización da sinalización turística, a acción inclúe medidas para **mellorar a comunicación turística**. Isto implica **desenvolver e mellorar plataformas dixitais**, como sitios Web e aplicacións móbiles, así como unha **axenda dixital actualizada**. As campañas en liña tamén serán un elemento importante para promover Carballo como destino turístico.



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.2.1. Dispónse de plans específicos de reactivación económica e innovación no ámbito do turismo intelixente, sostible, comercio e industria na cidade ou área urbana?

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos do patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

En resumo, este plan busca unha **transformación dixital completa no ámbito turístico de Carballo**, aproveitando as tecnoloxías para atraer visitantes, mellorar a súa experiencia e promover o desenvolvemento sostible do turismo na rexión.





## Deseño e implementación dun proxecto para ordenar e atraer novas potencialidades en torno ao surf

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades deportivas, educativas e culturais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a economía urbana

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.2. Fomentar o turismo intelixente, sostible e de calidade e os sectores clave da economía local

Esta acción configúrase como un proxecto ambicioso e estratéxico para **capitalizar o potencial turístico e deportivo do surf en Carballo**. Carballo ten unha longa traxectoria deportiva en torno ao surf, cunha gran cantidade de persoas que visitan as praias ao longo de todo o ano unha iniciativa privada xa establecida no lugar que busca **posicionar a costa súa como un destino atractivo para as persoas amantes deste deporte**.

Ademais, Carballo pertence á **Rede de Pobos de Surf** xunto coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, Getxo (País Vasco), Ribamontán al Mar (Cantabria) e Castrillón (Asturias). Esta rede pretende ser unha **ferramenta de traballo colaborativo** do turismo de surf de modo integral, que contribúa á **conservación do medio natural**.

Este tipo de turismo non só implica a práctica do surf, senón tamén aspectos como a **cultura, o estilo de vida, e a relación coa**

**natureza e o medio ambiente** e atrae a un público específico que busca experiencias relacionadas co surf. Este segmento de visitantes pode estar disposto a explorar a cultura local, **contribuíndo así á economía local**, especialmente ao sector da hostalería, comercio e servizos turísticos.

Ademais, o turismo de surf tamén pode xerar **máis oportunidades económicas para emprendedores locais** que ofrecen servizos relacionados coa práctica do surf, como escolas de surf, alugueiro de equipamentos, ou establecementos especializados. A celebración de **eventos deportivos de surf de nivel internacional** atraen a día de hoxe a atletas, espectadores e medios de comunicación, amplificando a visibilidade de **Carballo como destino de surf a nivel nacional e internacional**.

O turismo de surf pode ter un impacto positivo na **conservación ambiental**, xa que os surfistas adoitan estar **sensibilizados coa preservación do medio ambiente mariño e participar en iniciativas de sostibilidade**, como é o caso de varias das asociacións que se atopan en Carballo en relación co surf a día de hoxe e que levan a cabo unha labor de concienciación en torno a estes temas de conservación do medio ambiente.

Neste contexto, plantéxase tamén a necesidade de **tomar medidas preventivas para xestionar a afluencia masiva de visitantes** en certos momentos do ano, especialmente nos novos

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.2.1. Dispónse de plans específicos de reactivación económica e innovación no ámbito do turismo intelixente, sostible, comercio e industria na cidade ou área urbana?

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos do patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

desenvolvementos costeiros. A creación de **aparcadoiros** disuasorios e a instalación dun novo aparcadoiro para autocaravanas no Plan Sectorial de Pedra do Sal son parte integral desta acción.

Para abordar a **seguridade** nas praias fronte a gran cantidade de visitantes, inclúranse **servizos de protección civil e renovación de equipamentos** nas zonas costeiras.

En resumo, este proxecto non só fortalecerá o perfil turístico de **Carballo como un destino de surf de primeira categoría**, senón que tamén terá un impacto económico positivo e fomentará a **colaboración entre a administración local, o sector privado e a comunidade surfista**.





**Deseño dun mapa literario con roteiros e guías vencellando aos autores que viviron en Carballo con localizacións xeográficas concretas**

#### CARÁCTER

Proxecto

#### PRIORIDADE

Media

#### PRAZO

Curto prazo

#### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

#### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades culturais

#### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7. Impulsar e favorecer a  
economía urbana

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

7.2. Fomentar o turismo  
intelixente, sostible e de calidade  
e os sectores clave da economía  
local



Esta acción representa unha iniciativa cultural e turística que pode enriquecer significativamente a vida da comunidade e **atraer visitantes interesados na rica historia literaria da zona.**

Un mapa literario é unha **representación visual** que **destaca as localizacións relacionadas con escritores e os seus traballos literarios nunha determinada área.** No caso de Carballo, este mapa podería destacar **lugares asociados con autores locais**

ou que viviron ou pasaron algún tempo no municipio, resaltando as **conexións entre a súa vida e obra coa paisaxe urbana e natural do municipio.**

Esta acción terá varios beneficios. En primeiro lugar, **fomenta o coñecemento e a valoración do patrimonio literario local,** destacando a contribución dos autores de Carballo á literatura galega e universal. Ao destacar os lugares que inspiraron ou foron significativos para estes escritores, crea unha **conexión máis profunda entre a comunidade e a súa herdanza literaria.**

Dende o punto de vista turístico, un mapa literario pode converterse nun atractivo turístico único. As persoas visitantes que teñan interese na literatura ou que simplemente busquen **experiencias culturais distintivas** poderán seguir os roteiros propostos, explorando os lugares que marcaron a vida e obra dos autores locais. Isto non só fomentaría o **turismo cultural,** senón tamén contribuiría á economía local, xa que as persoas visitantes poderían utilizar servizos e establecementos locais ao longo dos roteiros.

Este proxecto tamén pode servir como **plataforma para eventos culturais e actividades relacionadas coa literatura,** como rutas literarias, charlas, presentacións de libros e máis. A comunidade local podería participar activamente nestas iniciativas, fomentando o orgullo e a identidade cultural.

#### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

7.2.1. Disponse de plans específicos de reactivación económica e innovación no ámbito do turismo intelixente, sostible, comercio e industria na cidade ou área urbana?

7.2.2. Número de visitantes atraídos polos activos do patrimonio cultural, natural e paisaxístico.

En resumo, o Deseño dun mapa literario para Carballo é unha acción que podería destacar o **patrimonio literario do municipio** e atraer visitantes interesados nunha experiencia única que **conecta literatura e paisaxe.**





Construción do edificio municipal dedicado ás entidades sociais e articulación dunha estratexia conxunta das distintas asociacións e o Concello para optimizar os recursos

#### CARÁCTER

Proxecto

#### PRIORIDADE

Alta

#### PRAZO

Medio prazo

#### ORZAMENTO

Entre 1.000.000 € e 3.000.000 €

#### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades sociais

#### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

#### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade

As entidades de carácter social de Carballo disporán, a curto prazo, dun espazo de traballo común ubicado no que eran as antigas casas dos mestres. Neste lugar se levantará un novo edificio que buscará, non só albergar estes servizos de primeira necesidade, senón tamén **facilitar a colaboración entre todas as entidades** que aquí se ubiquen.

A parcela, cun total de 2.176 m<sup>2</sup> de superficie, conterá, ademais das edificacións necesarias para albergar o uso determinado, unha praza pública de 1.012 m<sup>2</sup> para uso e disfrute de toda a cidadanía. **A edificación resultante no proxecto será escalonada**, adaptada á trama urbana existente, mellorando as condicións de asolamento e facilitando a accesibilidade de tódalas súas zonas, tal e como se amosan nas imaxes presentadas no "Plan Especial de Reforma Interior nº2 Casas dos Mestres".

Acompañando a este proxecto de edificación crearase un **órgano de**

**colaboración entre as entidades sociais** que permitirá crear unha **axenda dos recursos do ámbito social** na súa totalidade e favorecerá a relación entre entidades para **traballar de maneira conxunta e favorecer a colaboración**.

Este órgano poderá precisar de axuda no seu momento inicial para a **creación e dinamización do grupo de traballo a través de talleres ou cursos**.

Unha vez consolidado, **este grupo pode xerar moitas sinerxías entre entidades** que permitirán mellorar o papel das entidades sociais no termo municipal, **achegando os seus servizos a persoas ou incluso lugares que, na actualidade, se atopan en situación de necesidade** pola falta de recursos.

Este é o caso das **persoas do rural**, que precisan dunha atención individualizada que podería levarse a cabo de maneira conxunta entre as distintas entidades sociais que operan nese territorio.

#### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6.2.1. Dispónse dun Plan ou Estratexia a nivel local para garantir a igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado de traballo e a vida pública en condicións de igualdade?

6.2.2. Dispónse dun Plan ou Estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá de vulnerabilidade/exclusión social?

6.2.3. Orzamento previsto en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades dende o punto de vista social, económico e ambiental.







## Deseño dun plan de accesibilidade para asegurar a accesibilidade universal nos espazos de relación e dotacións públicas de Carballo

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Curto prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades sociais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2. Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

2.3. Garantir a calidade e a accesibilidade dos espazos públicos

Este plan busca asegurar a accesibilidade universal nos espazos públicos de Carballo, unha iniciativa crucial para **garantir que todas as persoas, independentemente das súas capacidades físicas ou condicións, poidan acceder e utilizar os servizos públicos e participar plenamente na vida comunitaria.**

A accesibilidade universal implica a **creación de contornas e instalacións que son utilizables por todas as persoas**, incluíndo aquelas con discapacidades físicas, sensoriais ou cognitivas. No contexto dos espazos públicos, isto pode incluír a adaptación de beirarrúas, rampas de acceso, instalación de elevadores ou plataformas en edificios públicos, e a incorporación de elementos como sinais visuais e auditivos para facilitar a orientación.

A necesidade deste plan radica en asegurar que Carballo sexa un lugar inclusivo e accesible para toda a súa cidadanía. As persoas con discapacidades deben poder gozar



plenamente dos espazos públicos, participar en eventos comunitarios e acceder ás dotacións públicas sen restricións innecesarias.

Ao desenvolver este plan, o Concello pode realizar **auditorías de accesibilidade nos espazos públicos existentes**, identificando áreas de mellora e priorizando as intervencións necesarias. Tamén pode establecer **normativas e estándares** para garantir que os novos proxectos de construción e renovación cumpran coas directrices de accesibilidade universal.

Ademais, é esencial **involucrar á comunidade**, especialmente ás persoas con discapacidades e ás entidades sociais que traballan con estas persoas no proceso de deseño e implementación do plan. **A súa participación asegurará que as solucións propostas aborden as necesidades reais e específicas da comunidade local.**

Este plan non só contribuirá á inclusión das persoas con discapacidades, senón que tamén

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

2.3.1. Dispónse dun plan de mellora do espazo público, que identifique os problemas e programe actuacións para garantir a accesibilidade universal e a redución do ruído?

2.3.2. Superficie de solo destinado a espazos públicos urbanizados, sobre a que se van realizar actuacións de mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

2.3.3. Superficie de solo destinado a espazos públicos nos que se levarán a cabo actuacións para a redución do ruído e mellorar o confort acústico.

**mellorará a calidade de vida** de todas as persoas habitantes de Carballo, **creando un entorno máis accesible e amigable para todas.**





## Creación dun foro de información e participación sobre novas formas de tenza de vivenda baseadas no cooperativismo

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Baixa

### PRAZO

Longo prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello, comunidades de propietarios e asociacións veciñais

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

8. Garantir o acceso á vivenda

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

8.1. Fomentar a existencia dun parque de vivenda adecuado a prezo accesible.

Esta iniciativa procura promover unha **alternativa sostible e participativa para a adquisición e xestión de vivendas no municipio**. Este foro funcionaría como un **espazo de intercambio de información e experiencia entre a poboación interesada en explorar modelos cooperativos de vivenda**.

O cooperativismo de vivenda implica que un grupo de persoas se unen para **desenvolver e xestionar conxuntamente proxectos habitacionais e de servizos**. Este enfoque posúe vantaxes significativas, como a **redución dos custos para os membros, a participación activa na toma de decisións** relacionadas co proxecto e a **creación dunha comunidade máis unida e interxeracional**.

Ao establecer este foro, o Concello de Carballo proporcionará unha plataforma onde a cidadanía interesada en formar cooperativas de vivenda poidan informarse sobre os procesos, compartir experiencias, e coller ideas de proxectos exitosos

doutros lugares. Este intercambio de coñecementos podería axudar a **crear unha cultura cooperativa máis forte na comunidade**.

Ademais, o Concello poderá desempeñar un papel activo ao **facilitar recursos, información legal e asesoramento técnico** aos grupos interesados en crear cooperativas de vivenda. Poderá tamén establecer incentivos, axilidade nas licenzas ou axudas específicas para proxectos cooperativos que promovan a accesibilidade á vivenda e a sostibilidade.



### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

8.1.1. Dispónse dun plan de vivenda local que favoreza a existencia dun parque público e privado de vivenda adecuado á demanda e impulse en particular a vivenda en alugueiro a prezos accesibles?

8.1.2. Número de vivendas suxeitas a réximes de protección incluídas nos plans locais de vivenda.

8.1.3. Número de vivendas destinadas a alugueiro social a prezo accesible.

A creación deste foro non só fortalecería a comprensión da comunidade sobre as vantaxes do cooperativismo de vivenda, senón que tamén podería **catalizar a formación de novas cooperativas na zona**. Ao fomentar un modelo de vivenda que prioriza a **participación comunitaria e a equidade**, Carballo estaría promovendo unha **forma máis xusta e sustentábel de desenvolvemento urbano**.





## Programa de conciliación para a revisión dos horarios e a programación de actividades extraescolares integradoras para a mocidade en colaboración coas entidades do territorio

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades culturais, sociais e deportivas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade

Adiá de hoxe, a **falta de conciliación entre as responsabilidades familiares e laborais** representa un desafío significativo para moitas familias. Os **horarios escolares** e a falta en determinados casos de **actividades extraescolares** poden ser incompatibles cos horarios laborais das persoas coidadoras. Ademais, a **limitada oferta de programas integradores** pode excluír a participación de nenos con diferentes necesidades e intereses.

A implementación deste novo programa ofrecerá beneficios significativos para a comunidade. Ao proporcionar **horarios adaptados e actividades variadas**, permitirá unha conciliación máis efectiva, aliviando a presión sobre as familias e **facilitando a participación dos nenos e nenas en actividades enriquecedoras**. Ademais, a **inclusividade e diversidade de opcións** promoverán unha maior participación e integración social, creando un ambiente máis enriquecedor e equitativo para a mocidade de Carballo.

Este programa levarase a cabo en **colaboración coas entidades do territorio**, abrangendo tanto ao ámbito deportivo como ao cultural.

A **colaboración coas entidades deportivas** do municipio será fundamental para ofrecer unha variedade de actividades físicas e deportivas. A **creación dun portal Web conxunto** no que se amosen todas as actividades deportivas dispoñibles en Carballo facilitaríaa **difusión destas actividades**, proporcionando unha plataforma centralizada para que as familias poidan acceder a información sobre as diferentes opcións dispoñibles.

Ademais, o programa poderá incluír **campañas de difusión en colaboración cos colexios**, organizando eventos como a **gala do deporte** ou o día do deporte para **presentar as actividades e involucrar á comunidade escolar**. As actividades conxuntas coas entidades deportivas para os escolares, tanto extraescolares como integradas na programación, promoverían a **participación activa e o interese polos deportes**.

A **colaboración coas entidades culturais** permitirá ampliar a oferta a través de actividades culturais, dotando de máis diversidade a este programa de actividades extraescolares e fomentando o interese cultural dos máis pequenos.

Para garantir a inclusividade, o programa ofrecerá **formación lúdica e inclusiva**, asegurando que **todas as actividades sexan accesibles para os nenos e nenas con diferentes habilidades e necesidades**.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6.2.1. Dispónse dun Plan ou Estratexia a nivel local para garantir a igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado de traballo e a vida pública en condicións de igualdade?

6.2.2. Dispónse dun Plan ou Estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá de vulnerabilidade/exclusión social?

6.2.3. Orzamento previsto en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades dende o punto de vista social, económico e ambiental.

En resumo, este programa busca non só **facilitar a conciliación familiar e laboral**, senón tamén **enriquecer o tempo libre dos nenos e nenas de Carballo**, ofrecendo unha gama diversificada de **actividades que promovan o deporte, a cultura e a inclusión**.





## Deseño dun programa de formación e actividades de apoio a persoal escolar, asociacións e escolares para mellorar a inclusión das persoas con necesidades especiais e prevención do acoso en tódolos ámbitos

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Alta

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 15.000 € e 50.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades educativas, culturais, sociais e deportivas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade

A situación actual nos centros escolares reflicte unha **necesidade de abordar a inclusión das persoas con necesidades especiais e previr o acoso** en tódolos ámbitos educativos. Este desafío complexo require unha **atención específica e especializada** para asegurar que os escolares, o persoal escolar e as asociacións que traballan con nenos e nenas sexan parte activa da **creación dun ambiente seguro e inclusivo**.

Este programa emerxe como resposta integral a esta problemática, buscando proporcionar ao persoal escolar e ás asociacións **as ferramentas necesarias para mellorar a inclusión e previr o acoso**. As actividades de formación, planificadas de maneira integral, incluírán **seminarios e obradoiros especializados** que aborden as cuestións da diversidade, promovendo a sensibilidade cara ás necesidades especiais e ofrecendo **estratexias efectivas de prevención do acoso**.



Un aspecto esencial deste programa é a **participación activa dos escolares**, quen serán capacitados para xogar un papel clave na creación dun ambiente educativo saudable e respectuoso. As actividades específicas para os escolares irán dirixidas á **promoción da empatía, o respecto á diversidade e a construción de habilidades sociais para fomentar a inclusión**. Ao mesmo tempo, as accións de apoio proporcionarán recursos adicionais para asegurar unha implementación efectiva das estratexias aprendidas.

Para levar a cabo esta acción partírase dun diálogo coas **entidades sociais do municipio** que tratan a diversidade de maneira diaria para que colaboren

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6.2.1. Dispónse dun Plan ou Estratexia a nivel local para garantir a igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado de traballo e a vida pública en condicións de igualdade?

6.2.2. Dispónse dun Plan ou Estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá de vulnerabilidade/exclusión social?

6.2.3. Orzamento previsto en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades dende o punto de vista social, económico e ambiental.

na creación deste programa de formación aportando unha visión da situación actual do municipio e das necesidades que se atopan na operativa diaria en estes temas.

Este programa non só aborda os problemas inmediatos de inclusión e acoso nos centros escolares, senón que tamén **promove un cambio cultural**. Ao crear unha comunidade educativa máis consciente e colaborativa, contribuirá a **transformar os centros escolares nun lugar onde cada estudante se sinte valorado, respectado e incluído**.





## Emprendemento de obras de mellora da infraestrutura dos colexios e implantación de patios inclusivos que permitan a diversidade de actividades para o xogo de todas as persoas

### CARÁCTER

Programa

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 200.000 € e 1.000.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades educativas, sociais e deportivas

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade

A necesidade de emprender obras de mellora nos colexios en Carballo é un paso esencial para **garantir un ambiente educativo seguro, cómodo e axeitado para o proceso de ensino-aprendizaxe.**

É crucial abordar a situación da **reforma das infraestruturas** dos centros educativos que se atopan en peores condicións, tanto internas como externas, con especial énfase nas **escolas do rural**, que con frecuencia se atopan con maiores necesidades de reforma.

Por outro lado, e complementariamente ás reformas que se fagan nos centros educativos, deben emprenderse **reformas dos espazos de xogo e lecer** dos escolares, asegurando un **xogo inclusivo e equitativo.**

Segundo diversos estudos e observacións en centros educativos, a **diferencia no uso do espazo dos patios de xogo dos colexios entre nenos e nenas** é un fenómeno que require atención. A pesar dos esforzos por promover a igualdade de xénero, observáronse patróns de comportamento que indican

que **os nenos e as nenas tenden a participar en actividades diferentes ou utilizan o espazo de maneira desigual.**

Os datos tamén indican que os patios de xogo adoitan ter áreas de recreo e xogos que **non están deseñadas para ser inclusivas ou adaptadas a diferentes habilidades físicas**, o que pode levar á exclusión involuntaria de estudantes con necesidades específicas.

Estas diferenzas no uso do espazo dos patios poden contribuir á **perpetuación de estereotipos de xénero e dificultar a creación dun ambiente verdadeiramente inclusivo e igualitario.**

Para solucionar este problema e crear un ambiente máis inclusivo, propónse a **implantación de patios inclusivos** que permitan a **diversidade de actividades para o xogo de todas as persoas.** Estes patios inclusivos buscan garantir que todas as persoas, independentemente do xénero ou habilidades físicas, poidan participar plenamente nas actividades recreativas.

A través da incorporación de **zonas de xogo inclusivas**, como espazos de xogo sensorial e xogos adaptativos, os patios poden converterse en lugares onde cada estudante se sinte cómodo e capaz de participar. Estas reformas non só benefician á **inclusión con perspectiva de xénero**, senón tamén á **diversidade de habilidades e necesidades específicas.**

A implementación de patios inclusivos tamén ten a capacidade

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

**6.2.1.** Dispónse dun Plan ou Estratexia a nivel local para garantir a igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado de traballo e a vida pública en condicións de igualdade?

**6.2.2.** Dispónse dun Plan ou Estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá de vulnerabilidade/exclusión social?

**6.2.3.** Orzamento previsto en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades dende o punto de vista social, económico e ambiental.

de **promover a socialización e o traballo en equipo entre o estudiantado**, contribuíndo ao **desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais.** Estudos e experiencias en desenvolvemento indican que os patios inclusivos teñen resultados positivos no benestar emocional do estudiantado.

Para avanzar neste proxecto, será fundamental a **colaboración estreita coas ANPAs e as directivas de cada centro educativo.** Esta colaboración permitirá **adaptar as reformas ás necesidades específicas de cada escola** e asegurar unha implementación eficaz. Coa integración de patios inclusivos, Carballo poderá ofrecer un **ambiente educativo máis enriquecedor, igualitario e adaptado á diversidade.**





## 7.2.4. Posta a disposición da mocidade (en idades entre 13 e 18 anos) dun espazo lúdico de reunión asociado a un Consello da mocidade

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades xuvenís

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade

A falta de espazos públicos adaptados ás necesidades específicas da mocidade é unha problemática xeneralizada, e reflicte unha **necesidade fundamental de proporcionar á xente nova espazos onde poidan socializar, expresarse e participar activamente na súa comunidade.**

Hai unha carencia xeneralizada de instalacións públicas deseñadas pensando nas **necesidades recreativas e sociais da mocidade.** En moitos casos,



as zonas recreativas existentes non contemplan as preferencias ou actividades que interesan particularmente á xente nova, o que pode resultar nunha falta de identificación e compromiso coas áreas públicas existentes.

Para abordar as súas necesidades específicas, propónse a **creación dun espazo de reunión para a mocidade.** Esta iniciativa busca abordar a falta de lugares específicos para a mocidade no municipio, onde poidan **relacionarse e desenvolver actividades adaptadas aos seus intereses.**

O espazo de reunión estará asociado a un **Consello da Mocidade**, que terá a responsabilidade de **xestionar e dinamizar o local.** Este Consello permitirá que os propios mozos e mozas **participen activamente na toma de decisións** que lles afectan, asegurando unha **maior representatividade e participación da mocidade no ámbito local.**

O local ofrecerá un **ambiente controlado** onde a mocidade poderá levar a cabo diversas actividades, desde **reunións e encontros sociais ata eventos de todo tipo.** A diversidade de usos dependerá dos intereses e necesidades dos propios membros do Consello da Mocidade, permitíndolles expresar as súas preferencias e contribuir á **creación dun espazo adaptado aos seus gustos.**

O Consello da Mocidade tamén pretende fomentar unha **maior autonomía e autoxestión entre a xente nova**, incentivándoos a involucrarse nas cuestións que

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6.2.1. Dispónse dun Plan ou Estratexia a nivel local para garantir a igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado de traballo e a vida pública en condicións de igualdade?

6.2.2. Dispónse dun Plan ou Estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá de vulnerabilidade/exclusión social?

6.2.3. Orzamento previsto en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades dende o punto de vista social, económico e ambiental.

lles afectan directamente. Este Consello non só actuará na xestión do espazo de reunión, senón tamén na **defensa dos intereses da mocidade** en distintos ámbitos do municipio.

A medida busca, en última instancia, crear unha comunidade máis inclusiva e participativa, onde **a mocidade se sinta valorada e teña un papel activo na configuración do seu propio entorno.**





## Creación dun espazo de relación e asociacionismo de referencia para a mocidade en idades superiores aos 18 anos vencellado a un programa de usos

### CARÁCTER

Proxecto

### PRIORIDADE

Media

### PRAZO

Medio prazo

### ORZAMENTO

Entre 50.000 € e 200.000 €

### AXENTES IMPLICADOS

Concello e entidades xuvenís

### OBXECTIVO ESTRATÉXICO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

5. Fomentar a cohesión social e buscar a equidade

### OBXECTIVO ESPECÍFICO AUE

6.2. Buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade

A creación deste espazo cívico para a mocidade en idades superiores aos 18 anos é unha iniciativa estratéxica para **apoiar o desenvolvemento persoal e profesional da mocidade adulta de Carballo**. Este espazo serviría como punto de encontro para aquelas persoas que xa superaron a etapa adolescente, proporcionándolles un lugar onde poidan **participar en actividades culturais, formativas e asociativas**.

Ao igual que nas accións anteriores, a creación deste espazo debe abordar a **falta de lugares axeitados para a mocidade** pero, neste caso, en idades superiores aos 18 anos. Moitas veces, despois desta etapa, as opcións de espazos específicos dispoñibles para a mocidade diminúen significativamente, o que pode levar a que esta franxa de idade careza dun **lugar onde desenvolver as súas inquietanzas e intereses específicos**.

Este novo espazo cívico e cultural deseñárase coa **participación**

**activa da propia mocidade adulta**, asegurando que responda ás súas necesidades e aspiracións. Ademais de servir como punto de encontro, tamén debería **promover o asociacionismo**, facilitando a **creación de grupos ou clubs** relacionados con áreas como a formación profesional, a capacitación ou o desenvolvemento persoal e comunitario.

Fomentar o asociacionismo nesta etapa é crucial para asegurar unha **comunidade activa e participativa**. A través de programas e actividades específicas, o espazo pode axudar a **impulsar o desenvolvemento persoal e profesional deste grupo poboacional**, ofrecendo oportunidades para o **aprendizaxe continuo**, o **networking** e a **colaboración en proxectos comúns**.

En resumo, a creación deste espazo cívico e cultural debe entenderse como un **investimento no futuro da mocidade de Carballo**, proporcionándolles un lugar onde poidan continuar medrando, aprendendo e colaborando **nun ambiente que responde ás súas necesidades específicas nesta etapa da súa vida**.

### INDICADORES DE SEGUIMENTO AXENDA URBANA ESPAÑOLA

6.2.1. Dispónse dun Plan ou Estratexia a nivel local para garantir a igualdade de oportunidades, o acceso ao mercado de traballo e a vida pública en condicións de igualdade?

6.2.2. Dispónse dun Plan ou Estratexia que leve a cabo protocolos de detección temperá de vulnerabilidade/exclusión social?

6.2.3. Orzamento previsto en actuacións destinadas a garantir a igualdade de oportunidades dende o punto de vista social, económico e ambiental.







